

3**Dinamismo do tecido produtivo****3.1.****Estrutura produtiva****3.2.****Demografia empresarial****3.3.****Sector exterior**

3.1. Estrutura produtiva


Ao longo do ano 2019 continúa a ralentización no ritmo de crecemento da economía galega ao presentar o PIB unha taxa de variación interanual do 1,8%, catro décimas menos que no ano anterior. As contas económicas trimestrais (IGE) reflicten que no último ano o sector servizos é o que presenta a taxa de crecemento interanual máis elevada, cun 2,7%, oito décimas máis que no ano anterior; superando á construción cun 2,6%, dous puntos menos que en 2018. O sector industrial, influenciado polo comportamento dos sectores enerxéticos e extractivos no seu conxunto, presenta unha contracción do 1,3%, cando no ano anterior medrara un 3,8%. Finalmente, o VEB xerado polo sector primario aumenta un 0,2% respecto ao xerado en 2018, o que contrasta coa caída rexistrada no ano anterior.

O devandito comportamento da economía galega trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha medra do número de postos de traballo equivalente a tempo completo do 1,2%, un punto porcentual por baixo do experimentado nos dous anos anteriores. Ao igual que no ano anterior a rama agraria e pesqueira presenta unha diminución do emprego, desacelerando o seu ritmo de creación nos outros tres grandes sectores

de actividade. Dunha banda, a construción presenta novamente o maior ritmo de crecemento do número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, cun 2,4% (3,8% no ano anterior), seguido polo sector servizos, cun 1,4% (2,5%). A maior ralentización expriméntase no eido industrial, que medra un 1% fronte ao 2,7% de 2018. Pola contra, o emprego no sector primario redúcese un 1,6%, dous puntos menos que no ano precedente.

Segundo os datos das Contas económicas trimestrais do IGE, no ano 2019 o sector servizos xeraba o 63% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 15,5% do PIB (11,9% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 6,9% e o 4,7% do PIB, respectivamente. O 9,9% restante corresponde aos impostos netos sobre os produtos.

Ao longo do presente capítulo analizaremos a estrutura produtiva galega, presentando os principais datos de cada sector económico dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego, aportando, na medida que sexa posible, datos das actividades máis importantes dentro de cada sector.



3.1. mapa 1.

A modo de introdución, e antes de analizar cada un dos sectores produtivos de Galicia, cómpre facer mención ao **mapa 1** que recolle a especialización sectorial das comarcas galegas segundo os datos recollidos nas contas anuais do IGE.


En dezaoto comarcas galegas o sector predominante é o sector primario e once comarcas teñen especialización produtiva no sector enerxético (Eume, Ordes, Noia, Chantada, Baixa Limia, O Ribeiro, Terra de Caldeas, Terra de Celanova, Terra de Trives, Viana e A Paradanta). Asemade, dúas comarcas, Bergantiños e O Carballiño, teñen especialización produtiva no sector da construción, en tanto que a comarca da Coruña pre-

senta especialización relativa no sector do comercio, transporte e hostalería.

No eido industrial, as comarcas de Ortegal, A Fonsagrada, Quiroga, Sarria, Valdeorras e O Baixo Miño presentan unha especialización produtiva no sector da extracción e fabricación doutros minerais non metálicos; Betanzos, Ferrol, Santiago, O Sar, Lugo, Pontevedra e Tabeirós-Terra de Montes unha especialización no sector da madeira; as comarcas do Barbanza, O Condado e O Morrazo están especializadas no sector industrial agroalimentario; e Fisterra, A Mariña Occidental, Caldas e O Salnés no sector da metalurxia, produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria.

PIB e emprego 2018-19: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2018	2019	2018	2019
	<i>(taxas de variación interanuais)</i>			
Total	2,2	1,8	2,2	1,2
Ramas agraria e pesqueira	-1,9	0,2	-3,6	-1,6
Ramas industriais	3,8	-1,3	2,7	1,0
Construción	4,6	2,6	3,8	2,4
Servizos	1,9	2,7	2,5	1,4
Impostos netos sobre os produtos	1,9	1,1		



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 4-03-2020)

(2) postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*


3.1.1.

O crecemento do VEB do sector primario en 2019 ven acompañado dunha redución no volume de emprego que, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, acada os 71.042 postos de traballo, 1.163 menos que no ano anterior (-1,6%). A Enquisa de Poboación Activa reflicte, ao igual que no ano anterior, unha caída da poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura) que acolle en Galicia a 66.700 persoas no último ano, 1.300 persoas menos

que no ano anterior. Esta redución no número de ocupados rexístrase tan só na rama de agricultura, gandería, caza e silvicultura (2.400 persoas ocupadas menos), presentando a pesca e acuicultura unha medra da ocupación. A achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado mantense no 8,4%, representando en 2013 o 10,1% (11,7% en 2008).

O sistema de contas económicas de Galicia proporciona unha serie de indicadores que permiten describir con

VEB e emprego no sector primario (1) (2)




(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 4-03-2020)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais

3.1.2.

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2017



Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia

3.1.3.

Indicadores derivados para o sector primario.

	2000	2008	2015	2016	2017
Capacidade de crear valor (VEB/Producción) (%)					
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	55,8	53,9	51,1	52,8	52,1
Total economía	47,4	45,0	47,3	48,1	46,5
Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) (%)					
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22,9	21,6	21,6	22,4	22,5
Total economía	45,8	46,4	44,6	44,1	43,8
Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) (%)					
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	16,4	27,9	38,9	37,8	36,9
Total economía	76,1	83,2	84,1	84,2	83,9
Produtividade aparente do traballo por hora efectiva (euros)					
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,2	12,3	17,8	16,8	15,9
Total economía	16,9	25,6	29,6	30,3	30,9
Remuneración por hora efectiva asalariada (euros)					
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7,1	11,5	10,8	11,1	10,9
Total economía	10,8	15,0	16,5	16,7	16,9

Nota: Revisión Estadística 2019. Os datos son provisionais

Fonte: IGE. *Contas Económicas de Galicia*.

3.1.4.

maior profundidade o sector primario galego, así como situalo no contexto da economía galega.

Entre os indicadores derivados, **cadro 3.1.5.**, cómpre salientar en primeiro lugar a capacidade para crear valor (VEB/producción), que se define como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, isto é, analiza a utilización de insumos no proceso produtivo. No sector primario en Galicia, esta rateo indica que de cada 100 euros de produción, se xeran en 2017 (último ano dispoñible) 52,1 euros de valor engadido, un valor moi superior ao nivel medio da economía (46,5 euros), o que indica que as actividades deste sector económico son intensivas en traballo pero menos dependentes de inputs para a produción.

A produtividade do factor traballo por hora efectiva no sector primario en Galicia redúcese por segundo ano consecutivo acadando os 15,9 euros (16,8 euros no ano anterior). Con todo, cómpre resaltar que esta produtividade non só é moi inferior á do conxunto da economía galega no ano 2017 (30,9 euros) senón que o diferencial aumenta de xeito importante nos dous últimos anos. En 2017 este diferencial situábase en 15 euros fronte aos 13,5 do ano anterior e os 11,8 euros de 2015 (13,3 euros en 2008).

A pesar de ser un sector intensivo en traballo, a parte

do valor xerado destinado a pagar salarios é do 22,5% fronte ao 43,8% de media na economía galega. Ao igual que acontece coa produtividade, esta porcentaxe aumenta nos dous últimos anos, pasando do 21,6% en 2015 aos devanditos 22,5% de 2017 (21,6% no ano 2008).

A remuneración media do traballo asalariado no sector primario é de 10,9 euros por hora en 2017, seis euros menos que a remuneración media en Galicia, e que a taxa de asalarización do sector primario, medida como a relación porcentual entre os postos de traballo asalariado e os postos de traballo totais, ascende ata o 36,9%, 47 puntos menos que a media da economía en Galicia (27,9% ao comezo da crise económica).

Un aspecto que afecta de xeito directo a gran parte das actividades do sector é a distribución xeral da terra (**cadro 3.1.5.**). A superficie agraria útil (SAU) descende lixeiramente ata as 814.876 hectáreas (3.020 menos que no ano anterior) por mor da caída en 9.369 hectáreas da superficie cultivada (-2,5%), o que contrasta co incremento da superficie dedicada a prados e pasteiros (6.349 hectáreas máis; 1,4%). Tras esta evolución, en 2019 a SAU representa en Galicia o 27,6% da súa superficie xeográfica, porcentaxe que se sitúa moi por baixo da media estatal, cun 49,9%. Esta diferenza explícase fundamentalmente pola importancia relativa da super-

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2019

	Galicia			España			Galicia / España
	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(en ha.)	(% / total)	(% / sup. agraria útil)	(%)
Superficie Agraria Útil	814.876	27,6	100	25.269.036	49,9	100	3,2
Superficie cultivada	359.707	12,2	44,1	16.985.275	33,6	67,2	2,1
Cereais gran	31.986	1,1	3,9	6.143.006	12,1	24,3	0,5
Leguminosas gran	909	0,0	0,1	364.703	0,7	1,4	0,2
Tubérculos consumo humano	12.258	0,4	1,5	57.436	0,1	0,2	21,3
Industriais	0	0,0	0,0	955.331	1,9	3,8	0,0
Forrageiras	225.123	7,6	27,6	976.397	1,9	3,9	23,1
Hortalizas e flores	2.631	0,1	0,3	243.685	0,5	1,0	1,1
Barbeitos	18.806	0,6	2,3	2.824.893	5,6	11,2	0,7
Frutais cítricos	191	0,0	0,0	307.560	0,6	1,2	0,1
Frutais non cítricos	19.182	0,6	2,4	1.201.569	2,4	4,8	1,6
Viñedos	25.189	0,9	3,1	967.234	1,9	3,8	2,6
Olivares	20	0,0	0,0	2.733.620	5,4	10,8	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	-	43.502	0,1	0,2	-
Viveiros	529	0,0	0,1	21.676	0,0	0,1	2,4
Invernadoiros baleiros	29	0,0	0,0	34.510	0,1	0,1	0,1
Hortos familiares	22.854	0,8	2,8	110.151	0,2	0,4	20,7
Prados e pasteiros	455.169	15,4	55,9	8.283.762	16,4	32,8	5,5
			(% / sup. forestal)			(% / sup. forestal)	
Superficie forestal	1.822.401	61,6	100	19.424.750	38,4	100	9,4
Chopo	1.082	0,0	0,1	122.086	0,2	0,6	0,9
Coníferas	312.317	10,6	17,1	5.608.668	11,1	28,9	5,6
Fronchosas crecemento lento	325.450	11,0	17,9	4.507.936	8,9	23,2	7,2
Fronchosas crecemento rápido	286.413	9,7	15,7	698.032	1,4	3,6	41,0
Coníferas e frondosas	271.193	9,2	14,9	1.791.248	3,5	9,2	15,1
Matorral	625.942	21,2	34,3	6.684.050	13,2	34,4	9,4
			(% / outras sup.)			(% / outras sup.)	
Outras superficies	320.365	10,8	100	5.901.789	11,7	100,0	5,4
Erial	-	-	-	842.352	1,7	14,3	-
Espartizal	-	-	-	228.044	0,5	3,9	-
Baldío	48.909	1,7	15,3	897.334	1,8	15,2	5,5
Improdutivo	33.946	1,1	10,6	817.539	1,6	13,9	4,2
Non agrícola	219.144	7,4	68,4	2.478.243	4,9	42,0	8,8
Augas interiores	18.366	0,6	5,7	638.276	1,3	10,8	2,9
Superficie total	2.957.641	100		50.595.575	100		5,8

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

3.1.5.

ficie cultivada que en Galicia é do 12,2% fronte ao 33,6% no conxunto do Estado, en tanto que os prados e pasteiros representan o 15,4% (16,4% en España).

Doutra banda, a superficie forestal representa o 61,6% da superficie total galega fronte ao 38,4% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie

forestal é do 9,4%, moi por riba do que representa a SAU (3,2%) ou a superficie cultivada (2,1%).

• Subsector agrogandeiro

Galicia caracterízase pola súa clara orientación cara á alimentación animal, tal e como se desprende dos usos da superficie agraria útil (SAU). Por unha banda, salienta a produción de cultivo forrageiro, ao que se destina o 27,6% da SAU (3,9% en España), e, por outra, a

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2019 ⁽¹⁾

	2018					2019					19/18			
	Ganadeiros con entregas	Producción				Gandeiros con entregas	Producción				Gandeiros con entregas	Producción		
		Total	Entregas				Total	Entregas				(en miles de tm.)	(en miles de tm.)	
			mesma CC.AA.	Outra CC.AA.	mesma CC.AA.			Outra CC.AA.						
									(gandeiros mes. Media anual)	(en miles de tm.)				(%)
Andalucía	612	547,6	7,7	89,0	11,0	497	3,8	562,7	7,8	88,8	11,2	-115	2,8	15,1
Aragón	56	151,3	2,1	32,5	67,5	51	0,4	159,4	2,2	32,3	67,7	-5	5,4	8,1
Asturias	1.808	560,4	7,9	87,9	12,1	1.683	12,7	556,4	7,7	88,8	11,2	-126	-0,7	-4,0
Baleares	138	51,6	0,7	100,0	-	116	0,9	49,7	0,7	100,0	-	-21	-3,7	-1,9
Canarias	117	44,4	0,6	100,0	-	111	0,8	47,1	0,7	100,0	-	-6	6,2	2,7
Cantabria	1.227	430,3	6,0	43,6	56,4	1.144	8,7	437,1	6,0	43,9	56,1	-83	1,6	6,7
Castela e León	1.129	909,8	12,8	80,1	19,9	1.040	7,9	930,0	12,9	81,9	18,1	-89	2,2	20,2
Castela-A Mancha	186	269,4	3,8	66,7	33,3	175	1,3	268,1	3,7	70,7	29,3	-11	-0,5	-1,3
Cataluña	486	742,7	10,4	59,2	40,8	448	3,4	743,0	10,3	61,1	38,9	-39	0,0	0,3
C. Valenciana	23	78,8	1,1	11,4	88,6	23	0,2	84,4	1,2	11,7	88,3	0	7,1	5,6
Extremadura	67	27,5	0,4	41,2	58,8	64	0,5	27,6	0,4	37,3	62,7	-3	0,6	0,2
Galicia	7.773	2.739,4	38,5	62,7	37,3	7.332	55,5	2.787,9	38,6	63,5	36,5	-441	1,8	48,4
Madrid	46	59,2	0,8	26,4	73,6	41	0,3	62,4	0,9	25,7	74,3	-5	5,4	3,2
Murcia	23	63,2	0,9	91,3	8,7	22	0,2	66,2	0,9	89,6	10,4	-1	4,8	3,0
Navarra	156	250,6	3,5	46,3	53,7	147	1,1	249,9	3,5	44,9	55,1	-9	-0,3	-0,7
País Vasco	345	172,8	2,4	96,2	3,8	300	2,3	171,4	2,4	96,1	3,9	-45	-0,9	-1,5
A Ríoxa	9	21,9	0,3	16,1	83,9	9	0,1	23,5	0,3	16,6	83,4	0	7,1	1,6
Total	14.200	7.120,8	100	66,8	33,2	13.201	100	7.226,7	100	67,6	32,4	-999	1,5	105,8

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais
Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.6.

superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 55,9% da SAU (32,8% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro supuña o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7%. A debilidade estrutural que supón a elevada parcelación da superficie agraria impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro.

Dentro do sector agrogandeiro a principal actividade é a produción de leite de vaca. O número de gandeiros con entrega de leite en 2019 descende ata os 7.332, o que representa unha redución de 441 gandeiros respecto ao ano anterior. Tras esta caída do 5,7%, Galicia concentra o 55,5% dos gandeiros con entregas en España (54,7% no ano 2018), situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,7%.

En base ás declaracións mensuais realizadas polos compradores, Galicia presenta no último ano un mellor comportamento que o conxunto do Estado. Tras unha medra interanual do 1,8%, tres décimas por riba do rexistrado en España, o volume de leite producido ascende ata as 2.787,9 miles de toneladas (48,5 miles de toneladas máis que no ano anterior), o que supón o 38,6% da produción total de leite do Estado, e sitúa á

Comunidade Autónoma como a primeira produtora, triplicando a produción de Castela e León, segunda Comunidade por volume de produción (12,9% do total español).

O principal destino das entregas galegas é a propia Comunidade Autónoma, que concentra o 63,5% das entregas totais, dirixíndose o resto ás outras CC.AA. españolas. De media, no conxunto do Estado o 67,6% das entregas teñen como destino as mesmas comunidades autónomas onde se realizan as entregas.

No concernente ao prezo medio por litro de leite percibido polo produtor, o prezo medio ponderado do leite sen imposto aumenta en Galicia 0,5 céntimos de euro por litro, acadando no último ano os 31,6 céntimos, en tanto que no conxunto do Estado aumenta en 0,6 céntimos e o prezo medio do leite situouse en 32,8 céntimos por litro. Como reflicte o **cadro 3.1.7.**, o diferencial coa media española aumenta ata os 1,2 céntimos por litro.

Ao igual que no ano anterior, **gráfico 3.1.8.**, o prezo en Galicia está levemente por baixo dos prezos mensuais en España. O prezo do leite é moito máis elevado no


Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-19 ⁽¹⁾

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
	(en céntimos por litro)									
Galicia	28,90	31,00	30,10	34,90	35,10	28,80	28,20	30,60	31,10	31,60
España	30,20	32,20	31,80	35,30	36,20	31,00	30,00	31,90	32,20	32,80
Diferencial Galicia / España	-1,30	-1,20	-1,70	-0,40	-1,10	-2,20	-1,80	-1,30	-1,10	-1,20

(1) prezos medios ponderados sen impostos
 Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.7.

Evolución prezo do leite (€/100 kg) 2019



(1) Os datos de Galicia midense en €/100 quilogramos
 Fonte: European Comision, Milk Market Observatory e Consellería do Medio Rural

3.1.8.

conxunto da UE-28 ou Francia, superando este diferencial os cinco euros por cada cen quilogramos entre os meses de agosto e outubro no caso de Francia e os tres euros no primeiro trimestre no caso da UE. O prezo medio mensual en 2019, sen impostos, situouse en 34,4 céntimos por quilogramo na UE-28 e en 36 céntimos en Francia, fronte aos 31,6 céntimos por litro en Galicia e 31,8 c./kg en España.

Xunto á produción leiteira en Galicia, no ámbito do subsector gandeiro cómpre mencionar pola súa importancia a produción de carne e a de ovos de galiña.

Como se reflicte no **cadro 3.1.9.**, a produción de carne ascende no ano 2019 ata as 427.148 toneladas, o que supón unha medra do 7,7% respecto ao ano anterior. O subsector máis importante en termos de produción

é o avícola, que concentra o 52,5% da produción total, por diante do bovino, cun 24,2%, e o porcino, que representa o 20,6% da produción galega. Comparado co ano anterior cómpre resaltar que os incrementos máis acusados rexístranse na produción de carne bovina, cunha medra do 9,9%, e porcina, cun 15,8%. No extremo oposto, redúcese un 7,9% a produción de carne de coello.

Atendendo á distribución provincial, Ourense mantense como a provincia con maior produción de carne, con 157.708 toneladas, o 36,9% do total galego, das que 131.567,2 toneladas corresponden ao sector avícola (83,4%). Pontevedra concentra o 31,8% da produción galega (135.827 toneladas) e destaca pola súa produción de carne porcina, con 68.777 toneladas, a metade de produción na provincia.

Principais producións gandeiras e agrícolas 2012-19

Principais producións gandeiras					
	2015	2016	2017	2018	2019
Carne (toneladas)	361.354	372.793	389.253	396.686	427.148
Carne de bovino	89.893	94.575	94.988	94.110	103.397
Carne de porcino	74.301	74.514	81.879	76.099	88.127
Carne de ave	183.652	191.085	197.654	213.986	224.085
Carne de coello	13.075	12.149	14.286	12.122	11.166
Leite de vaca (miles de litros)	2.647.619	2.627.608	2.670.972	2.739.404	2.787.858
Ovos de galiña (miles de dúcias)	45.814	45.900	41.648		
Principais producións agrícolas					
	2015	2016	2017	2018	2019
Cereais e leguminosas gran			(en toneladas)		
Trigo	46.808	35.054	33.308	35.152	34.509
Centeo	13.138	10.919	21.440	18.146	18.512
Millo gran	148.981	142.568	103.702	102.933	89.760
Feixón seco	4.426	4.805	4.514	3.725	3.331
Tuberculos					
Pataca	505.182	416.181	383.170	317.334	371.983
Cultivos forraxeiros					
Millo forraxeiro	2.450.971	2.187.804	1.936.384	2.043.207	1.847.052
Pradería polifita	4.978.588	4.985.753	3.218.426	3.511.248	3.672.990
Hortalizas					
Feixón verde	47.822	51.682	49.570	48.503	47.001
Col-repolo	60.214	62.147	60.193	55.113	58.395
Tomate	92.510	89.356	95.563	92.677	87.488
Leituga	19.902	22.151	24.924	25.937	23.122
Cebola	41.021	32.569	30.325	28.110	30.717
Viñedo					
Uva para viño	114.759	108.569	145.461	137.174	141.278

Fonte: Consellería do Medio Rural e IGE

3.1.9.

Central agropecuaria de Galicia. Cotizacións e mesas de prezos 2018-2019. Media semanal

		2018	2019	19/18
Becerras recría				(%)
Valor total medio transaccións	(euros)	135.853	118.081	-13,1%
Prezo medio	(euros)	223,15	209,70	-6,0%
Vacún maior				
Valor total medio transaccións	(euros)	188.413	171.186	-9,1%
Prezo medio	(euros)	1.184,08	902,83	-23,8%
Becerras carniceiros				
Valor total medio transaccións	(euros)	75.298	76.936	2,2%
Prezo medio	(euros)	793,96	818,46	3,1%
Porcino				
Selecto	(euros/kg)	1,176	1,378	17,2%
Normal	(euros/kg)	1,151	1,353	17,6%
Canal II	(euros/kg)	1,494	1,758	17,6%
Bacoriños (lechones)				
Única	(euros/kg)	2,35	3,17	35,0%
Varías	(euros/kg)	2,10	2,92	39,2%
Ovos				
XL		1,64	1,41	-14,3%
L		1,35	1,11	-17,5%
M		1,20	1,04	-13,6%
S		0,99	0,86	-12,5%

Fonte: Elaboración propia a partir de Central agropecuaria de Galicia

3.1.10.

A produción de ovos de galiña descende un 11,8% no ano 2018 (último ano dispoñible) tras unha redución do número de galiñas poñedoras. Nese último ano Galicia contaba con 1,9 millóns de galiñas, o 4% do total estatal, ascendendo o número de dúcias de ovos a 36,7 millóns, o que representa o 3,3% do total en España.

No concenrente aos prezos gandeiros, os datos das mesas de prezos da central agropecuaria de Galicia reflicten que o prezo medio nas 51 cotizacións semanais celebradas en 2019 descende case un 24% no caso do vacún maior, situándose esta caída no 6% no caso dos becerros recría. Por contra, o prezo medio dos becerros carniceiros medra un 3,1% e prezo do porcino aumenta por riba do 17%.

Como reflicte o **cadro 3.1.10.**, o valor total medio das transaccións realizadas nas 51 semanas de 2019 descende un 9,1% respecto ao ano anterior no caso do vacún maior para situarse nos 171.186 euros (17.228 euros menos), situándose o prezo medio por animal adxudicado en 902,83 euros (281,24 euros menos que no ano anterior). No caso dos becerros recría o valor medio das transaccións descende ata os 118.081 euros (209,70 euros por unidade), o que supón un descenso de 17.772 euros de media.

Fronte a estes descensos, o valor monetario medio semanal no conxunto do ano 2019 ascende a 76.936 euros no caso os becerros carniceiros (1.639 euros máis que a media do ano anterior), o que supón un prezo medio de 818,46 euros (793,96 euros en 2018). Este incremento tamén se produce no caso do porcino, cuxo prezo oscila entre os 1,353 euros/kilo e 1,758 euros/kilo segundo a clase.

No que atinxe ás principais producións agrícolas, o devandito **cadro 3.1.9.** amosa a importancia dos cultivos forraxeiros en Galicia. Tras a forte caída experimentada en 2017, a produción da pradería polifitos aumenta por segundo ano consecutivo e acada os 3,7 millóns de toneladas (4,6% máis que no ano anterior). Pola contra redúcese case un 10% a produción de millo forraxeiro, que se sitúa en 1,8 millóns de toneladas. Xunto ao devandito incremento dos cultivos forraxeiros, cómpre resaltar que no último ano ráchase a tendencia

descendente da produción de pataca, que tras unha medra do 17,2% respecto ao ano anterior acada as 371.983 toneladas.

Entre as hortalizas salienta a produción de tomate, que tras un descenso do 5,6% acada as 87.488 toneladas, así como a de col-repolo, que aumenta un 6% respecto ao ano anterior e se sitúa en 58.395 toneladas. No caso dos cereais, descende de xeito significativo a produción de millo gran, que acada as 89.760 toneladas, un 12,8% menos en relación ao ano anterior, reducíndose un 1,8% a produción de trigo. Entre os cereais, tan só o centeo presenta un incremento da produción en relación ao ano anterior, cunha medra do 2%.

A continuación faise referencia máis polo miúdo ao sector vitivinícola e as súas cinco denominacións de orixe protexida (DOP) así como á agricultura ecolóxica, que experimentou un importante desenvolvemento nos últimos anos.

• Subsector vitivinícola

A produción de viño mantense practicamente estable en 2019, acadando os 64,3 millóns de quilos de uva (24.397 quilos máis que na campaña anterior), o que a converte na segunda máis abundante por detrás da campaña de 2011. A pesar de manterse a produción, o volume de viño cualificado medra un 7,4% e o seu valor económico medra un 12,1% respecto ao ano anterior. En 2019 producíronse 44,6 millóns de litros de viño cualificado, ascendendo o seu valor ata os 231 millóns de euros.

Atendendo á desagregación segundo denominación de orixe, cómpre resaltar en primeiro lugar a actualización dos datos da DO Ribeiro, o que explica a evolución do número de viticultores e da súa superficie inscrita. Como se aprecia no **cadro 3.1.11.**, en 2019 esta DO contaba con 1.628 viticultores e unha superficie de 1.369 hectáreas. Doutra banda, a DO Rías Baixas segue a ser a que presenta o maior número de viticultores, con 5.177, e a superficie inscrita máis elevada, con 4.051,7 hectáreas no último ano, o que representa en ambos os dous casos o 48,2% do total galego.

En termos de produción, as cinco DO presentan un in-

Sector vitivinícola 2018-19: distribución segundo Denominación de Orixe

2019										
	Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras	Barbanza e Iria	Betanzos	Ribeiras do Morrazo	Val do Miño	Galicia
Superficie inscrita (ha)	581,0	4.051,7	1.250,9	1.369,0	1.127,0	8,2	5,6	5,7	5,2	8.404,3
Viticultores	389	5.177	2.353	1.628	1.145	11	8	18	3	10.732
Industrias	27	178	93	109	42	4	5	4	4	466
Produción (kg)	5.634.281	32.401.591	7.256.756	12.027.017	6.801.593	43.654	20.761	49.613	42.035	64.277.301
Viño cualificado (litros)	3.701.290	27.097.588	3.929.578	8.342.500	3.218.288	28.945	6.895	18.800	18.650	46.362.534
Valor económico (euros)	17.544.115	142.262.337	21.455.496	30.658.687	19.309.728	115.780	27.580	75.200	74.600	231.523.523
2018										
	Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras	Barbanza e Iria	Betanzos	Ribeiras do Morrazo	Val do Miño	Galicia
Superficie inscrita (ha)	578,6	4.043,3	1.238,3	2.250,0	1.156,0	8,5	5,2	6,1	8,1	9.294,1
Viticultores	418	5.232	2.376	4.127	1.221	11	7	15	7	13.414
Industrias	26	183	94	115	43	4	5	4	5	479
Produción (kg)	5.591.824	38.595.299	6.172.222	9.060.265	4.669.179	42.483	19.874	55.368	46.390	64.252.904
Viño cualificado (litros)	2.674.990	25.562.700	3.709.340	8.136.845	3.001.129	31.728	5.500	19.050	18.490	43.159.772
Valor económico (euros)	12.679.453	127.813.475	19.288.568	28.478.958	18.007.764	126.912	22.200	76.200	73.960	206.567.490

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada pola Consellería do Medio Rural.

3.1.11.

cremento tanto da produción de viño cualificado como do seu valor económico. Por contra, en termos de produción de quilos de uva a DO Rías Baixas presenta unha redución do 16% respecto ao ano anterior, aumentando de xeito moi significativo na DO Valdeorras (45,7%), Ribeiro (32,7%) e na Ribeira Sacra (17,6%). En termos monetarios, a DO Monterrei presenta o maior incremento do valor económico da produción, cunha medra do 38,4%, seguida pola DO Rías Baixas e Ribeira Sacra, cun incremento superior ao 11%.

Xunto a estas cinco denominacións de orixe, cómpre mencionar a evolución das indicacións xeográficas protexidas (IXP): Barbanza e Iria, Betanzos, Val do Miño e Ribeiras do Morrazo. En conxunto a produción destas IXP descende ata as 156.063 quilos de uva, un 4,9% menos que no ano anterior reducíndose o viño cualificado a 73.290 litros, un 2% menos que no ano 2018. Do mesmo xeito, o valor económico da produción descende un 2% para situarse en 293.160 euros.

• Agricultura ecolóxica

No ano 2019 mantense a tendencia positiva dos principais indicadores da agricultura ecolóxica, ao experimentar unha medra tanto da superficie inscrita como

do número de operadores e das vendas certificadas. Por agricultura ecolóxica enténdese aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo.

A superficie inscrita como ecolóxica en Galicia mantén a súa tendencia positiva en 2019 ao rexistrar unha medra do 3% en relación ao ano anterior, situándose nas 34.738,1 hectáreas. A provincia de Lugo, tras unha medra do 1,2%, concentra o 48,1% da superficie total inscrita (16.702,5 ha), seguida por Ourense, co 24,8% (8.631,5 hectáreas). En relación ao ano anterior, as catro provincias presentaron unha medra da súa superficie, salientando Ourense en termos absolutos (378,6 ha máis) e en termos relativos A Coruña, cun incremento do 9,9%.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que case o 80% da superficie inscrita está dedicada a pastos permanentes, con 27.446,1 ha. Séguenlle os cultivos permanentes (froiteiras, viñedos, froitos secos e olivar), cun 15,8% (5.477 ha), entre os que destaca a superficie dedicada a castañas, cun 6,7% da superficie inscrita en Galicia (2.316,8 hectáreas).

O ano 2019 pecha con trinta operadores máis inscritos no rexistro de Agricultura Ecolóxica de Galicia, situándose en 1.182 operadores, o que supón un 2,6% máis que no ano anterior. Entre os operadores inscritos como produtores (878 operadores), os de vexetal manteñen o seu liderado e reteñen case a metade da produción (49,5%), por diante da animal, co 45%. Lugo é a provincia máis importante en termos de inscritos, ao acoller o 43,2% dos produtores, en tanto que a provincia de Pontevedra acolle o 60% da actividade acuícola e de recolleita de algas (29 de 48 produtores). Asemade, Galicia conta con 225 elaboradores e 79 firmas rexistradas para comercializar e importar/exportar produto (19% e 6,7% do total galego, respectivamente).

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) medrou no ano 2019 un 17,9%, acadando os 92,8 millóns de euros (14,1 millóns máis que no ano precedente). Tras unha medra do 26,1%, o leite e os seus derivados seguen a ser os que máis volume de vendas certificadas obtiveron, con 32,9 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 15,8 e 9 millóns de euros, respectivamente. Estes tres produtos concentran o 62,3% do valor total en 2019, oito décimas máis que no ano anterior (61,5%).

• Subsector mar-industria

O número de embarcacións operativas con porto base en Galicia continúa descendendo no ano 2019. A 31 de decembro dese ano había un total de 4.335 embarcacións de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista), o que supón unha caída do 0,8% respecto ao ano anterior (36 buques menos). Por contra, os datos do Rexistro de buques de Galicia reflicten que o número de embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista) permanece practicamente estable, con 1.278 buques, dous máis que en 2018.

En termos agregados, o descenso da frota pesqueira explícase case na súa totalidade pola redución de 35 embarcacións no caladoiro nacional (Cantábrico-No-roeste), acadando os 4.169 buques. Os buques que faenan en pesqueiras comunitarias ascende a 69, un menos que no ano anterior, manténdose constante o

daqueles que están en pesqueiras internacionais: 97 embarcacións. O segmento máis significativo de frota pesqueira galega segue a ser o de artes menores, cunha cifra de 3.862 embarcacións (27 menos que en 2018), fundamentalmente de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica por medio dunha ampla variedade de artes que utilizan en función da especie obxectivo.

Se nos fixamos nos portos base das embarcacións pesqueiras, a maior parte concéntranse na zona III Arousa (39,2%), seguida polas zonas I-Vigo (15,3%) e IV-Muros (14,6%). Con todo, a zona produción con maior arqueo é a de Vigo, que acolle o 46,4% do total galego, seguido da IX-Mariña lucense, cun 19,2%, e a zona III-Arousa, co 12%. En termos de arqueo medio, definido como o cociente entre o arqueo total e o número de buques, o máis elevado rexístrase na Mariña lucense, con 140,4 toneladas brutas por embarcación, fronte ás 86,9 toneladas en Vigo ou os 28,7% de media no conxunto da frota pesqueira galega.

No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura, Galicia contaba a 31 de decembro de 2019 con 1.278 unidades, cinco máis que no ano anterior. Dende o punto de vista xeográfico, estas estaban principalmente concentradas na zona III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (895 buques).

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas ao longo do ano 2019 rexistra un novo descenso tanto do seu volume de produción (9% menos) como na súa facturación (4,9% menos). No último ano o volume de produción acada os 157,9 miles de toneladas, descendendo o seu valor ata os 464,3 millóns de euros. Tanto por volume como por valor, os peixes son o grupo de especies máis importante, ao representar o 89,4% da produción e o 69,3% do valor total en primeira venda. Cómpre resaltar que no último ano as capturas de peixe descenden tanto no seu volume de capturas (10,1%) como no seu valor (7,6%). Por contra, tal e como reflicte o **cadro 3.1.12.**, os únicos dous produtos que incrementan a súa produción e o seu valor en 2019 son os bivalvos (4,7% e 4,1%, respectivamente) e os equinodermos (5,2% e 29,1%, respectivamente).

Actividade pesqueira e marisqueira 2018-19: distribución segundo grandes grupos de especies

	Producción					Valor				
	2017	2018	2019	18/17	19/18	2017	2018	2019	18/17	19/18
	(en kg.)			(%)		(en euros)			(%)	
Total	212.784.515	173.631.564	157.940.251	-18,4	-9,0	508.672.109	488.331.103	464.279.464	-4,0	-4,9
Algas	363.737	421.966	404.560	16,0	-4,1	243.954	333.082	336.500	36,5	1,0
Bivalvos	9.735.110	9.387.687	9.825.124	-3,6	4,7	81.736.140	84.543.866	88.028.295	3,4	4,1
Cefalópodos	4.538.969	4.376.777	4.173.726	-3,6	-4,6	24.570.804	28.766.949	25.931.005	17,1	-9,9
Crustáceos	1.237.525	1.267.400	1.201.990	2,4	-5,2	20.749.702	20.464.482	21.123.300	-1,4	3,2
Equinodermos	910.467	790.666	831.706	-13,2	5,2	4.777.250	4.671.821	6.029.382	-2,2	29,1
Gasterópodos	8.085	3.534	2.785	-56,3	-21,2	45.187	30.500	30.689	-32,5	0,6
Peixes	195.611.806	157.093.552	141.205.877	-19,7	-10,1	375.287.174	348.507.375	321.932.001	-7,1	-7,6
Poliquetos	4.615	-	-	-100,0	-	290.468	-	-	-100,0	-
Resto das descargas	374.200	289.982	294.483	-22,5	1,6	971.430	1.013.026	868.291	4,3	-14,3
A Coruña	114.890.525	95.549.464	83.190.458	-16,8	-12,9	191.079.558	195.713.821	182.232.468	2,4	-6,9
Algas	63.147	83.094	68.461	31,6	-17,6	28.481	44.995	43.963	58,0	-2,3
Bivalvos	5.023.793	4.892.626	5.255.066	-2,6	7,4	37.162.769	39.526.305	42.679.775	6,4	8,0
Cefalópodos	2.493.771	2.338.951	2.276.086	-6,2	-2,7	13.950.729	15.918.338	14.238.275	14,1	-10,6
Crustáceos	728.825	797.483	755.481	9,4	-5,3	11.428.187	11.610.792	11.649.219	1,6	0,3
Equinodermos	378.266	381.271	383.533	0,8	0,6	2.021.832	2.258.638	2.758.516	11,7	22,1
Gasterópodos	1.931	351	915	-81,8	160,6	5.235	1.947	3.656	-62,8	87,8
Peixes	106.025.886	86.976.060	74.314.437	-18,0	-14,6	126.031.678	126.125.713	110.600.038	0,1	-12,3
Poliquetos	2.811	-	-	-100,0	-	222.203	-	-	-100,0	-
Resto das descargas	172.097	79.630	136.480	-53,7	71,4	228.445	227.092	259.027	-0,6	14,1
Lugo	39.394.338	34.011.194	30.726.933	-13,7	-9,7	134.363.195	118.141.270	108.797.232	-12,1	-7,9
Algas	-	-	-	#DIV/0!		-	-	-		
Bivalvos	13.557	33.936	44.880	150,3	32,2	29.416	32.490	46.209	10,5	42,2
Cefalópodos	415.851	229.524	234.401	-44,8	2,1	2.010.963	1.492.077	1.398.852	-25,8	-6,2
Crustáceos	65.146	47.045	50.078	-27,8	6,4	936.107	772.918	840.635	-17,4	8,8
Equinodermos	156.019	116.326	107.421	-25,4	-7,7	322.720	245.791	369.024	-23,8	50,1
Gasterópodos	1.220	63	55	-94,8	-13,2	2.182	200	121	-90,8	-39,7
Peixes	38.577.650	33.404.377	30.168.437	-13,4	-9,7	130.483.379	114.991.095	105.685.459	-11,9	-8,1
Poliquetos	104	-	-	-100,0	-	3.822	-	-	-100,0	-
Resto das descargas	164.790	179.922	121.662	9,2	-32,4	574.607	606.701	456.931	5,6	-24,7
Pontevedra	58.499.652	44.070.906	44.022.860	-24,7	-0,1	183.229.355	174.476.012	173.249.764	-4,8	-0,7
Algas	300.590	338.872	336.099	12,7	-0,8	215.474	288.087	292.537	33,7	1,5
Bivalvos	4.697.760	4.461.125	4.525.178	-5,0	1,4	44.543.956	44.985.071	45.302.311	1,0	0,7
Cefalópodos	1.629.347	1.808.302	1.663.239	11,0	-8,0	8.609.112	11.356.535	10.293.879	31,9	-9,4
Crustáceos	443.554	422.872	396.432	-4,7	-6,3	8.385.407	8.080.773	8.633.445	-3,6	6,8
Equinodermos	376.182	293.069	340.752	-22,1	16,3	2.432.699	2.167.392	2.901.842	-10,9	33,9
Gasterópodos	4.934	3.120	1.815	-36,8	-41,8	37.770	28.353	26.912	-24,9	-5,1
Peixes	51.008.270	36.713.115	36.723.004	-28,0	0,0	118.772.117	107.390.568	105.646.504	-9,6	-1,6
Poliquetos	1.700	-	-	-100,0	-	64.443	-	-	-100,0	-
Resto das descargas	37.314	30.430	36.341	-18,4	19,4	168.378	179.233	152.332	6,4	-15,0

Fonte: Consellería do Mar.

3.1.12.

Actividade pesqueira e marisqueira 2018-19: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2019 (en kg.)	(%)	19/18 (%)	2019 (en euros)		19/18 (%)
Vigo	33.622.991	15,8	4,6	104.891.803	22,6	-1,1
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	33.780.233	15,9	-15,9	69.135.507	14,9	-11,8
Burela	17.517.518	8,2	-11,8	63.715.352	13,7	-7,3
Celeiro	13.154.149	6,2	-6,8	44.891.988	9,7	-8,9
Ribeira	27.573.459	13,0	-2,6	40.502.612	8,7	-5,5
Noia	2.769.087	1,3	5,7	20.721.117	4,5	6,3
Carril	1.209.971	0,6	48,5	10.106.586	2,2	24,0
O Grove	824.923	0,4	6,7	8.670.224	1,9	6,9
Cambados	1.222.332	0,6	-19,0	7.713.892	1,7	-2,1
A Illa de Arousa	756.785	0,4	-14,9	6.237.580	1,3	-10,8
Cedeira	1.230.073	0,6	-85,8	6.143.626	1,3	-9,9
Campelo	612.670	0,3	-48,8	6.043.706	1,3	-8,3
Rianxo	823.240	0,4	31,0	5.884.058	1,3	-5,2
Portosín	5.717.865	2,7	90,7	4.770.055	1,0	-18,4
Vilanova	438.568	0,2	-91,5	4.397.497	0,9	-17,3
Camariñas	4.187.292	2,0	796,9	4.384.116	0,9	-6,9
Cabo de Cruz	343.593	0,2	-6,4	4.238.401	0,9	1,5
Cangas	336.593	0,2	-26,4	3.860.400	0,8	-5,7
Bueu	701.910	0,3	-29,8	3.485.515	0,8	-12,6
Aguiño	282.818	0,1	-0,2	3.421.146	0,7	-1,8

Consulta: 2-02-2020

Fonte: Consellería do Mar.

3.1.13.

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas, tras unha medra da produción do 4,6% respecto ao ano anterior a de Vigo mantense como a principal lonxa galega en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 104,9 millóns de euros, o que supón unha caída de 1,1% respecto ao xerado en 2018. Segundo se aprecia no **cadro 3.1.13.**, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) presenta tamén unha caída da súa facturación, sendo esta máis acusada que no caso de Vigo (11,8%), motivada neste caso por unha redución do 15,9% no seu volume de produción. Comparado coa actividade no conxunto da Comunidade Autónoma, as lonxas do porto de Vigo e da Coruña acollen cada unha case o 16% da produción galega, representando Vigo o 22,6% dos ingresos xerados e Lonja Coruña S.A. o 14,9%.

O subsector da acuicultura presenta en Galicia no ano 2018 (último dato dispoñible) un mal comportamento en termos de facturación, ao rexistrar unha caída do 1,2%, o que contrasta coa medra de case do 9% en 2017. A diferenza do acontecido no ano anterior, o sec-

tor presenta unha medra no emprego, tanto se se mide en termos de unidades de traballo anual (11,2%) como do número de persoas (18,4%).

Tras esta evolución, o valor da produción acuícola situouse nos 220,9 millóns de euros, dos que o 64,9% consúmese na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representa o 17,7%, e os destinados a outras CC.AA., un 14,8%. En relación ao ano anterior, o devandito descenso ven motivado polo valor da produción dirixida fóra de Galicia (13%), aumentando un 6,7% no caso do mercado galego.

No que respecta á ocupación no sector, en 2018 rexístranse 13.835 empregos (4.416 UTA), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, o 74,4% do emprego do sector a nivel estatal e o 61,6% do total de UTAs. Como se aprecia no **cadro 3.1.14.**, a segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 1.291 persoas empregadas.

Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2018 ⁽¹⁾

	Nº de empresas (3)	Asalariados		Non asalariados		Total	
		(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
		(2)					
Andalucía	90	657	1.226	35	64	692	1.291
Aragón	5	60	71	0	2	60	73
Asturias	14	46	77	9	21	55	98
Baleares	9	97	97	7	24	104	121
Canarias	16	227	427	2	2	229	429
Cantabria	10	30	87	0	5	31	92
Castela-A Mancha	16	43	55	1	1	43	56
Castela e León	15	173	180	3	4	177	184
Cataluña	76	319	835	45	159	364	993
C. Valenciana	24	402	809	6	9	408	818
Extremadura	66	35	70	9	26	45	96
Galicia	42	1.521	4.175	2.625	9.660	4.146	13.835
Murcia	10	298	322	-	-	298	322
Navarra	3	21	31	1	1	22	32
País Vasco	4	21	99	-	-	21	99
A Rioxa	3	36	48	-	-	36	48
Total	403	3.987	8.609	2.743	9.978	6.730	18.587

(1) Agás as de cultivo de mexilón en bateas e os parques de cultivo de Galicia

(2) UTA: unidades de traballo anual

(3) O número de empresas está a 2014

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.1.14.

Valor da produción acuícola en Galicia 2017-18: distribución segundo destino xeográfico

	2017			2018		
	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4
	(en miles de euros)			(en miles de euros)		
Total	223.482,2	12.369,6	211.112,6	220.851,6	9.482,2	211.369,4
Mesma Comunidade Autónoma	134.454,4	6.912,8	127.541,6	143.429,8	5.206,2	138.223,6
Distinta Comunidade Autónoma	37.458,0	558,7	36.899,3	32.657,3	225,3	32.432,0
Outro país da Unión Europea	44.507,1	1.478,3	43.028,8	39.193,3	1.406,5	37.786,8
Terceiros países	7.062,7	3.419,7	3.643,0	5.571,2	2.644,2	2.927,0

(1) Fase 1: Posta; Fase 2: Incubación e/ou cría; fase 3: Preengorde de semilleiro; Fase 4: Engorde talla comercial; talla 5: Engorde a madurez sexual

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.1.15.

Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2019

	Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE			(%)
FEAGA Exercicio 2019 (acumulado outubro) (1)	177,8	5.673,0	3,1
FEADER gasto público total, exercicio 2019 (2014-2020) (acumulado outubro) (2)	(en millóns de euros) 211,1	1.711,0	12,3
FEMP (3)	22,6	99,3	22,7
Gasto Público (FEMP + Contribucion nacional)	29,7	128,2	23,1
Dereitos de pago básico			
Nº beneficiarios Rexime Pequenos Agricultores (RPA)	4.681	122.265	3,8
Nº de dereitos de Pequenos	14.723	376.327	3,9
Importes RPA	(en euros) 3.232.426	80.441.953	4,0
Nº beneficiarios Rexime Pago Básico (RPB)	21.280	539.441	3,9
Nº de dereitos de Pago Básico	375.028	19.195.044	2,0
Importes Pago Básico	(en euros) 71.558.684	2.779.597.080	2,6
Importes Pago Verde	(en euros) 36.919.640	1.434.091.837	2,6

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

(3) FEMP: Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.16.

Finalmente, cómpre facer referencia á actividade de marisqueo a pé. O número total de permisos a 31 de decembro de 2019 ascende a 3.777, cifra practicamente igual á do ano anterior (3.792 permisos), dos que o 2.157 pertencen á provincia de Pontevedra, 1.585 á Coruña e 35 a Lugo. Atendendo ao perfil da persoa que se dedica ao marisqueo a pé, esta é o dunha muller (69,7%, 2.633 permisos), das que o 34,7% teñen unha idade comprendida entre os 51 e os 60 anos (32,2% entre 41 e 50 anos), e que traballan maioritariamente, nun 44,6% dos casos, na Zona III- Arousa.

• **Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común**

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2019 (acumulado outubro) fíxeron a 177,8 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), 211,1 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e 22,6 millóns de euros do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

En relación ao importe total en España, estes pagos representan o 3,1% do total estatal para o FEAGA, o 12,3% no caso do FEADER e o 22,7% do FEMP (**cadro 3.1.16.**).

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de Pequenos Agricultores (RPA) as-

cende a 4.681 persoas (3,8% dos beneficiarios en España) e o valor medio dos dereitos, a 219,55 euros. No que ao Réxime de pagos básicos se refire, o número de beneficiarios ascende a 21.280 persoas, o 3,9% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 71,6 millóns de euros, o 2,6% do total estatal.

Os **cadros 3.1.17.** e **3.1.18.** reflicten os pagamentos FEAGA e FEADER atendendo á súa distribución segundo as principais liñas definidas. Dunha banda, entre os pagamentos FEAGA salientan os pagos básicos (60,6 millóns de euros), o pago para prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (31,1 millóns) e as axudas asociadas voluntarias para o vacún de leite (peninsular), con 30,2 millóns de euros. Doutra, no caso dos pagamentos FEADER destacan polo seu importe os investimentos en activos físicos, con 72,7 millóns de euros, e os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 54,3 millóns de euros.

No concernente ás axudas directas, no exercicio 2019 había en Galicia un total de 27.717 perceptores (persoas físicas), dos que 1.557 son perceptores aos que se detraeron fondos (pagos negativos). Comparado co ano anterior, cómpre mencionar a caída rexistrada no número total de perceptores (907 perceptores menos) aínda que aumenta aqueles perceptores con pagos negativos (861 perceptores máis). Atendendo ao seu peso

Pagamentos FEAGA en Galicia e España 2019. Distribución segundo sector e liña

	Galicia	España	G/E
	(en euros)		(%)
Réxime de pago básico	96.794.223,16	3.769.844.025,38	2,57
Pago básico	60.643.912,57	2.415.125.921,32	2,51
Pago para prácticas beneficiosas para o clima e medio ambiente	31.145.723,06	1.234.454.065,33	2,52
Pago para os xóvenes agricultores	2.281.364,65	49.500.873,86	4,61
Pago para os pequenos agricultores	2.723.222,88	70.763.164,87	3,85
Axuda asociada voluntaria	565,07	90.316,12	0,63
Réxime de pago único (RPU)	0,00	90.462,34	0,00
Pago único	0,00	90.462,34	0,00
Axuda específica (art. 68, regulamento (CE) 73/2009)	0,00	613,92	0,00
Beneficios agroambientais - Axuda disociada	0,00	1.574,28	0,00
Desvantaxes específicas - Axuda non disociada	0,00	-960,36	0
Apicultura	0,00	-13.818,43	0,00
Axuda específica	0,00	-13.818,43	0,00
Algodón	0,00	312.421,73	0,00
Axuda por superficie	0,00	312.421,73	0,00
Arroz	0,00	5.096.664,65	0,00
Axuda asociada voluntaria	0,00	5.096.664,65	0,00
Azúcar e Isoglucosa	0,00	13.672.858,72	0,00
Axuda asociada voluntaria remolacha azucareira (primaveira)	0,00	11.611.223,66	0,00
Axuda asociada voluntaria remolacha azucareira (outono)	0,00	2.061.635,06	0,00
Froitas e hortalizas	436.720,25	24.326.297,86	1,80
Fondos operativos Organizacións de produtores	0,00	18.339.016,33	0,00
Plan de consumo de froita nas escolas	436.720,25	1.030.078,60	42,40
Leite e produtos lácteos	419.460,71	472.286,78	88,81
Leite para escolares	419.460,71	472.286,78	88,81
Leguminosas gran	0,00	553.424,80	0,00
Axuda asociada voluntaria legumes	0,00	553.424,80	0,00
Poseican	0,00	79.467.114,28	0,00
Aprovisionamento (REA)	0,00	23.574,73	0,00
Axudas a produtores	0,00	69.294.041,22	0,00
Axudas a industrias e operadores	0,00	10.149.498,33	0,00
Vacún	47.651.664,29	150.259.730,33	31,71
Prima á vaca nodriza	0,00	537,29	0,00
Axuda asociada voluntaria vaca nodriza (península)	13.829.409,68	89.020.109,34	15,54
Axuda asociada voluntaria vaca nodriza (insular)	0,00	394.847,64	0,00
Axuda asociada voluntaria vacún cebo (nado península)	2.734,98	44.591,11	6,13
Axuda asociada voluntaria vacún cebo (non nado península)	0,00	25.242,43	0,00
Axuda asociada voluntaria vacún leite dereitos especiais 2014 sen has. admisibles	15.227,35	1.190.036,10	1,28
Axuda asociada voluntaria vacún cebo dereitos especiais 2014 sen has. admisibles	43,46	2.210,30	1,97
Axuda asociada voluntaria vacún leite (península)	30.205.049,50	47.096.452,86	64,13
Axuda asociada voluntaria vacún leite (insular)	3.599.199,32	12.485.703,26	28,83
Víños e alcohois	182.915,38	9.190.883,21	1,99
Accións de reestruturación e reconversión viñedo	182.915,38	5.844.961,95	3,13
Promoción en terceiros países	0,00	95.689,18	0,00
Destilación alcohol para usos de boca (axuda/ha)	0,00	3.251.020,08	0,00
Investimentos	0,00	-788,00	0,00
Cultivos herbáceos	0,00	29.947.914,61	0,00
Axuda asociada voluntaria cultivos proteicos (proteaxinosos e leguminosas)	0,00	12.349.254,99	0,00
Axuda asociada voluntaria cultivos proteicos (Oleaxinosos)	0,00	13.895.995,43	0,00
Axuda asociada voluntaria froitos de cáscara e algarrobas (península)	0,00	3.704.558,88	0,00
Axuda asociada voluntaria froitos de cáscara e algarrobas (insular)	0,00	-1.894,69	0,00
Ovino e caprino	0,00	73.466.004,02	0,00
Axuda asociada voluntaria ovino (península)	0,00	43.590.923,85	0,00
Axuda asociada voluntaria ovino (insular)	0,00	2.785.703,03	0,00
Axuda asociada voluntaria caprino (península)	0,00	2.345.111,73	0,00
Axuda asociada voluntaria caprino (insular)	0,00	2.838.974,04	0,00
Axuda asociada voluntaria ovino e caprino dereitos esp. 2014 sen has. admisibles	0,00	21.905.291,37	0,00
Outras recuperacións irregularidades ou fraudes	-50.963,51	-363.7315,21	1,40113
Outros gastos	0,00	-713.143,77	0
Condicionalidade	-56.197,02	-608.070,27	9,24186
Reembolso disciplina financeira	-414,36	13.153.419,31	0,00
Reembolso créditos	-414,36	13.153.419,31	0,00
Liquidación exercicios anteriores	-10,71	-5160,94	0,20752
Total	145.377.963,26	4.164.966.929,44	3,49

Fonte: Fondo galego de garantía agraria

3.1.17.

Pagamentos FEADER en Galicia 2019. Distribución segundo organismo pagador

		Importe Feader	Importe Nacional	Importe gasto público
			(en euros)	
1 - Transferencia de coñecementos e actividades de información	Artigo 14	113.648,41	37.882,79	151.531,20
02 - Servizos de asesoramento, xestión e substitución de explotacións agrarias	Artigo 15	211.700,10	70.566,69	282.266,79
03 - Réxmes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	Artigo 16	1.867.690,45	622.563,51	2.490.253,96
04 - Investimentos en activos físicos	Artigo 17	54.555.004,96	18.184.999,83	72.740.004,79
06 - Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	Artigo 19	12.283.058,21	4.094.352,77	16.377.410,98
07 - Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais	Artigo 20	6.870.641,47	2.290.213,28	9.160.854,75
08 - Investimentos desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques	Artigo 21 a 26	40.744.141,69	13.581.378,12	54.325.519,81
10 - Agroambiente e clima	Artigo 28	11.449.192,49	3.816.394,57	15.265.587,06
11 - Agricultura ecolóxica	Artigo 29	1.659.879,91	553.293,00	2.213.172,91
13 - Pagos a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas	Artigo 31 e 32	13.505.415,98	4.501.782,25	18.007.198,23
15 - Servizos silvoambientais e climáticos e conservación dos bosques	Artigo 34	175.714,67	58.571,52	234.286,19
16 - Cooperación	Artigo 35	850.800,83	283.600,26	1.134.401,09
19 - Axuda para o desenvolvemento local de LEADER, (DLP)	Artigos 42 a 44	13.207.546,81	4.402.515,79	17.610.062,60
20 - Asistencia técnica	Artigo 51	812.302,85	270.767,41	1.083.070,26
Total		158.306.738,83	52.768.881,79	211.075.620,62

Fonte: Fondo galego de garantía agraria

3.1.18.

Axudas directas en España 2019. Estrutura de perceptores e importes por organismo pagador

Organismo pagador	Nº perceptores		Importe	
		(% sobre total)	(en millóns de euros)	(% sobre total)
Andalucía	229.140	33,8%	1.563	28,4%
Aragón	40.011	5,9%	444	8,1%
Asturias	9.748	1,4%	64	1,2%
Baleares	5.635	0,8%	29	0,5%
Canarias	9.758	1,4%	193	3,5%
Cantabria	4.875	0,7%	44	0,8%
Castela e León	69.639	10,3%	912	16,6%
Castela-A Mancha	100.118	14,8%	725	13,2%
Cataluña	43.072	6,4%	301	5,5%
C. Valenciana	49.346	7,3%	143	2,6%
Extremadura	48.214	7,1%	547	9,9%
Galicia	27.717	4,1%	175	3,2%
Madrid	4.610	0,7%	38	0,7%
Murcia	11.289	1,7%	129	2,3%
Navarra	11.844	1,7%	116	2,1%
País Vasco	7.456	1,1%	44	0,8%
A Ríoxa	5.152	0,8%	34	0,6%
Totales	677.625	100,0%	5.500,2	100,0%

(1) Os totais recollen os perceptores, incluídos aqueles aos que se lles detraeron fondos (pagos negativos) e o importe, deducidos os devanditos pagos.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.


3.1.19.

relativo no total estatal, Galicia acolle ao 4,1% dos perceptores totais (13,1% no caso dos perceptores aos que se lle detraen fondos).

A pesar da evolución do número de perceptores, o importe total das axudas directas ascende ata os 174,6 millóns de euros, un 1,4% máis que no ano anterior (2,4 millóns máis), o que representa o 3,2% do importe total en España (**cadro 3.1.19.**).

...

Sector industrial




3.1. mapa 3 Distribución provincial do VEB do sector industrial por comarcas 2016

Por primeira vez dende que comezou a recuperación económica, o sector industrial galego considerado no seu conxunto presenta unha contracción na xeración do VEB. En 2019 a actividade industrial redúcese un 1,3%, o que contrasta coa medra do 3,8% experimentada no ano anterior. Con todo, esta evolución non é homoxénea tendo en conta que a industria manufacturera medra un 0,9%, ritmo non obstante sensiblemente inferior á dos anos anteriores (3,3% en 2018). Entre os anos 2014 e 2018, o crecemento medio do sector industria fora de 2,8% en tanto que no sector manufacturero esta taxa ascendía ata o 4,8%.

En termos absolutos, o valor engadido bruto (VEB) xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2019 ata os 9.815 millóns de euros segundo os datos publicados polo IGE nas súas Contas económicas trimestrais, o que representa o 5,5% do total xerado polo sector en España. Esta porcentaxe sitúa a Galicia lonxe das Comunidades Autónomas con maior peso no total estatal como Cataluña (24,9%), País Vasco (9,6%) ou Andalucía (9,4%).

O sector industrial achega o 17,2% do VEB total a prezos de mercado da economía galega, sendo esta por-

VEB e emprego na industria ⁽¹⁾ ⁽²⁾

(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 4-03-2020)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.20

centaxe do 13,2% no caso da industria manufactureira (15,5% e 11,9% se se considera o produto interior bruto). Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado tanto para o sector industrial (incluída a enerxía), que representa o 15,8% do VEB, como no caso da industria manufactureira, que en España representa o 12,2% do VEB a prezos correntes.

No que respecta ao emprego no sector industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro de 2019 mostran un novo incremento da ocupación nas actividades industriais en Galicia, tal como ven acontecendo ininterrompidamente dende o ano 2015. No último ano Galicia conta con 145.642 afiliacións no sector (1.278 máis que na mesma data do ano anterior), das que 135.266 afiliacións corresponden ás ramas de actividade da industria manufactureira (1.312 máis que en 2018). Con todo, hai que indicar que estes incrementos son os máis reducidos nos últimos cinco anos.

En termos cuantitativos, os aumentos máis importantes rexístranse nos subsectores da industria da alimentación (720 afiliacións máis) e na fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento (668 afiliados máis). Por contra, as actividades da industria ma-

nufactureira que presentan unha maior redución das afiliacións son as de fabricación doutro material de transporte e confección de roupa de vestir, con 412 e 410 afiliacións menos, respectivamente.

O índice de produción industrial (IPI) é un indicador de carácter conxuntural que mide a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. No último ano este indicador racha a tendencia crecente iniciada en 2015, ao rexistrar unha redución do 3,9%, o que contrasta non só co forte incremento experimentado no ano anterior (4,9%) senón tamén co lixeiro incremento rexistrado no conxunto do Estado (0,6%).

Atendendo ao destino económico dos bens, o devandito descenso ven motivado pola caída no sector enerxético e en menor medida no de bens intermedios, aumentando no caso dos bens de consumo e bens de equipo. Dunha banda, os bens enerxéticos descendéron un 21,9%, cando no ano anterior presentaban unha medra do 11,1%, mentres os bens intermedios o fixeran un 3,2%, o que contrasta co incremento do 5,6% do ano anterior. Doutra banda, os produtos de bens de consumo non duradeiro presentaron a medra máis acusada, cun 6,2% en relación ao ano anterior, seguidos

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2017



Fonte: IGE

Índice de producción industrial de Galicia e España 2019

	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
		2019 (1)	Interanual diciembre (2) (%)		2019 (1)	Interanual diciembre (2) (%)
Xeral	104,9	-3,9	5,1	105,9	0,6	1,7
Bens de consumo	119,0	6,0	12,3	103,5	1,5	2,1
B. consumo duradeiro	136,0	3,6	26,8	103,4	-1,1	8,3
B. consumo non duradeiro	118,1	6,2	11,4	103,5	1,7	1,6
Bens de equipamento	103,1	5,0	8,1	112,9	2,4	5,1
Bens intermedios	117,1	-3,2	6,3	107,7	-0,8	-0,1
Enerxía	82,9	-21,9	-2,5	99,0	-0,4	0,2


Consulta: 4-03-2020. Base 2015

(1) variación da media no que vai de ano

(2) taxa de variación anual

Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.1.22.

Índice de producción industrial en Galicia e España 2011-19⁽¹⁾. Taxa de variación media anual

(1) Base 2015

Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.1.23.

polos bens de equipo, cun 6%, e polos bens de consumo duradeiro, cun incremento do 3,6%. No conxunto do Estado tanto as actividades enerxéticas como os bens intermedios presentan taxas de variación negativas, se ben sensiblemente inferiores á media galega (-0,4% e 0,8%, respectivamente), ao tempo que o incremento de bens de consumo non duradeiro e intermedios presentan unha medra inferior (1,7% e 2,4% en España, respectivamente).

Cómpre resaltar que o IPI correspondente ao conxunto das ramas industriais ralentiza o seu crecemento tanto en Galicia como en España, manténdose o índice de produción galego por riba da media estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.24.**, o IPI da industria manufactureira medrou en 2019 un 1,3% fronte ao 0,7% de media en España.

O indicador de confianza empresarial amosa a percep-

Índice de producción industrial 2019: distribución segundo ramas de actividad

	Variacións media anual 19/14		Variacións 19/18 (2)	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)	(%)	(%)	(%)
Total	1,8	1,8	-3,9	0,6
B Industrias extractivas	4,1	-3,4	45,3	1,2
08 Outras industrias extractivas	4,1	0,5	45,3	10,0
C Industria manufactureira	3,9	2,3	1,3	0,7
10 Industria da alimentación	3,4	1,2	5,2	1,9
11 Fabricación de bebidas	6,5	0,3	5,2	3,6
13 Industria téxtil	1,0	0,4	0,3	-5,2
14 Confección de roupa de vestir	3,2	2,1	9,7	-0,4
15 Industria do coiro e do calzado	0,0	-2,5	0,0	-1,3
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	6,9	2,7	-4,9	-5,4
17 Industria do papel	2,6	0,7	2,7	-0,7
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0	-3,3	0,0	-6,5
19 Coquerías e refinación de petróleo	0,0	2,7	0,0	-2,8
20 Industria química	5,0	2,1	-4,8	-0,1
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	0,0	3,3	0,0	4,1
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	3,3	3,0	-5,0	0,0
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5,6	2,8	-9,2	2,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-1,2	0,4	-13,0	-4,8
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	7,4	3,7	14,1	3,9
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,0	4,8	0,0	7,9
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	3,9	2,3	-13,7	-1,2
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	10,6	4,7	-8,9	1,6
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	0,5	3,2	11,9	-0,3
30 Fabricación doutro material de transporte	2,0	1,9	-20,9	-0,1
31 Fabricación de mobles	8,1	3,1	3,7	-0,2
32 Outras industrias manufactureiras	7,1	4,2	11,6	5,1
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,9	5,2	-13,0	0,5
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,7	-0,7	-26,1	-1,4
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,7	-0,7	-26,1	-1,4
36 Captación, depuración e distribución de auga	0,0	2,1	0	8,1

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media do que vai do ano

Fonte: IGE, *Índice de produción industrial*

3.1.24.

ción subxectiva do empresariado sobre a evolución futura das súas actividades. Neste senso, o índice galego de confianza empresarial (**cadro 3.1.25.**) amosa como as expectativas dos empresarios sobre o trimestre entrante acadan valores lixeiramente negativos no primeiro e último trimestre do ano, sendo estes valores superiores na Comunidade Autónoma.

O índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) reflicte, tanto a nivel galego como estatal, a tendencia positiva experimentada ao longo da serie considerada, acadando os valores máis elevados no ano 2017. Como se mostra no **cadro 3.1.26.**, no último ano redúcese o diferencial respecto ao valor do ICEH no conxunto do Estado, se ben o índice mantense por baixo do nivel en España.

Outra variable que permite observar a evolución do sector industrial son as vendas da produción da industria manufactureira galega, resumidas no **cadro 3.1.27.** Estas vendas aumentaron no ano 2018 (último dispoñible) un 7,7% respecto ao ano anterior, case dous puntos e medio por riba da media española, acadando un valor de 30.943,7 millóns de euros, o 7,1% do total estatal. As agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia corresponden ás actividades de alimentación, bebidas e tabaco (23,6% do total), material de transporte (20,8%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (11,7%). Atendendo ao seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan un 18,4% e 17,8% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente.


Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2016-19 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2016						
I	-7,2	-13,5	123,0	-0,1	-6,5	129,7
II	-11,7	-3,8	124,6	-6,2	1,9	130,5
III	-7,0	-4,0	126,1	-1,2	-1,1	131,2
IV	2,7	-8,4	127,8	0,1	-1,7	131,4
2017						
I	3,7	-4,2	129,5	2,7	-3,1	131,8
II	-8,3	7,1	129,2	-2,3	9,3	134,2
III	1,9	6,6	132,4	7,5	7,7	136,9
IV	3,4	1,1	131,2	5,3	5,2	135,4
2018						
I	2,1	-2,6	129,5	7,1	1,9	134,9
II	-12,6	-0,2	125,5	0,4	10,7	135,5
III	-5,6	4,2	129,2	5,9	7,1	136,2
IV	3,8	-1,1	130,6	3,1	2,9	133,9
2019						
I	0,3	-8,2	127,1	4,4	-2,7	132,5
II	-5,7	2,7	128,7	-2,5	5,6	132,9
III	0,2	6,6	131,9	4,5	4,7	135,0
IV	3,1	-5,3	129,0	0,2	-2,7	131,1

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.25.

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2014-19



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.26.


Vendas de produtos da industria manufactureira 2018: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor			
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)	Taxa variación interanual (%)
Alimentación, bebidas e tabaco	7.315.343	23,6	7,8	3,8
Textil e confección	1.338.291	4,3	17,8	-3,8
Coiro e calzado	168.377	0,5	4,5	4,0
Madeira e cortiza	913.336	3,0	18,4	-1,4
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	698.597	2,3	4,1	7,3
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	3.610.483	11,7	4,6	29,9
Manufacturas de caucho e plástico	871.197	2,8	4,9	-0,6
Produtos minerais non metálicos	659.929	2,1	4,7	11,0
Producción, 1º transformación e fundición de metais	2.359.050	7,6	8,4	12,3
Produtos metálicos	1.531.677	4,9	5,4	6,3
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	829.749	2,7	5,4	82,3
Maquinaria e equipo	866.704	2,8	4,8	8,6
Material de transporte	6.445.782	20,8	9,4	-0,7
Mobles e outras industrias manufactureiras	561.452	1,8	7,1	5,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	926.234	3,0	7,8	16,4
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.846.844	6,0	9,6	9,5
Total	30.943.047	100	7,1	7,7

Fonte: INE, Encuesta Industrial de Productos

3.1.27.

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2008-19



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

3.1.28.

Por último, unha variable que repercute directamente sobre o conxunto da industria é a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais. Ao longo dos últimos anos, o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000

MWh sitúase no primeiro semestre do ano un 21,4% riba da media europea.

Comparado o primeiro semestre de 2019 cos datos correspondentes ao primeiro semestre de 2008, fronte ao incremento do 2,7% do prezo no conxunto da UE-

Balance enerxético de Galicia 2018-19

	Galicia				Galicia / España	
	2018		2019		2018	2019
	MWh	(% total)	MWh	(% total)	(%)	
Xeración renovable	17.362.169,7	55,4	16.203.915,3	65,2	17,3	16,6
Hidráulica	8.525.807,4	27,2	7.054.830,4	28,4	25,0	28,5
Eólica	8.381.778,7	26,8	8.705.051,2	35,0	16,9	16,0
Solar fotovoltaica	18.514,6	0,1	20.293,9	0,1	0,2	0,2
Outras renovables	263.039,8	0,8	257.816,3	1,0	3,3	2,9
Residuos renovables	173.029,2	0,6	165.923,6	0,7	19,8	18,6
Xeración non renovable	13.953.098,5	44,6	8.648.217,8	34,8	8,7	5,3
Turbinación bombeo	36.600,0	0,1	42.005,6	0,2	1,8	2,6
Ciclo combinado	809.916,6	2,6	3.454.098,8	13,9	2,7	6,3
Carbón	10.307.835,9	32,9	2.466.035,8	9,9	27,7	19,5
Coxeración	2.625.716,9	8,4	2.520.154,0	10,1	9,1	8,5
Residuos non renovables	173.029,2	0,6	165.923,6	0,7	7,1	7,5
Energía total xerada	31.315.268,2	100	24.852.133,2	100	12,0	9,5
Consumos en bombeo	-233.236,2		-313.349,1		7,3	10,4
Saldo de intercambios	-10.821.964,7		-6.131.158,0		-97,5	-89,3
Demanda en b.c.	20.260.067,4		18.407.626,0		7,5	7,0

Notas

Balance eléctrico: asignación de unidades de producción segundo combustible principal.

Outras renovables: inclúe biogás, biomasa, hidráulica mariña exeo térmica. Os valores de incrementos e ano mobil inclúen residuos ata o 31/12/2014.

Residuos renovables :xeración incluída notras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.

Turbinación de bombeo puro + estimación de turbinación de bombeo mixto.

Ciclo combinado: Inclúe funcionamento en ciclo aberto.

Coxeración: os valores de incrementos e ano móbil inclúen residuos ata o 31/12/2014.

Residuos non renovables: geración incluída notras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.

Demanda correxida: correxidos os efectos de temperatura e laboralidad.

Valor positivo: saldo importador; valor negativo: saldo exportador. Os valores de incrementos non se calculan cando os saldos de intercambios teñen distinto signo.

Fuente: Red Eléctrica de España

3.1.29.

28 (medido en euros correntes), en España o prezo da electricidade para consumidores industriais aumenta un 19,3%. Se a comparación se fai co primeiro semestre de 2014 o descenso en España foi do 7,8%, porcentaxe superior á media da UE-28, que se situou en 5,9%.

• Subsector enerxético

A xeración de enerxía eléctrica en Galicia descende de xeito significativo no ano 2019 segundo datos do balance enerxético facilitados por Red Eléctrica de España, sendo esta caída moi superior do conxunto do Estado. No último ano Galicia xerou un total de 24.845 GWh, o que supón un 20,6% menos que no ano anterior (-0,1% en España). Tendo en conta esta evolución, o peso relativo de Galicia no total estatal descende ata o 9,5%, case tres puntos menos que en 2018 (12%), o que a mantén como a terceira comunidade autónoma con maior porcentaxe de xeración eléctrica, por detrás de Cataluña e Andalucía.

A demanda de enerxía en Galicia redúcese no ano 2019 un 9,1% para situarse en 18.353 GWh, o 7% da total estatal, polo que no ano 2019 o saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 6.131,2 GWh, case un 43% menos que no ano precedente (10.822 GWh nese ano).

En relación ao tipo de xeración, o devandito balance enerxético de REE reflicte que o 35% da xeración total en Galicia procede da enerxía eólica, seguido da produción de enerxía hidráulica (28,4%) e do ciclo combinado (13,9%). Cómpre resaltar a forte caída da xeración eléctrica procedente carbón, o que explica que a xeración de electricidade procedente de fontes non renovables descenda en Galicia un 38%. En 2019 o carbón representa o 9,9% da enerxía xerada en Galicia fronte ao 32,9% do ano anterior.

No concernente á produción de enerxía eléctrica a par-

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2018-19

2018

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
	(en tm.)			
Galicia	2.494.191	248.985	1.889.084	356.123
A Coruña	1.124.788	103.106	725.057	296.625
Lugo	368.655	28.091	322.099	18.465
Ourense	309.991	28.246	255.307	26.439
Pontevedra	690.758	89.542	586.621	14.594
España	36.024.929	4.864.382	28.924.561	2.235.987
Galicia/España (%)	6,9	5,1	6,5	15,9

2019

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
	(en tm.)			
Galicia	2.584.623	266.320	1.950.717	367.586
A Coruña	1.138.983	109.000	720.474	309.510
Lugo	384.103	30.480	334.541	19.082
Ourense	323.308	30.924	266.366	26.018
Pontevedra	738.228	95.915	629.337	12.976
España	36.622.202	5.374.246	29.320.759	1.927.197
Galicia/España (%)	7,1	5,0	6,7	19,1

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.1.30.

tir de enerxías renovables, coxeneración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un lixeiro descenso da enerxía vendida, aumentando por contra a potencia instalada. No ano 2019 vendéronse un total de 13.415 xigavatios, un 0,3% menos que no exercicio precedente, o que contrasta co incremento do conxunto do Estado (5,1%). Tras esta evolución, Galicia mantense como a terceira Comunidade con maior enerxía vendida (12,3% do total estatal) por detrás de Andalucía (16,1%) e Castela e León (15,5%).

A potencia instalada é de 4.744 megavatios, o que representa o 11% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia mantense no cuarto lugar, por detrás de Castela e León (17,1%), Andalucía (16,4%) e Castela-A Mancha (14,7%).


Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 64% da enerxía vendida en Galicia en 2019 (8.587 xigavatios) corresponde á eólica, seguida da coxeneración que representa o 18,8% (2.520 xigavatios). Estas dúas fontes enerxéticas tamén son as máis relevantes

no conxunto do Estado, se ben a súa importancia relativa é do 48,9% no caso da eólica e do 24,2% no da coxeneración.

No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma, este aumenta no ano 2019 un 3,6%, case dous puntos por riba do experimentado en España (1,7%). Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende en Galicia a 2.584,6 miles de toneladas métricas, o que representa o 7,1% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.30.**, o devandito incremento prodúcese tanto no consumo de fuel óleos (3,2%) como no de gasóleos (3,3%) e de gasolinas (7%). O produto máis consumido son os gasóleos, representando un 75,5% do consumo total en Galicia (80,1% en España), sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo do 14,2%, nove puntos porcentuais superior ao do Estado, e do 10,3% no caso das gasolinas (14,7% no conxunto do Estado).

• Industria da automoción

Neste apartado analízanse os principais datos dispoñibles da industria da automoción en Galicia. As Contas

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-19 ⁽¹⁾

(1) facturación en millóns de euros

Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.1.31.

económicas anuais, publicadas polo IGE, sinalan a rama de actividade da fabricación de vehículos e compoñentes como sector característico da economía galega. Este sector xerou un VEB no ano 2017 (último dispoñible) de 976 millóns de euros e 14.354 postos de traballo equivalentes a tempo completo. Esta rama de actividade representa o 13,7% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira galega nese ano, a porcentaxe máis reducida dende o ano 2000 (17,9% no ano 2013), e o 11,2% do emprego, case un punto porcentual menos que en 2013 (12,1%).

Os datos de afiliacións á Seguridade Social amosan que a 31 de decembro de 2019 Galicia contaba con 15.809 afiliacións en alta laboral no sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (1.562 máis que na mesma data do ano anterior; 11%). Un total de 7.753 afiliacións estaban no subsector de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios (49% do total); 6.824 no de fabricación de vehículos de motor (43,2%); e os 1.232 restantes no de fabricación de carrocerías (7,8%). Comparado co ano anterior, as tres ramas de actividade presentan unha medra da ocupación, salientando o incremento do 17,2% (999 afiliacións) no caso da fabricación de vehículos de motor, por diante da fabricación de compoñentes, cun 6,9% (500 afiliacións).

O sector da automoción tamén pode valorarse en base aos datos facilitados pola Fundación Clúster da Auto-

moción de Galicia (CEAGA). A ano 2019 foi un bo ano para o sector tendo en conta que as 130 empresas que compoñen o clúster de automoción rexistraron un récord de facturación e exportación. Dunha banda, tendo en conta o maior valor engadido dos novos modelos e a apertura internacional do subsector da industria de compoñentes, as empresas facturaron un total de 9.700 millóns de euros, o que representa un incremento do 12,5% con respecto ao ano anterior. En relación ao investimento realizado polas empresas do sector englobadas no clúster ascende ata os 250 millóns de euros.

Finalmente, os datos da Dirección General de Tráfico (DGT) reflicten que en 2019 se racha a tendencia positiva iniciada en 2013 ao rexistrarse un descenso das matriculacións de vehículo en Galicia. No último ano matricularonse un total de 58.692 vehículos, o 3,2% do total estatal, o que supón un descenso do 7% respecto ao ano anterior (4.411 vehículos menos). Esta caída ven explicada fundamentalmente pola evolución dos turismos, con aproximadamente 5.800 matriculacións menos (11,8%) e furgonetas, cunha caída superior a 600 unidades (14,6%). En termos relativos os descensos máis acusados rexístranse no caso dos autobuses e semirremolques, cun 37% e 22,5% menos, respectivamente. Pola contra, cómpre resaltar o incremento das matriculacións de ciclomotores, cun 6,6% máis que no ano anterior, e as motocicletas, cun 14% máis.

A nivel provincial, a DGT amosa que o devandito descenso das matriculacións prodúcese en todas as provincias, sendo a caída máis acusada en termos absolutos a rexistrada na provincia da Coruña, con 2.268 vehículos matriculados menos que no ano anterior, por diante de Lugo, con 982 matriculacións menos. En termos relativos salienta o descenso das matriculacións do 10,9% na provincia de Lugo e do 8,1% na Coruña, situándose esta porcentaxe no 4,7% en Ourense e no 4,4% en Pontevedra. Tras esta evolución, A Coruña concentra o 43,7% do total das matriculacións galegas e Pontevedra o 30,9% do total.

• Industria naval

O ano 2019 foi un mal ano para a industria naval (CNAE 30.1) atendendo á evolución do número de afiliacións á Seguridade Social, que presenta unha caída do 11% respecto ás rexistradas no ano anterior. A 31 de decembro de 2019, o sector contaba con 5.346 afiliacións, a cifra máis reducida dos últimos cinco anos, o que supón unha caída de 659 afiliacións respecto ao ano anterior. O devandito descenso das afiliacións no sector naval rexístrase nas tres provincias, presentando A Coruña a maior redución tanto en termos absolutos (398 afiliacións menos) como relativos (13,9%), por diante de Pontevedra, con 250 afiliacións menos (8,3%) e Lugo, con 11 afiliacións menos (9,9%). No ano 2019 Pontevedra mantense como a provincia galega con maior número de afiliados no naval con 2.777 persoas (51,9% do total do sector), seguida da Coruña con 2.469 afiliacións (46,2%).

No concernente á actividade contractual, o ano 2019 caracterizouse por un descenso do número de novos contratos nos estaleiros galegos, asinándose un total de doce novos contratos, tres menos que no ano anterior. Galicia mantense como a comunidade autónoma con maior número de novos contratos por diante de Asturias (8 contratos) e País Vasco (5 contratos). Este descenso reflíctese nunha importante caída do arqueado bruto compensado (CGT), co que se racha a tendencia crecente iniciada en 2016. No último ano o arqueado bruto compensado en Galicia acadou os 52.062 CGT, o 38,1% do total estatal, fronte ao 32,8% de Asturias e o 29,1% do País Vasco. A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro de 2019 era de 24 buques,

tres menos que na mesma data do ano anterior, o equivalente a 228.849 CGT, o 60,8% do total estatal. No último ano Galicia sitúase como a C.A. con maior número de buques en carteira, seguida de Asturias (11 buques) e o País Vasco (10 buques).

O carácter exportador da industria naval queda reflectido no feito de que dos devanditos 12 novos contratos, só dous se corresponden con clientes españois, e os restantes 10 son contratos con terceiros países: Arxentina, Groenlandia, Malvinas e Namibia con dous; e Islandia e Tahití, cun contrato.


En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probos oficiais), reflicte que o arqueado bruto compensado dos estaleiros galegos descendeu no último ano ata as 55.293 CGT, o que a sitúa como a Comunidade con maior actividade, moi por diante de País Vasco (38.103 CGT), Asturias (36.372 CGT) e de Andalucía (30.347 CGT).

Comparando a situación da construción naval nos estaleiros galegos entre os anos 2013, cando o sector tocou fondo (ningún contrato novo e seis en carteira de pedidos) e 2019, **cadro 3.1.32.**, obsérvase un notable incremento do índice de actividade ponderada, que pasa de 49.935 CGT aos devanditos 55.293 CGT (acada o seu valor mínimo en 2014, con 26.488 CGT). O arqueado dos barcos construídos nos estaleiros galegos antes da crise económica ascendía a 172.878 CGT.

• Industria téxtil

As contas económicas de Galicia reflicten que o valor engadido bruto xerado polo sector téxtil (división 13 - 15 da CNAE 2009) acadou en Galicia no ano 2017 (último dato dispoñible) os 520,4 millóns de euros, dos que 476,4 corresponden á confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. O número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende nese último ano a 10.948, dos que 9.375 pertencen ao subsector de confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. Atendendo ao seu peso no conxunto da economía galega, esta rama de actividade representa o 7,3% do valor engadido bruto xerado pola industria manufacturera no ano 2017 (6,8% no último

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-19: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*

3.1.32.

ano da crise) e o 8,6% do emprego (9,3% en 2013).

A 31 de decembro de 2019 Galicia contaba con 10.485 afiliacións á Seguridade Social, 298 menos que na mesma data do ano anterior, o que supón o 7,8% das afiliacións da industria manufacturera, a porcentaxe máis reducida dende o inicio da crise económica (9,6% en 2009 e 9,3% en 2013). No último ano o devandito descenso ven motivado pola caída das afiliacións no caso da confección e roupa de vestir (410 menos que no ano anterior; 4,5%), aumentando en 112 afiliacións a industria téxtil (6,9%). Estas ramas de actividade presentan a 31 de decembro do último ano un total de 8.747 e 1.738 afiliacións, respectivamente. No ano

2017, último ano do que se dispón de datos das contas anuais, Galicia contaba de media con 10.827 persoas afiliadas o último día de cada mes, dos que 9.247 o estaban no subsector de confección e roupa de vestir.

• Industria da alimentación

As contas anuais reflicten que a produción da industria de alimentación (división 10 da CNAE 2009) ascendeu no ano 2017 (último dispoñible) a 1.243,4 millóns de euros, dos que 478,4 millóns corresponden ao procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (38,5%); 253,8 millóns de euros ao procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (20,4%); ou 137 millóns á fabricación de produtos

lácteos (11%). No concernente ao emprego, as contas económicas indican que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascendeu a 27.570 postos de traballo, dos que 11.063 corresponden á actividade de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (40,1%); e 4.283 ao subsector de procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (15,5%). A fabricación de produtos lácteos concentra o 7,3% do emprego neste subsector industrial (2.021 postos de traballo equivalentes a tempo completo).

A industria alimentación considerada no seu conxunto representa o 17,4% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira, máis de dous puntos porcentuais inferior ao peso relativo no último ano da crise (19,5%), e o 21,6% do emprego neste subsector, medio punto por riba do rexistrado en 2013.

A 31 de decembro de 2019 as afiliacións á Seguridade Social ascenderon a 30.388 persoas, o que supón un incremento do 2,4% respecto á mesma data do ano anterior (720 afiliacións). Atendendo á súa evolución dende o inicio da recuperación económica, o seu peso relativo no total da industria manufactureira permanece relativamente estable en torno ao 22,5% (21,6% en 2013). A diferenza do acontecido no sector téxtil, o peso relativo do sector da alimentación nas industrias manufactureiras aumenta entre os anos 2009 e 2017 dende o 18% ata o 22,5% do ano 2018 (o téxtil presenta unha tendencia descendente, pasando do 9,6% ata o devandito 7,8%).


• Industria da madeira

Finalmente, no que á industria da madeira e fabricación de mobles se refire (ramas 16 e 31 da CNAE 2009), as contas económicas reflicten que o VEB xerado por esta rama de actividade ascendeu en 2017 ata os 517,2 millóns de euros, dos que 343,8 millóns corresponden á industria da madeira (66,5%), aollendo un total de 11.855 postos de traballo equivalentes a tempo completo (7.817 pertencentes á industria da madeira). O conxunto da industria manufactureira representa o 7,2% do valor engadido bruto xerado polo sector manufactureiro no ano 2017 (6,3% no último ano da crise) e o 9,3% do emprego nesta subsector (9,4% en 2013).

A 31 de decembro de 2019 as afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade acadaron as 12.753 persoas, o que supón o 9,4% das afiliacións da industria manufactureira, unha décima máis que no ano 2013. A industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría acolle a 9.025 afiliacións (o 70,8%) e as restantes 3.728 afiliacións á fabricación de mobles (29,2%). No ano 2017 as afiliacións ascendían a 12.304, o que representaba o 9,5% das afiliacións na industria manufactureira (10,7% en 2009).

...

Construción



3.1. mapa 4: Distribución provincial do VEB do sector da construción por comarcas 2016


No ano 2019 a actividade produtiva no sector da construción medra un 2,6%, dous puntos menos do rexistrado no ano anterior, o que significa que se mantén a acusada desaceleración experimentada en 2018.

Os datos da estimación das contas económicas trimestrais do IGE indican que o valor engadido bruto xerado por esta rama de actividade ascende a 4.384,8 millóns de euros, situándose o seu peso relativo no total estatal no 6%. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no VEB

galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (7,7% en Galicia e 6,2% de media en España).

No que respecta ao emprego no sector, o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo mostra un incremento do 2,4% (1,4 puntos menos), ata acadar os 75.373 postos de traballo no sector da construción, o que supón o 7,4% do total galego. Así mesmo, ao igual que aconteceu no ano anterior, a ocupación estimada pola EPA volve a experimentar unha medra da ocupación, acadando as 70.100 persoas ocu-

VEB e emprego na construción (1) (2)




(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 4-03-2019)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.33.

O sector da construción



Fonte: IGE

3.1.34.

padas, o que supón unha medra do 4,2% respecto ao ano 2018 (2.800 persoas máis). As persoas ocupadas na construción estimadas pola EPA supoñen o 6,4% da ocupación total en Galicia, dúas décimas máis que no ano anterior (6,9% en 2013).

En canto aos datos de visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector, ao longo de 2019 visáronse 1.764 edificios novos, un 16,6% máis


que no ano anterior. A superficie total ascende a 1.056.734 metros cadrados, un 11,1% superior á de 2018. Este incremento na superficie a construír é consecuencia do incremento da superficie destinada a uso non residencial (60,3%; 104.600 metros cadrados máis), fundamentalmente da superficie destinada a uso industrial, que máis que duplica a superficie respecto ao ano precedente (113%; 70.492 metros cadrados máis); en tanto que permanece practicamente estable a superficie de uso residencial (0,1%). Entre estes últimos, redúcese a superficie destinada a blo-

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2018-19: distribución segundo tipo de obra

Obra nova						
	Galicia			España		
	2018	2019	19/18 (%)	2018	2019	19/18 (%)
Total edificios	1.513	1.764	16,6	30.543	31.476	3,1
Uso residencial	1.282	1.540	20,1	25.751	26.644	3,5
Servizos comerciais	58	55	-5,2	1.557	1.524	-2,1
Uso industrial	41	43	4,9	403	475	17,9
Outros	132	126	-4,5	2.832	2.833	0,0

Obras de ampliación						
	Galicia			España		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
Total edificios	146	184	26,0	3.055	3.658	19,7
Vivendas	88	107	21,6	2.007	2.570	28,1
Outros	58	77	32,8	1.048	1.088	3,8

Obras de reforma e/ou restauración						
	Galicia			España		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
Total edificios	1.642	1.738	5,8	32.962	34.818	5,6
Vivendas	1.298	1.325	2,1	25.963	28.364	9,2
Outros	344	413	20,1	6.999	6.454	-7,8



Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Obras en edificación*

Licitación pública en Galicia e España 2018-19: distribución segundo administracións

	2018		2019		19/18	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	328,2	5.414,6	289,2	6.334,5	-11,9	17,0
Mº Fomento	292,0	4.805,4	176,4	5.115,3	-39,6	6,4
Mº para a Transición Ecolóxica	1,6	93,4	68,7	410,3	4.250,6	339,1
Resto Admón. Xeral	34,6	515,7	44,1	808,9	27,5	56,9
Administración Autonómica	336,7	4.206,0	303,7	5.990,2	-9,8	42,4
Administración Local	403,9	7.129,1	342,1	5.863,8	-15,3	-17,7
Concellos	332,2	5.404,1	290,5	4.617,7	-12,5	-14,6
Outras Administracións	71,8	1.724,9	51,5	1.246,1	-28,2	-27,8
Total Licitación	1.068,9	16.749,6	935,0	18.188,6	-12,5	8,6

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.36.

ques de vivendas familiares (11,7%; 54.106 metros cadrados) o que contrasta co incremento experimentado no caso das vivendas unifamiliares (16,4%; 52.000 metros cadrados máis).

A superficie a construír de visados de obra nova supera o millón de metros cadrados, dos que o 73,7% (778.632 metros cadrados) corresponden a edificios de uso residencial.

No que respecta ás obras de reforma e/ou restauración, no ano 2019 reformáronse en Galicia un total de 1.325 vivendas, un 2,1% máis que no ano anterior (27 vivendas máis), o que representa o 4,7% do total estatal. Estas reformas contaron cun orzamento de 92 millóns de euros, o que supón un incremento do 13,4% en relación ao ano anterior.

A licitación de obra pública no ano 2019 caracterizouse por un descenso no seu importe total do 12,5%, o que contrasta co incremento do 8,6% rexistrado no conxunto do Estado. En termos nominais, a licitación pública acadou os 935 millóns de euros, en torno a 134 millóns de euros menos que no ano anterior.

Atendendo aos distintos niveis administrativos, a caída nas contías licitadas rexístrase nos tres niveis administrativos. A licitación pública por parte da Administración Xeral do Estado (AXE), redúcese un 11,9% respecto ao ano anterior, acadando os 289,2 millóns de euros

(30,9% da licitación total en Galicia). Como mostra o **cadro 3.1.36.**, o investimento do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (anteriormente Ministerio de Fomento) sitúase en 176,4 millóns de euros no ano 2019, acadando a licitación pública do Ministerio de Transición Ecolóxica os 68,8 millóns de euros (60,6 millóns na provincia da Coruña) e os 44,1 millóns de euros a do resto dos ministerios.

A licitación pública da Administración Autonómica desce no último ano un 9,8% para acadar os 303,7 millóns de euros, o que representa o 32,5% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local redúcese un 15,3% no último ano para situarse nos 342,1 millóns de euros, o 36,6% do total.

A provincia con maior volume de licitación de obra pública no ano 2019 volve a ser A Coruña, con 390,7 millóns de euros, o 41,8% da licitación total de Galicia. Séguelle Pontevedra, con 275,2 millóns (29,4%); Lugo con 140,1 millóns de euros (15%); e por último Ourense, con 87,4 millóns de euros (9,3%). A Coruña e Ourense presentan unha redución da licitación pública segundo a data do seu anuncio, situándose esta no 19,7% e 65,9%, respectivamente. Mentres que na Coruña este descenso ven motivado pola redución da licitación realizada pola administración autonómica e local, en Ourense esta caída responde unicamente ao comportamento da licitación realizada pola administra-

Licitación pública 2018-19: distribución segundo administración e tipo de obra



2018						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	328,20	336,72	403,94	371,84	697,02	1.068,86
A Coruña	78,53	241,55	166,26	200,71	285,64	486,35
Lugo	4,28	20,74	59,17	24,10	60,09	84,19
Ourense	213,18	17,82	25,28	56,10	200,18	256,28
Pontevedra	30,81	56,37	153,23	90,42	149,98	240,40
Sin rexionalizar	1,40	0,24	-	0,51	1,13	1,64

2019						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	289,24	303,69	342,05	287,61	647,36	934,97
A Coruña	121,53	144,59	124,62	110,95	279,78	390,73
Lugo	41,14	40,99	57,97	44,49	95,61	140,10
Ourense	26,11	31,52	29,78	48,15	39,26	87,41
Pontevedra	58,88	86,59	129,68	83,87	191,28	275,15
Sin rexionalizar	41,58	-	-	0,15	41,43	41,58

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.37.

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2009-19

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.38.

ción xeral do Estado. No extremo oposto, a licitación medra en Lugo e Pontevedra (66,4% e 14,5%, respectivamente) por mor do incremento da administración xeral e autonómica.

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, e a diferenza do acontecido no ano anterior, en 2019 descende de maneira significativa tanto a licitación en edificación como en obra civil. Tras unha

caída do 7,1%, a licitación en obra civil situouse en 647,4 millóns de euros, 49,7 millóns menos que no ano anterior, o que supón o 69,2% do total galego. A licitación en edificación descende un 22,6% en relación ao ano anterior, acadando os 287,6 millóns de euros (84,2 millóns menos que en 2018).

En termos monetarios, A Coruña lidera a licitación tanto no caso da obra civil (279,8 millóns de euros)

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2018-19

	Hipotecas constituídas			Importe medio		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
<i>(en miles de euros)</i>						
Galicia	16.838	15.859	-5,8	96,9	102,1	5,4
A Coruña	7.521	7.206	-4,2	105,8	102,7	-2,9
Lugo	1.769	1.623	-8,3	74,2	76,9	3,6
Ourense	1.439	1.454	1,0	76,3	86,1	12,8
Pontevedra	6.109	5.576	-8,7	97,3	112,7	15,8
España	465.508	477.797	2,6	144,2	146,6	1,6
Galicia / España (%)	3,6	3,3		67,2	69,7	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1.39.

como de edificación (111 millóns de euros). Na provincia de Pontevedra esta licitación ascende a 191,3 e 84 millóns de euros, respectivamente. O 71,6% da licitación na provincia da Coruña corresponde a obra civil, situándose esta porcentaxe lixeiramente por baixo do 70% en Lugo e Pontevedra. En Ourense predomina a licitación en obra pública en educación, que concentra o 55,1% do importe total licitado, por diante do 31,8% en Lugo.

• Datos de vivenda

Ademais dos datos analizados no apartado anterior relacionados coa construción residencial, un indicador importante de demanda no ámbito da vivenda é o número de hipotecas constituídas. Os datos do INE amosan un descenso do número de hipotecas constituídas sobre vivendas aínda que aumenta o seu importe medio.

O **cadro 3.1.39.** reflicte que en 2019, tras unha redución do 5,8%, constituíronse un total de 15.859 hipotecas sobre fincas urbanas. Isto contrasta co incremento rexistrado en España (2,6%), reducíndose polo tanto o peso relativo no total estatal ata o 3,3%, tres décimas menos que no ano anterior. No último ano tan só Ourense presenta un incremento do número de hipotecas constituídas (1%), reducíndose máis dun 8% en Pontevedra e Lugo. A provincia da Coruña volve a situarse como a provincia co maior número de hipotecas constituídas, con 7.206, un 4,2% menos que no ano anterior, por diante de Pontevedra, con 6.109 hipotecas (8,8% menos que en 2018). Lugo volve a rexistrar un

descenso do número de hipotecas sobre fincas urbanas ao constituírse un total de 1.769 hipotecas, un 8,3% menos que no ano anterior.

Na mesma liña, o número de hipotecas constituídas sobre vivendas redúcese un 2,8% no conxunto do ano, acadando as 11.160 vivendas, ao contrario do acontecido no Estado onde o número de hipotecas constituídas aumenta un 2,7% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución Galicia acolle o 3,1% das hipotecas sobre vivendas en España. Este descenso ven motivado en grande parte como descenso de 222 hipotecas experimentado en Pontevedra, fronte ás 85 menos na Coruña e 42 menos de Lugo. Ao igual que no caso do conxunto das fincas rústicas, tan só Ourense presenta un incremento do número de hipotecas sobre vivendas (cinco máis). Tras esta evolución A Coruña acolle o 47,3% das hipotecas sobre vivendas galegas (5.349 hipotecas), superando a Pontevedra co 35,4% (4.163). As provincias de Lugo e Ourense concentran o 9,2% e 8,1%, respectivamente (1.070 e 902 hipotecas, respectivamente).

O importe medio das hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, aumenta en 2019 un 0,8%, dúas décimas por riba do rexistrado de media no Estado. En termos monetarios, este importe medio ascende en Galicia a 98.334 euros, en tanto que no Estado o valor medio sitúase en 125.000 euros. Os datos facilitados polo INE reflicten o descenso do importe medio das hipotecas na Coruña e Lugo (0,8% e 0,1%, respectivamente), aumentando un 2,5% en Pontevedra e un 2,9% en Ourense. Tras este comporta-

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2009-19

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivienda libre	
			A más de 3 años	Entre 1 e 5 años
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	Entid. de crédito España	Entid. de crédito Zona euro
	(medias anuais)			
2009	1,618	1,618	3,439	-
2010	1,350	1,350	2,770	-
2011	2,029	2,006	3,383	-
2012	1,111	1,111	3,416	-
2013	0,536	0,536	3,353	3,093
2014	0,477	0,476	3,004	2,818
2015	0,168	0,169	2,212	2,374
2016	-0,034	-0,034	1,952	2,053
2017	-0,145	-0,145	1,910	1,910
2018	-0,173	-0,173	1,921	1,844
2019	-0,215	-0,215	1,935	1,720

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

3.1.40.

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2008-19 ⁽¹⁾

	Total	Galicia				España
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2008	26.590	11.654	3.904	3.079	7.953	552.080
2009	21.292	9.380	2.955	2.361	6.596	413.393
2010	22.570	10.344	3.119	2.728	6.379	439.591
2011	16.437	7.295	2.299	1.944	4.899	359.824
2012	14.534	6.597	1.820	1.634	4.483	318.534
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2014	11.966	5.126	1.914	1.163	3.763	318.830
2015	12.537	5.383	1.929	1.235	3.990	355.556
2016	13.431	6.022	1.802	1.408	4.199	405.385
2017	14.672	6.364	1.769	1.535	5.004	467.644
2018	16.516	7.252	1.993	1.761	5.510	517.984
2019	16.928	7.999	1.795	1.684	5.450	501.085
19/18	412	747	-198	-77	-60	-16.899
19/08	-9.662	-3.655	-2.109	-1.395	-2.503	-50.995

(1) datos 2019 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.1.41.

mento, Pontevedra segue a presentar o importe medio máis elevado, con 105.616 euros, por diante da Coruña, con 99.487 euros. En Ourense e Lugo este importe medio ascende a 88.734 e 71.951 euros, respectivamente.

No ano 2019 mantense o incremento do número de compravendas de vivendas, cunha taxa de variación interanual do 2,5% fronte á caída do 3,3% de media no conxunto do Estado. Segundo os datos publicados polo


INE, no último ano rexistráronse en Galicia un total de 16.928 transaccións, o que supón o 3,4% do total estatal. O devandito incremento tan só se produce na provincia da Coruña, cunha medra do 10,3% (747 máis que no ano anterior). O maior descenso tanto en termos relativos como absolutos, prodúcese en Lugo, cunha caída do 9,9% (198 operacións de compravenda menos), por diante de Ourense, cunha redución do 4,4% (77 menos) e Pontevedra, cun 1,1% (60 transaccións menos) (**cadro 3.1.41.**).

No que respecta ao prezo medio da vivenda, o valor medio do Índice de prezos da vivenda volve a aumentar en 2019 en todas as Comunidades Autónomas tanto no caso da vivenda nova como de segunda man. En España o índice de prezos da vivenda aumenta un 5,1% en relación ao ano anterior para situarse en 124,6 puntos (2015=100), en tanto que en Galicia o seu incremento é do 4%, situándose o seu valor medio en 112,0 puntos. Este crecemento máis moderado apréciase non só no caso da vivenda de segunda man senón tamén no da vivenda nova, que en Galicia aumenta un 3,5% e 7%, respectivamente (4,7% e 7,3% en España).

Vinculado ao prezo da vivenda cómpre facer referencia a indicadores de accesibilidade á mesma. Dunha banda, o esforzo que un asalariado ten de realizar anualmente para facer fronte ás súas obrigas coa entidade financeira –porcentaxe de salario dedicado á cota da hipoteca- descende de xeito continuado dende o ano 2011 para situarse no 25,8%, unha décima menos que no ano anterior (49,1% en 2008). Se en lugar de considerar o prezo hipotecario medio se ten en conta o prezo hipotecario fixo a 20 anos, este indicador sitúouse no 25,8%, catro décimas menos que no ano anterior. Esta mellora na accesibilidade tamén se reflicte no descenso do cociente entre o prezo medio dunha vivenda e o salario anual medio do traballador, que se sitúa en 5,7 anos, é dicir, necesita case seis anos de salario íntegro para poder comprar unha vivenda estándar sen financiamento (5,8 anos en 2018 e 8,4 anos en 2008).

...

VEB e emprego nos servizos (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 5-03-2020)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*.

3.1.42.

CC.AA. como Madrid, Cataluña, Andalucía ou País Vasco.

Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo da actividade das empresas do sector. O **cadro 3.1.44.** amosa que a cifra de negocios dos servizos de mercado aumentou de media un 4,2% en 2019, oito décimas menos que no ano anterior, o que indica que os importes facturados polas empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico das empresas do sector, incluídos os realizados por subcontratación, ralentizan novamente o ritmo de crecemento no último ano.

Dunha banda, ralentízase o ritmo de crecemento das vendas da rama de comercio ao presentar a cifra de negocio unha medra interanual do 3%, dous puntos e medio menos que en 2018. Esta desaceleración da taxa de variación interanual ven motivada en parte pola caída experimentada nos importes facturados na venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (4,3%), así como pola diminución do crecemento tanto no comercio ao retalho como no comercio por xunto e intermediarios do comercio (1,7% e 4%, respectivamente).


Por contra, no que respecta a “outros servizos”, a cifra

de negocios presenta unha importante aceleración no seu ritmo de crecemento (8,3% respecto ao ano anterior). As cinco ramas de actividade consideradas presentan un incremento da cifra de negocios, salientando en primeiro lugar o sector de transporte e almacenamento, cuxa taxa de crecemento interanual ascende a 15,4%, case cinco veces máis que no ano anterior (3,2%). Fronte á caída da hostalería no ano 2018, este sector de actividade presenta unha medra interanual do 5,5%; en tanto que as actividades administrativas e servizos auxiliares presentan unha significativa desaceleración (4,6% fronte ao 12,5% no ano anterior).

O incremento da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O emprego no sector medra en Galicia un 1,4% no último ano, 1,1 puntos menos que o ano anterior, rexistrándose taxas de variación interanuais positivas en todas as ramas de actividade, agás na financeira e de seguros, cuxa ocupación redúcese un 2%. En termos relativos, os maiores incrementos estímense nas “actividades inmobiliarias” e nas de “información e comunicación” cun 3,2% e 2,7%, respectivamente.

A devandita ralentización da actividade económica reflíctese tamén na evolución da poboación ocupada estimada pola Enquisa de Poboación Activa. En termos

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2017



Peso porcentual no VEB do sector servizos de Galicia. Ramas de actividade 2017

Fonte: IGE, *Contas económicas de Galicia*.

3.1.43.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2008-19

	2008	2013	2017	2018	2019
	(%)				
Xeral	-1,5	-2,6	7,9	5,0	4,2
Comercio	-1,9	-2,4	8,8	5,5	3,0
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-16,4	-0,3	-6,1	8,5	-4,3
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	0,9	-2,2	11,7	6,5	4,0
Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-1,2	-3,4	3,7	2,4	1,7
Outros servizos	-0,1	-3,0	4,9	3,5	8,3
Transporte e almacenamento	-1,2	-1,2	3,4	3,2	15,4
Hostalería	-1,6	-3,8	5,9	-1,5	5,5
Información e comunicacións	1,1	-8,8	4,2	0,0	0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6,7	-4,8	5,4	6,3	4,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	-4,2	4,5	8,6	12,5	4,6

(1) Base 2015. Tasas de variación da media do que vai de ano
 Fonte: IGE, Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.

3.1.44.

absolutos, a ocupación no conxunto do sector aumentou en 5.600 persoas cando no ano anterior este incremento fora de 33.600 persoas. Atendendo á súa distribución segundo ramas de actividade, destaca o incremento de 7.400 persoas ocupadas nas actividades sanitarias e de servizos sociais (CNAE 86-88), seguido polas actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (CNAE 58-82), con 6.200 persoas máis. No extremo oposto, o ano 2019 presenta unha forte caída da ocupación no subsector comercio e reparación de vehículos de motor (CNAE 45-47), con 9.800 persoas menos, así como nas de transporte e almacenamento (CNAE 49-53), cun descenso de 1.900 persoas.

Tras unha medra do 0,7% na poboación ocupada no sector servizos, case un punto menos que no conxunto do mercado de traballo galego (1,6%), no ano 2019 había un total de 778.900 persoas ocupadas estimadas no sector servizos, o que representa o 71,1% do emprego en Galicia. Por ramas de actividade salienta o subsector do comercio e reparación de vehículos de motor, con 170.400 persoas, o 21,9% do emprego no sector, o das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais con 152.400 ocupados (19,6%), ou as actividades sanitarias e servizos sociais, con 105.300 persoas (13,5%) entre outras.

Por último, antes de analizar as principais ramas de ac-


tividade, cómpre resaltar o elevado grado de feminización do sector terciario. No ano 2019, o 84,5% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector servizos, sendo esta porcentaxe do 59% entre os homes. Atendendo ao comportamento nos distintos subsectores, o maior diferencial atópase no caso das actividades sanitarias e de servizos sociais, xa que o 16,3% das mulleres traballan nestas actividades fronte a tan só o 3,5% dos homes, por diante da educación (8,7% das mulleres e o 4,2% dos homes) e da hostalería (9,2% e 6%, respectivamente).

• Comercio

O consumo final dos fogares medrou no ano 2019 un 3,3% en relación ao ano anterior, un aumento dúas décimas superior ao de 2018. A pesar desta lixeira ralentización, o índice xeral de vendas ao retalho, medido en prezos constantes, presenta no último ano unha taxa de variación interanual do 1,8%, 1,2 puntos máis que no ano anterior. Esta medra mantense por baixo da rexistrada no conxunto do Estado, que se sitúa no 2,4%. Tal como se aprecia no **cadro 3.1.45.**, o índice de ocupación ralentiza a súa tendencia positiva, presentando un incremento do 0,8% respecto ao ano anterior, dúas décimas menos que no conxunto do Estado.

O número de establecementos de comercio ao retalho en Galicia a 1 de xaneiro de 2019, contabilizados a partir do Directorio central de empresas do INE, foi de

Comercio interior minorista 2008-19: índices de vendas e ocupación (1)



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 Comercio ao retalho, excepto de vehículos de motor e motocicletas
Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

3.1.45.

Comercio minorista en Galicia e España 2018-19: principais indicadores

	Empresas (1)			Locais (1)		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
Galicia	28.820	28.156	-664	36.289	35.665	-624
España	451.471	443.418	-8.053	566.822	559.301	-7.521

(1) datos a partir de INE, Directorio central de empresas (datos a 1 de xaneiro de cada ano)
Fonte: INE, Explotación estadística do directorio central de emresas. DIRCE

3.1.46.

35.665 locais, o que representa o 15,6% do total galego. O número de empresas ascende a 28.156, sendo a súa importancia relativa no total galego do 14%. No conxunto do Estado este sector concentra o 14,5% dos locais e o 13,2% das empresas.

Atendendo á desagregación segundo actividade, cómpre resaltar a importancia dos establecementos de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados, con 5.876 locais (2,6% do total de Galicia); establecementos non especializados, con 3.538 locais (1,5%); e os establecementos de venda e mercadillos, con 3.039 locais (1,3%). En termos do número de empresas o subsector máis importante é o de produtos alimenticios en establecementos especializados, con 5.079, o 2,5% do total galego, sendo esta porcentaxe do 1,5% no caso dos mercadillos e do 1% dos establecementos non especializados.

Asemade, en Galicia hai un total de 6.404 establecementos dedicados á venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45) y 16.655 locais dedicados ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (CNAE 46), o que representa o 2,4% e 6,9%, respectivamente. En termos de número de empresas, o Dirce reflicte que hai un total de 14.067 empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (o 7% das empresas) e 5.261 empresas no ámbito da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,6%).

No caso concreto do comercio polo miúdo, cómpre resaltar o paulatino descenso do número de locais e empresas, tendencia na que incide de xeito importante a evolución dos novos hábitos de consumo. Non obstante, en 2018 redúcese lixeiramente a porcentaxe de poboación de 16 e máis anos que merca por internet, que nese ano situouse no 26,7% da poboación total galega, cando no ano anterior esta porcentaxe ascendía ata o 27,3% (14,8% no ano 2013).

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.5. [Afiliações á Seguridade Social 2018-19: distribución segundo principais ramas de actividade]**, a actividade de comercio ao retalho, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que

acolle un maior número de afiliacións á S.S., con 106.649 persoas afiliadas no ano 2019, o 10,5% do total, o que supón un 0,3% menos que as rexistradas no ano anterior. En sétimo lugar en termos de afiliacións atópase a actividade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), con 48.485 afiliacións, o 4,8% do total de Galicia. O 29,1% do total de afiliados na actividade de comercio ao retalho pertencen ao réxime especial de autónomos, sendo esta porcentaxe do 25,1% no caso do comercio por xunto (20,7% no conxunto de Galicia).

• Turismo

Os datos proporcionados pola Enquisa de ocupación hoteleira proporcionados polo INE reflicten que o número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros de Galicia medrou en 2019 un 6,1% respecto ao ano anterior, tres puntos máis que a media española, cando no ano anterior se experimentara unha redución do 6,4%. Tras esta evolución, o número de turistas ascendeu a 4.461.821 persoas, o que representa o 4,1% do número de turistas a nivel estatal, unha décimas máis que no ano anterior.

O devandito incremento no número de turistas prodúcese tanto nos viaxeiros residentes en España como nos non residentes. En termos absolutos, no último ano rexistráronse en Galicia 255.142 turistas máis que en 2018, dos que 134.591 son residentes en España (4,4% máis que no ano anterior) e 120.552 son residentes no estranxeiro (10,6% máis). A pesar deste acusado incremento do turismo estranxeiro, Galicia segue caracterizándose polo elevado peso relativo do turismo de persoas residentes en España en comparación co que acontece no conxunto do Estado, onde os residentes representan o 48,5% dos turistas, fronte ao 71,8% en Galicia.

Todas as provincias presentan en 2019 un número de viaxeiros superior ao do ano anterior, rexistrando Pontevedra os maiores incrementos en termos absolutos (104.483 viaxeiros máis) e Lugo en termos relativos (11,1%). A provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 1.942.613 persoas, superando a Pontevedra, con 1.505.421 viaxeiros.

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2018-19 ⁽¹⁾

2018

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.206.679	3.067.815	1.138.864	8.493.950	6.502.470	1.991.480	2,02
A Coruña	1.875.881	1.250.480	625.401	3.484.304	2.392.329	1.091.975	1,86
Lugo	588.019	450.398	137.621	1.048.955	869.091	179.864	1,78
Ourense	341.841	297.866	43.975	638.257	554.278	83.979	1,87
Pontevedra	1.400.938	1.069.071	331.867	3.322.434	2.686.772	635.662	2,37
España	105.311.465	51.165.710	54.145.755	339.980.928	116.499.743	223.481.185	3,23

2019


	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.461.821	3.202.406	1.259.416	9.000.049	6.795.991	2.204.057	2,02
A Coruña	1.942.613	1.287.255	655.357	3.699.319	2.537.262	1.162.057	1,90
Lugo	653.453	481.371	172.083	1.140.192	911.336	228.857	1,74
Ourense	360.334	317.773	42.561	677.560	586.902	90.658	1,88
Pontevedra	1.505.421	1.116.007	389.414	3.482.978	2.760.492	722.486	2,31
España	108.595.668	52.672.422	55.923.246	343.118.005	119.485.103	223.632.902	3,16

(1) datos 2019 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.47.

Viaxeiros e pernoctacións 2009-19: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2019 son provisionais



Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.48.

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2018-19 ⁽¹⁾

	Galicia			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2018	38,7	65,2	20,8	2,02
2019	40,7	67,2	21,5	2,02

	España			Estadía media
	Grao de ocupación por praza			
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	
2018	60,2	76,1	45,8	3,23
2019	60,2	76,8	45,1	3,16



(1) datos 2019 son provisionais
 Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1.49.

Como se desprende do **cadro 3.1.47.**, o incremento de viaxeiros residentes en España medra nas catro provincias, en tanto que no caso dos residentes no estranxeiro, Ourense presenta unha redución do 3,2% respecto ao ano anterior (aumenta un 25% en Lugo e un 17,3% en Pontevedra).

Xunto ao incremento do número de viaxeiros, no ano 2019 tamén se rexistra unha medra no número de pernoitas en establecementos hoteleiros. As pernoitas rexistradas aumentaron en Galicia un 6% respecto aos datos do ano precedente (0,9% no conxunto do Estado) acadando os nove millóns.

Tras esta evolución do número de viaxeiros e de pernoitas, a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos mantense en 2,02 días, cifra sensiblemente inferior á rexistrada no conxunto do Estado (3,23 días). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros é de 1,75 días, en tanto que a rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España ascende a 2,12 días. A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,00 días e a dos viaxeiros españois, de 2,27 días. Ao igual que acontecera en 2018, as catro provincias galegas presentan estadías medias inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra onde se

rexistra unha estadía para residentes superior á estatal (2,47 fronte a 2,27 en España).

A estacionalidade segue sendo unha das debilidades do sector. Tal como se reflicte no **cadro 3.1.49.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia é do 67,2% e o mínimo, do 21,5%. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 76,8% e o 45,1% respectivamente. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza aumenta en Galicia dous puntos porcentuais respecto ao ano anterior, para situarse no 40,7%, porcentaxe aínda moi lonxe da media estatal, que se mantén no 60,2%.

Ao longo de todo o ano 2019, o grao de ocupación en Galicia medra todos os meses agás en marzo; sen embargo, o diferencial entre ocupación mínima e máxima (xaneiro e agosto) aumenta ata os 45,7 puntos (44,4 no ano anterior). No conxunto do Estado este diferencial sitúase en 31,7 puntos fronte aos 30,4 puntos do ano 2018.

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. Por quinto ano consecutivo a taxa media ponderada do IPH en Galicia presenta unha taxa de variación interanual positiva, mantendo no ano 2019 unha medra do 1,8%. Este índice medra en todas as CC.AA. agás Asturias (-0,2%), sendo o incremento medio no conxunto do Estado do 1,8%, porcentaxe similar á rexistrada no ano anterior.

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios diarios obtidos por habitación ocupada. Este indicador mantén en Galicia a taxa de incremento interanual do 1,9% rexistrado no ano anterior, acadando os 59,7 euros. No conxunto do Estado esta medra ascende ata o 2,5%, medio punto por riba do experimentado no ano anterior, ascendendo o ingreso medio diario a 91 euros.

Doutra banda, os ingresos medios por habitación dispoñible aumentaron ata os 26,9 euros nominais en Galicia en 2019, lonxe dos 61,2 euros en España. Comparado co resto das CC.AA. tan só Castela A Mancha, Extremadura e Castela e León presentan valores inferiores a Galicia. En relación ao ano anterior este ingreso medou un 7%, máis do dobre do experimentado no conxunto do Estado (3,2%), o que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma co incremento máis acusado, tras Cataluña (7,9%) e Madrid (7,4%).

Dentro do chamado turismo extrahoteleiro analízanse o turismo rural e as vivendas de uso turístico (VUT), ás que se presta especial atención polo impacto que imprimen no panorama turístico en Galicia. Estas VUT son vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

No concernente ao turismo rural, Galicia mantén a súa tendencia positiva en canto á evolución do número de viaxeiros neste tipo de aloxamentos, ao presentar unha medra interanual do 4,2% (9.163 viaxeiros), case tres puntos por riba do experimentado no ano anterior. Segundo se reflicte no **cadro 3.1.50.**, no conxunto do ano 2019 o número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural ascende a 228.449 persoas, en tanto que o número de pernoitas acada as 425.974, un 1,9% máis que as rexistradas en 2018. No conxunto do Estado o número de viaxeiros de turismo rural aumenta nun 3,5% e as pernoitas nun 1,9%, polo que o peso relativo da actividade en Galicia en comparación coa media española ascende ata o 5,2% no caso dos viaxeiros, unha décima máis que no ano anterior, manténdose no 3,7% no das pernoitas.

O devandito incremento do número de turistas ven explicado fundamentalmente polo comportamento das persoas residentes no estranxeiro, cunha medra do 14,2% respecto ao ano anterior (8.998 persoas), permanecendo practicamente estable o número de turis-

Turismo rural en Galicia e España 2018-19 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2018		2019		19/18	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Nº aloxamentos rurais abertos ⁽²⁾	479	16.660	449	17.145	-30	485
Viaxeiros	219.286	4.260.670	228.449	4.410.930	9.163	150.260
residentes en España	156.001	3.396.128	156.166	3.523.734	165	127.606
residentes no estranxeiro	63.285	864.542	72.283	887.196	8.998	22.654
Pernoitas	418.114	11.457.708	425.974	11.670.041	7.860	212.333
residentes en España	311.387	8.251.268	312.543	8.486.619	1.156	235.351
residentes no estranxeiro	106.727	3.206.440	113.431	3.183.422	6.704	-23.018
Grao de ocupación por praza	(%)					
media	18,5	19,3	19,8	19,2		
fin de semana	28,2	33,1	29,3	32,7		
Estadía media (en días)	1,91	2,69	1,86	2,65		

(1) datos 2018 son definitivos e 2019 son provisionais

(2) Media ponderada dos doce meses do ano.

Fonte: INE, *Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural*

3.1.50.

tas residentes en España (0,1%; 165 persoas). En relación ao rexistrado no conxunto do Estado cómpre resaltar non só o maior incremento dos turistas estranxeiros, senón tamén o elevado peso relativo que estes teñen en Galicia, xa que representan o 31,6% dos turistas en establecementos de turismo rural fronte ao 20,1% en España.

O 47,7% dos viaxeiros residentes en España proceden de dentro da Comunidade, seguidos polos procedentes de Madrid, que representan o 16,2% do total, e Cataluña e Andalucía, cun 6,1% do total.

No último ano o número medio de establecementos de turismo rural redúcese en Galicia ata os 449 establecementos, trinta menos que no ano anterior. Esta redución tradúcese nunha caída do número de prazas estimadas, que se sitúa en 5.785, un 4,9% menos que no ano anterior (297 prazas menos). Tendo en conta o incremento experimentado en España, Galicia acolle o 2,6% dos establecementos e o 3,5% das prazas totais estimadas, porcentaxes inferiores ás do ano anterior (2,9% dos establecementos e o 3,8% das prazas).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural ascendeu en Galicia no ano 2019 ata o 19,8%, case punto e medio superior á do ano anterior (18,5%), sendo superior á rexistrada de

media en España (19,2%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza acada o 29,3% na Comunidade Autónoma e o 32,7% no conxunto do Estado (28,2% e 33,1% en 2018). A estadía media nos establecementos mantense en 1,9 días en Galicia e 2,7 días da media no conxunto do Estado.

No concernente ás VUT, os datos do rexistro de empresas e actividades turísticas (REAT) reflicten o seu gran impacto no aloxamento turístico galego. Segundo o REAT, Galicia contaba en 2019 con 7.494 establecementos, o que supón máis de dúas terceiras partes dos establecementos rexistrados. O número total de habitacións ascende ata as 21.596 (o 26,2% do total galego) e as prazas rexistradas situábase en 37.957, o 21,1% do total (**cadro 3.1.51**).

A provincia de Pontevedra é a que acolle o maior número de establecementos, prazas e habitacións, concentrando en torno ao 47% do total fronte ao 37% dos establecementos e habitacións no caso da provincia da Coruña (37,6% das prazas rexistradas).

Finalmente, pola súa importancia, cómpre facer referencia aos principais datos relativos á peregrinación a Santiago de Compostela. A Oficina de acollida ao peregrino recibiu ao longo do ano 2019, **cadro 3.1.52**, un total de 347.578 peregrinos, 20.200 persoas máis que

Vivendas de uso turístico 2018-19

2018			
	Establecementos	Habitacións	Prazas
Galicia	4.630	15.828	21.270
A Coruña	1.578	7.127	5.792
Lugo	588	1.724	2.695
Ourense	97	324	601
Pontevedra	2.367	6.653	12.182

2019			
	Establecementos	Habitacións	Prazas
Galicia	7.494	21.596	37.957
A Coruña	2.762	7.947	14.283
Lugo	985	2.880	4.554
Ourense	215	647	1.189
Pontevedra	3.532	10.122	17.931
Galicia 19/18	61,9	36,4	78,5

Fonte: Turismo de Galicia

3.1.51.

Peregrinación a Santiago de Compostela 2018-19

	2018		2019		19/18	
	(persoas)	(%)	(persoas)	(%)	(persoas)	
Peregrinos	327.378	94	347.578	100	6,2%	20.200
Homes	164.836	50,4	169.777	48,8	3,0%	4.941
Mulleres	162.542	49,6	177.801	51,2	9,4%	15.259
Segundo camiño						
Camiño Francés	186.199	53,6	189.937	54,6	2,0%	3.738
Camiño Portugués	67.822	19,5	72.357	20,8	6,7%	4.535
Camiño do Norte	19.040	5,5	19.019	5,5	-0,1%	-21
Camiño Primitivo	15.038	4,3	15.715	4,5	4,5%	677
Camiño Inglés	14.150	4,1	15.780	4,5	11,5%	1.630
Vía da Prata	9.127	2,6	9.201	2,6	0,8%	74
Camiño Portugués da costa	13.841	4,0	22.292	6,4	61,1%	8.451
Resto camiños	2.161	0,6	3.277	0,9	51,6%	1.116
Nacionalidades						
Española	144.141	41,5	145.659	41,9	1,1%	1.518
Andalucía	30.833	8,9	33.155	9,5	7,5%	2.322
Madrid	28.680	8,3	27.683	8,0	-3,5%	-997
C. Valenciana	17.243	5,0	17.830	5,1	3,4%	587
Cataluña	13.626	3,9	13.183	3,8	-3,3%	-443
Galicia	8.780	2,5	8.309	2,4	-5,4%	-471
Estranxeira	183.237	52,7	201.919	58,1	10,2%	18.682
Italia	27.009	7,8	28.749	8,3	6,4%	1.740
Alemaña	25.296	7,3	26.167	7,5	3,4%	871
EE.UU.	18.582	5,3	20.652	5,9	11,1%	2.070
Portugal	14.413	4,1	17.450	5,0	21,1%	3.037
Francia	8.775	2,5	9.248	2,7	5,4%	473

Fonte: Oficina de Acogida al Peregrino

3.1.52.

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2018-19

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	106.128,8	115.650,5	9,0	62.243,0	64.061,0	2,9
Ferrocarril (2)	2.354,9	1.757,6	-25,4	699,9	676,8	-3,3
Marítimo (3)	37.527,1	33.023,6	-12,0	356,1	317,7	-10,8
Marítimo (4)	1.811,9	1.487,6	-17,9	1.486.558,0	1.554.959,0	4,6
Aéreo	4.244,2	3.894,8	-8,2	5.080,2	5.268,5	3,7

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.1.53.

no ano anterior, dos que un 54,6% percorreron o camiño francés (189.937 persoas), e case un 21% o camiño portugués (72.357 peregrinos). Comparado co ano anterior, cómpre salientar novamente o forte incremento rexistrado no caso do camiño portugués da costa e do camiño portugués, con 8.451 e 4.535 peregrinos máis respectivamente, así como o experimentado no caso do camiño francés, con 3.738 persoas máis.

Atendendo á nacionalidade dos peregrinos, tras unha medra do 10,2% respecto ao ano anterior, case seis de cada dez persoas que chegaron a Santiago no último ano son de nacionalidade estranxeira (201.919 peregrinos), entre os que destacan os italianos (28.749 persoas), alemáns (26.167 persoas) e americanos (20.652 peregrinos). Tendo en conta o incremento de persoas que recorren o camiño portugués, cómpre resaltar a medra do 21,1% de peregrinos de nacionalidade portuguesa, que acadan as 17.450 persoas. Entre os peregrinos de nacionalidade española, 33.155 persoas chegan de Andalucía, 27.683 da Comunidade de Madrid e 17.830 peregrinos da Comunidade Valenciana.

• Transporte

A estrada prevalece como a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

Case tres cuartas partes das mercadorías que se moveron en Galicia no ano 2019 utilizaron o transporte por estrada. As mercadorías transportadas por estrada medraron un 9% no último ano, acadando os 115,7 millóns de toneladas, sendo esta medra significativamente máis elevada que en España, que rexistra un incremento do 2,2%. Deste xeito, o peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada aumenta dende o 5,9% do ano 2018 ata o 6,1% no ano 2019.

No que respecta ao transporte por estrada dentro de España, **cadro 3.1.54.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego é do 22,6%, porcentaxe moi inferior á media estatal que é do 37,2%. No caso do comercio intrarrexional, a súa importancia relativa no total estatal é a terceira máis elevada, por detrás de Canarias e Andalucía, co 73,5% do total. Finalmente o 3,9% do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe internacional, só unha décima porcentual menos que na media do Estado.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo (**cadro 3.1.55.**). O ano 2019 non foi un bo ano para o conxunto dos portos de interese xeral en Galicia, que rexistran unha caída do 12% no seu tráfico de mercadorías, o que contrasta co lixeiro incremento no total estatal (0,2%). Os portos galegos moveron un total de 33.023,6 miles de toneladas, o que supón o 5,8% do total estatal (6,7% no ano anterior). A pesar das fortes

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2018-19 ⁽¹⁾

	2018				2019				19/18
	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional	
Andalucía	234.008	73,4	23,2	3,4	256.805	74,8	22,0	3,2	9,7
Aragón	101.559	44,4	50,4	5,2	101.733	44,1	51,0	4,9	0,2
Asturias	43.319	53,6	44,2	2,3	44.697	64,4	34,0	1,6	3,2
Baleares	24.059	86,9	13,0	0,1	26.341	85,0	15,0	0,1	9,5
Canarias	47.516	100,0	0,0	-	44.846	100,0	0,0	-	-5,6
Cantabria	32.010	42,7	53,7	3,6	38.600	53,4	44,0	2,6	20,6
Castela-A Mancha	126.897	40,3	57,9	1,9	133.763	38,1	59,6	2,2	5,4
Castela e León	141.130	53,4	43,8	2,9	146.370	53,7	43,8	2,5	3,7
Cataluña	274.677	69,1	24,5	6,4	272.639	67,3	25,3	7,3	-0,7
C. Valenciana	250.947	62,0	34,6	3,4	249.990	61,4	35,6	3,0	-0,4
Extremadura	36.111	51,4	43,6	5,0	36.571	50,5	43,1	6,4	1,3
Galicia	106.129	70,3	25,9	3,9	115.651	73,5	22,6	3,9	9,0
Madrid	141.442	44,1	53,3	2,6	156.049	45,8	51,6	2,7	10,3
Murcia	80.181	50,7	44,7	4,6	82.189	44,0	50,5	5,5	2,5
Navarra	45.642	32,9	58,7	8,4	54.275	40,5	52,6	6,9	18,9
País Vasco	95.738	46,5	47,2	6,4	102.051	45,0	48,3	6,7	6,6
A Rioxa	18.137	31,5	64,4	4,2	18.247	33,6	63,7	2,7	0,6
Ceuta e Melilla	882	81,8	18,2	-	830	69,1	29,2	1,7	-5,8
Total	1.800.384	58,6	37,4	4,0	1.881.648	58,8	37,2	4,0	4,5

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiões con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
 Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte de mercancías por carretera*

3.1.54.

caídas rexistradas na Coruña e Ferrol, estas autoridades portuarias mantense como as de maior movemento, concentrando o 41,3% (13.663,6 miles de toneladas) e 33,9% (11.183,7 miles de toneladas), respectivamente.

No último ano tan só os portos de Vilagarcía e, en menor medida, Vigo presentan un crecemento do tráfico de mercadorías (9% e 0,5%, respectivamente). No extremo oposto, a caída rexistrada no porto de Ferrol-San Cibrao supera o 18%, situándose no 13% no caso da autoridade portuaria da Coruña. En Marín-Pontevedra, a caída foi do 2,8%.

O movemento máis importante en termos de volume corresponde aos graneis sólidos, con 13.235,9 miles de toneladas, un 23,3% inferior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 61,2% (8.095 miles de toneladas) e o da Coruña, un 26,3% (3.474,6 miles de toneladas). Como reflicte o citado **cadro 3.1.55.**, o transporte de graneis líquidos é o segundo en importancia en canto a volume, que, tras unha redución do 2,1%, acada os 11.512,1 miles de toneladas, das que o 77,9% corresponde ao porto da Coruña (8.970,3 miles de toneladas).

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 56,7% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado, acadando as 117,6 miles de toneladas no ano 2019, un 4% menos que no exercicio precedente (7,4% menos no conxunto de España). Entre os portos galegos destaca o porto de Vigo ao mover en torno ao 67,9% das descargas de pesca fresca, aumentando un 2,1% en relación ao ano anterior. As descargas de pesca fresca descenden en todos os portos de interese xeral de Galicia, agás en Vigo.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no último ano o volume de mercadorías movidas nestas instalacións redúcese un 17,9% respecto ao ano anterior, movéndose un total de 1.487,6 miles de toneladas. O porto de Cariño, tras unha redución do 5,2%, mantense como o porto máis importante en termos de volume, con 594 miles de toneladas. Séguenlle en importancia os portos de Ribadeo, con 417,4 miles de toneladas, e Brens-Cee, con 203,3 miles de toneladas. Estes tres portos concentran o 81,7% do volume total de mercadoría en 2019 (**cadro 3.1.56.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2018-19

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
	(en tm.)					
Total	11.754.665	11.512.076	17.260.284	13.235.863	7.809.331	7.755.136
A Coruña	9.337.317	8.970.330	4.853.062	3.474.568	1.101.709	973.163
Ferrol-San Cibrao	2.155.623	2.312.415	10.756.980	8.095.037	762.075	762.484
Marín-Ría de Pontevedra	4	8	930.206	888.506	1.583.879	1.549.903
Vigo	93.912	46.778	271.820	297.779	3.770.116	3.816.886
Vilagarcía	167.809	182.545	448.216	479.973	591.552	652.700
Total Portos do Estado	180.719.296	187.139.516	102.366.095	90.975.462	267.372.554	274.032.986
Galicia / España (%)	6,5	6,2	16,9	14,5	2,9	2,8

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
	(en tm.)					
Total	122.527	117.599	580.323	402.903	37.527.131	33.023.577
A Coruña	42.358	35.924	369.357	209.595	15.703.803	13.663.580
Ferrol-San Cibrao	256	147	32.889	13.665	13.707.823	11.183.748
Marín-Ría de Pontevedra	1.744	1.725	25.900	31.496	2.541.733	2.471.638
Vigo	78.169	79.803	148.448	142.864	4.362.465	4.384.110
Vilagarcía	-	-	3.729	5.283	1.211.306	1.320.501
Total Portos do Estado	224.014	207.492	12.874.652	12.255.737	563.556.610	564.611.193
Galicia / España (%)	54,7	56,7	4,5	3,3	6,7	5,8

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte marítimo*

3.1.55.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2018-19

	2018		2019		19/18
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)
Total	1.811.875,2		1.487.605,0		-17,9
Cariño	626.390,8	34,6	593.997,9	39,9	-5,2
Ribadeo	542.450,1	29,9	417.403,6	28,1	-23,1
Brens-Cee	333.721,7	18,4	203.344,0	13,7	-39,1
Viveiro-Celeiro	138.709,0	7,7	106.289,7	7,1	-23,4
A Pobra do Cramiñal	103.083,0	5,7	104.340,0	7,0	1,2
Burela	31.539,6	1,7	37.700,9	2,5	19,5
Ribeira	34.923,0	1,9	23.849,0	1,6	-31,7
Outros (1)	1.058,0	0,1	680,0	0,0	-35,7

(1) Outros portos con tráfico comercial esporádico: Aldán, Canido, Cobre, Muros e Pontecesures
Fonte: Portos de Galicia

3.1.56.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2018-19

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2018	2019	19/18 (%)	2018	2019	19/18 (%)
Total	1.307.212	1.699.387	30,0	356.106	317.711	-10,8
A Coruña	10.022	11.794	17,7	178.965	160.256	-10,5
Ferrol-San Cibrao	10.174	12.189	19,8	17.534	14.928	-14,9
Marín e Ría de Pontevedra	114.821	89.911	-21,7	-	-	-
Vigo	1.168.469	1.580.494	35,3	158.449	141.637	-10,6
Vilagarcía	3.726	4.999	34,2	1.158	890	-23,1
Total Portos do Estado	25.930.306	26.729.772	3,1	10.170.379	10.661.962	4,8
Galicia / España (%)	5,0	6,4		3,5	3,0	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1.57.

nos portos de interese xeral, Galicia presenta no ano 2019 un descenso no caso dos cruceiros, o que contrasta coa medra experimentada no conxunto do Estado. Tras unha caída do 10,8% respecto ao ano anterior, os cruceiros moveron un total de 317.711 persoas, o 3% do total estatal. A Autoridade portuaria da Coruña é a que acolle un maior número de cruceiristas, con 160.256 persoas, o que supón un descenso interanual do 10,5%, superando ao porto de Vigo, con 141.637 pasaxeiros, un 10,6% menos que en 2018. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte incremento rexistrado na ría de Vigo, con 412.025 viaxeiros máis, explica o incremento no 30% nos portos de interese xeral de Galicia (392.175 viaxeiros). Tan só a autoridade portuaria de Marín-Pontevedra rexistra en 2019 un descenso no seu tráfico de viaxeiros de liña regular, cunha caída do 21,7% (24.910 persoas) (**cadro 3.1.57.**).

A cota modal do ferrocarril en Galicia aumenta lixeiramente no último ano para situarse no 1,5% do total de mercadorías transportadas (toneladas). Tras unha acusada caída en 2019 (25,4% menos que no ano anterior), o tráfico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de 1,8 millóns de toneladas, o que representa o 10,3% do total do conxunto do Estado (12,9% no ano precedente).

A nivel provincial, A Coruña, con 840.215 toneladas, representa o 47,8% do tráfico ferroviario de mercadorías total galego e o 4,9% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.58.**, en relación ao anterior tan só Ourense

rexistra un incremento das mercadorías transportadas (68,8%), reducíndose máis dun 40% en Lugo e A Coruña. Na provincia de Pontevedra o descenso foi do 2,7%.

O transporte de pasaxeiros en ferrocarril medra un 1,8% en relación ao ano anterior ascendendo o número de persoas subidas nas estacións galegas ata os 4,7 millóns. Mentres que o número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 2,7%, acadando os 4,1 millóns de persoas, o de longa distancia redúcese un 3,3% para situarse en torno aos 675.000 viaxeiros.

A provincia da Coruña acolle o 56,8% dos viaxeiros de media distancia convencional (2.307.145 persoas), seguida pola provincia de Pontevedra, co 35,2% do total (1.429.988 viaxeiros). No que respecta á longa distancia, as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións son a provincia de Ourense, con 257.037 persoas (38%), e A Coruña, con 237.068 viaxeiros (35%).

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado ao longo de 2019 no sistema aeroportuario galego descende un 8,2% respecto ao ano anterior, acadando un total de 3.894,8 toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal. A diferenza do acontecido en Galicia, o volume de mercadorías transportadas medra en España un 5,7%. Como reflicte o **cadro 3.1.59.**, tras unha medra do 6% respecto ao ano anterior, o aeroporto de San-

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2018-19 ⁽¹⁾

	2018			2019			19/18		
	Viaxeiros		Mercadorías (en tm.)	Viaxeiros		Mercadorías (en tm.)	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia (%)	
Galicia	3.953.919	699.854	2.354.948	4.059.974	676.840	1.757.600	2,7	-3,3	-25,4
A Coruña	2.231.431	251.792	1.409.335	2.307.145	237.068	840.215	3,4	-5,8	-40,4
Lugo	54.463	55.005	211.723	55.219	53.140	120.603	1,4	-3,4	-43,0
Ourense	287.677	265.499	116.008	267.622	257.037	195.774	-7,0	-3,2	68,8
Pontevedra	1.380.348	127.558	617.882	1.429.988	129.595	601.008	3,6	1,6	-2,7
España	32.622.722	33.606.019	18.318.846	32.963.007	34.518.735	17.009.541	1,0	2,7	-7,1

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe

Fonte: Renfe Operadora

3.1.58.

Tráfico comercial aéreo 2018-19 ⁽¹⁾

Operacións			
	2018	2019	19/18
Aeroportos galegos	51.923	51.119	-1,5
A Coruña	17.558	17.199	-2,0
Santiago	21.839	22.396	2,6
Vigo	12.526	11.524	-8,0
Total España	2.300.189	2.360.957	2,6
Galicia / España (%)	2,3	2,2	
Pasaxeiros			
	2018	2019	19/18
Aeroportos galegos	5.080.202	5.268.457	3,7
A Coruña	1.225.763	1.352.583	10,3
Santiago	2.724.750	2.903.427	6,6
Vigo	1.129.689	1.012.447	-10,4
Total España	263.753.406	275.237.801	4,4
Galicia / España (%)	1,9	1,9	
Mercadorías			
	2018	2019	19/18 (%)
Aeroportos galegos	4.244.194	3.894.790	-8,2
A Coruña	163.907	152.304	-7,1
Santiago	3.019.642	3.201.215	6,0
Vigo	1.060.645	541.271	-49,0
Total España	1.010.873.428	1.068.394.637	5,7
Galicia / España (%)	0,4	0,4	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)

Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.1.59.

tiago de Compostela move un total de 3.201,2 toneladas, o 82,2% do total galego, experimentando tanto Alvedro como especialmente Peinador unha redución do volume de mercadorías movidas.

Finalmente, no concernente á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o sistema aeroportuario galego considerado no seu conxunto presenta no ano 2019 un peor comportamento que o total dos aeroportos españois. Dunha banda descende o número de operacións nos aeroportos galegos un 1,5%, o que contrasta co incremento do 2,6% en España; doutra, o incremento do número de pasaxeiros é menos acusado que no conxunto do Estado (3,7% e 4,4%, respectivamente).

O devandito descenso do movemento de aeronaves nos aeroportos galegos ven explicado pola caída das operacións tanto en Vigo como na Coruña, o que contrasta co incremento experimentado no aeroporto de Santiago de Compostela. A pesar deste descenso, o sistema aeroportuario galego presenta en 2019 unha medra do 3,7% no número de pasaxeiros, acadando as 5.268.457 persoas (1,9% do total estatal). Este incremento rexístrase nos aeroportos da Coruña e Santiago, sendo A Coruña o de maior crecemento interanual en termos porcentuais, cun 10,3%, en tanto que Santiago medra un 6,6%. No extremo oposto, o aeroporto de Vigo experimenta unha caída do 10,4% no volume de pasaxeiros. Tras esta evolución, Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con 2.903.427 persoas (o 55,1% do total de Galicia), seguido novamente polo aeroporto de Alvedro, con 1.352.583 pasaxeiros (25,7%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 1.012.447 pasaxeiros (19,2% do total galego).

• Sector financeiro

No ano 2019 continúa o proceso de redución no número de oficinas das entidades de crédito tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Neste último ano rexístranse en Galicia un total de 1.364 oficinas de entidades de crédito, 136 menos das rexistradas en 2018. Dende o ano 2008, o número de entidades de depósito reduciuse un 46,2% en Galicia e un 47,9% de media no Estado.

As catro provincias galegas e gran parte dos concellos

galegos sofren un descenso no número de oficinas de entidades de crédito. Un total de 42 concellos galegos non contaban con ningunha oficina no ano 2019 (24 en 2008) e outros 108 tan só dispoñen dunha sucursal (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 26 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 44 só teñen unha (10 e 18, respectivamente, en 2008).

En relación ao número de habitantes, Galicia conta no último ano con 5,1 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, medio punto inferior á do ano anterior, situándose en 2008 esta relación en 9,1 entidades. Pontevedra mantense como a provincia que presenta unha menor proporción, con 4,5 oficinas por cada 10.000 habitantes (8,7 oficinas en 2008), situándose no extremo oposto Lugo, con 6,7 oficinas (9,5 oficinas en 2008). Asemade, cómpre mencionar que o maior descenso rexístrase en Ourense, ao pasar de 11,2 oficinas a 5,9 oficinas por cada dez mil habitantes entre os dous anos considerados. Na provincia da Coruña hai un total de 4,8 oficinas fronte ás 8,7 oficinas do ano 2008.

No concernente ao emprego, o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64) a 31 de decembro de 2019 ascende en Galicia a 9.498 afiliacións, cifra lixeiramente inferior á do ano anterior (9.525) e case cinco mil menos que no ano 2009 (14.430 afiliacións).

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 4,4%, porcentaxe similar á experimentada no ano anterior, situándose esta taxa de crecemento lixeiramente por baixo da media estatal (un 4,6%). O incremento no volume de depósitos, tanto en Galicia como en España, volve a afectar aos depósitos á vista, diminuindo novamente o volume dos depósitos a prazo, directamente afectados polos baixos tipos de xuro oficiais. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2019 a 63.490,7 millóns de euros, mantendo no 5,2% o seu peso relativo no total estatal.

Por segundo ano consecutivo o valor dos créditos concedidos polas entidades en Galicia presenta un incremento respecto ao ano anterior (descendera no

Entidades de crédito en Galicia e España 2008-19 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

Oficinas				Depósitos (2)				Créditos		
	Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España	Galicia				Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
				Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo			
(en millóns de euros)										
2008	2.512	22	1	48.002,4	7.791,1	12.131,5	28.079,7	70.369,8	1.509,8	68.860,0
2009	2.395	19	1	50.819,6	8.618,9	13.848,7	28.352,0	71.282,7	1.791,1	69.491,6
2010	2.357	15	1	53.035,0	8.821,8	14.199,7	30.013,5	70.509,1	2.612,0	67.897,2
2011	2.136	15	1	51.377,6	7.655,0	14.275,8	29.446,9	64.075,9	2.584,4	61.491,6
2012	2.005	14	1	50.851,4	7.347,6	14.352,0	29.151,7	55.021,1	3.060,9	51.960,2
2013	1.834	9	1	52.763,7	7.973,6	15.417,4	29.372,7	50.104,3	2.710,0	47.394,3
2014	1.727	9	1	55.342,4	9.566,5	16.939,2	28.836,8	44.911,7	3.008,5	41.903,2
2015	1.703	8	1	55.550,7	30.178,7	..	25.372,0	43.020,2	2.805,4	40.214,8
2016	1.591	8	1	57.069,2	35.220,3	..	21.848,9	42.562,8	2.443,3	40.119,5
2017	1.553	8	1	58.228,0	40.887,7	..	17.340,3	40.042,4	1.964,6	38.077,8
2018	1.491	8	1	60.794,4	45.416,8	..	15.343,6	40.892,7	2.198,2	38.694,5
2019	1.355	8	1	63.490,7	50.437,0	..	13.053,6	41.548,5	2.605,8	38.942,7

	Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España	España				Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
				Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo			
(en millóns de euros)										
2008	45.662	402	23	1.143.674,4	248.998,4	179.815,2	714.860,8	1.842.796,7	47.688,2	1.795.108,6
2009	44.085	345	23	1.142.012,5	265.612,8	207.850,1	668.549,6	1.837.760,8	61.227,7	1.776.533,1
2010	42.894	270	23	1.148.252,9	263.438,8	211.346,0	673.468,0	1.856.783,3	74.492,0	1.782.291,3
2011	39.843	260	16	1.109.656,0	267.600,5	203.004,2	639.051,2	1.798.025,7	82.989,2	1.715.036,6
2012	37.903	239	16	1.100.443,7	264.840,6	199.112,4	636.490,7	1.634.654,9	96.890,4	1.537.764,5
2013	33.527	186	16	1.134.914,5	290.344,4	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2014	31.817	182	16	1.139.756,4	337.486,4	221.985,3	580.284,6	1.422.890,3	94.697,0	1.328.193,3
2015	30.921	166	16	1.135.872,1	649.875,8	..	485.996,3	1.360.361,1	85.708,6	1.274.652,5
2016	28.643	164	16	1.140.814,4	753.539,6	..	387.274,8	1.306.395,9	83.866,3	1.222.529,5
2017	27.320	160	16	1.146.916,9	857.075,0	..	261.973,1	1.273.446,0	74.339,5	1.199.106,5
2018	26.011	155	16	1.165.029,7	931.179,7	..	210.956,8	1.215.969,7	65.739,9	1.150.229,9
2019	23.851	153	16	1.218.981,2	1.021.154,4	..	178.832,1	1.199.375,2	63.785,6	1.135.589,6

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro


(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fonte: IGE

3.1.60.



(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano
Fonte: IGE


3.1.61.

Oficinas das entidades de crédito (1)

	2008	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
A Coruña	995	747	705	694	648	631	608	540
A Coruña	306	210	196	193	174	172	165	150
Ferrol	60	42	41	40	35	32	31	29
Santiago de Compostela	113	85	80	82	72	70	65	62
resto de concellos	516	410	388	379	367	357	347	299
Lugo	336	273	261	257	248	244	236	219
Lugo	89	65	62	60	57	57	54	52
resto de concellos	247	208	199	197	191	187	182	167
Ourense	375	242	224	219	204	201	195	182
Ourense	123	84	78	76	67	67	65	63
resto de concellos	252	158	146	143	137	134	130	119
Pontevedra	829	582	547	542	500	486	461	425
Pontevedra	89	60	56	55	49	47	45	42
Vigo	317	219	205	206	181	177	169	157
resto de concellos	423	303	286	281	270	262	247	226
Total	2.535	1.844	1.737	1.712	1.600	1.562	1.500	1.366

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE e Banco de España

3.1.62.



Fonte: IGE

3.1.63.

período 2011-2017), acadando os 41.548,5 millóns de euros, un 1,6% superior ao rexistrado no ano 2018, o que contrasta coa caída do 1,4% no conxunto do Estado. No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia aumentan tanto os créditos concedidos ás Administracións públicas (18,5% máis que no ano anterior) como os concedidos aos restantes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (0,6%). □

3.2. Demografía empresarial

A finais de decembro de 2019 o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia foi de 82.285, o que supón unha caída do 0,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, case 600 empresas menos. Xunto a esta lixeira caída, no último ano rexístrase unha nova redución do número de sociedades mercantís constituídas. En 2019 constituíronse en Galicia un total de 3.825 sociedades mercantís, o que supón unha caída do 6,2% respecto ao ano anterior, porcentaxe sensiblemente superior á experimentada de media no conxunto do Estado (1,6%). En termos relativos constituíronse 14,2 sociedades por cada 10.000 habitantes, índice moi inferior ás 20,2 de media en España.

Xunto á redución do número de sociedades constituídas, cómpre resaltar que por segundo ano consecutivo extínguense máis sociedades que no ano anterior. Neste senso, no último ano extínguense en Galicia 1.507 sociedades mercantís, 51 máis que en 2018, o que representa o 4,8% do total estatal. O índice de rotación, entendido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, volve a aumentar no último ano en Galicia para situarse nas 39,4 empresas, sendo esta rateo de 32,8 empresas en España.

O número de “traballadores autónomos propiamente ditos” descende por cuarto ano consecutivo, situándose no último ano en 135.256 persoas, o que representa o 6,8% do total estatal. Comparado co ano anterior, esta caída foi do 2,3%, fronte ao incremento do 0,2% en España.

Empresas inscritas na Seguridade Social

Segundo os datos da explotación estatística das contas de cotización á Seguridade Social, no ano 2019 ráchase, tanto en Galicia como no conxunto de España, a tendencia positiva da evolución do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social iniciada en 2014 coa recuperación económica. A 31 de decembro de 2019, o número de empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia era de 82.285 empresas (593 menos que na mesma data do ano anterior), o que representa o 6,14% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.2.1.**, o peor comportamento en Galicia a partir do ano 2010 provoca un descenso do seu peso relativo no total estatal, pasando do 6,73% das empresas españolas inscritas á Seguridade Social en 2010 ata o xa citado 6,14% en 2019.

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-2019 ^{(1) (2)}

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España
				<i>(taxa de variación interanual)</i>	
2008	87.472	1.332.090	6,57	-2,4	-5,3
2009	84.715	1.264.689	6,70	-3,2	-5,1
2010	83.504	1.240.847	6,73	-1,4	-1,9
2011	84.808	1.292.153	6,56	1,6	4,1
2012	81.616	1.248.381	6,54	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,43	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,40	0,2	0,8
2015	81.054	1.286.565	6,30	0,9	2,5
2016	81.858	1.312.345	6,24	1,0	2,0
2017	82.273	1.326.161	6,20	0,5	1,1
2018	82.878	1.346.629	6,15	0,7	1,5
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5

	2018	2019	19/18
			<i>(%)</i>
Galicia	82.878	82.285	-593
A Coruña	34.466	34.258	-208
Lugo	11.689	11.537	-152
Ourense	9.810	9.754	-56
Pontevedra	30.465	30.330	-135

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;
unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social.

3.2.1.


Dende o comezo da recuperación económica no ano 2014, a taxa de variación media anual en Galicia foi do 0,5%, oito décimas menos que en España (1,3%). En termos absolutos, entre o 31 de decembro de 2013 e 2019 as empresas inscritas aumentaron en Galicia en 2.167 sociedades, o que representa tan só o 2,3% do incremento total en España (94.248 empresas).

En comparación co acontecido nas diferentes Comunidades Autónomas, mentres que no período 2015-2018 o número de empresas inscritas na S.S aumentou en todas as Comunidades Autónomas, salvo Castela e León en 2018, no último ano tan só cinco CC.AA. rexistran unha medra do número de empresas inscritas: Madrid e a Comunidade Valenciana (0,3%), Baleares (0,2%) e Cataluña e Navarra (permanece practicamente estable). No extremo oposto, catro comunidades presentan unha caída superior á galega en termos relativos: Estremadura (1,8%), Asturias (1,5%), Castela A Mancha (1,2%) e Castela e León (0,8%).

A diferenza do acontecido en anos anteriores, as catro provincias galegas presentan en 2019 unha caída do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social. En termos relativos, o descenso máis acusado experimentase en Lugo, cunha caída do 1,3%, por diante da Coruña e Ourense, cun 0,6% menos, mentres que Pontevedra foi a única cunha caída inferior á rexistrada no conxunto do Estado (0,4% e 0,5% menos, respectivamente). En termos absolutos, A Coruña perde 208 empresas fronte ás 152 de Lugo e 135 de Pontevedra (56 en Ourense). Tras esta evolución, o 78,5% das empresas en Galicia están localizadas nas provincias da Coruña e Pontevedra.

A nivel sectorial o 74,3% das empresas pertencen ao sector servizos (61.116), seguido da construción, que acolle un 10% das empresas (8.206), da industria, cun 8,8% (7.219) e do sector primario, cun 7% (5.744). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta tan só un menor peso relativo no sector primario (8,7% en España), ascendendo esta porcentaxe

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-19: evolución mensual (1)



(1) Variacións sobre igual período ano anterior

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social.

3.2.2.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2018-19: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
Total	82.878	82.285	-0,7	1.346.629	1.340.415	-0,5
Primario	5.803	5.744	-1,0	120.356	116.108	-3,5
Industria	7.292	7.219	-1,0	109.241	108.262	-0,9
Construcción	8.221	8.206	-0,2	124.484	126.261	1,4
Servizos	61.562	61.116	-0,7	992.548	989.784	-0,3
Total	82.878	82.285	-0,7	1.346.629	1.340.415	-0,5
Persoa física	33.913	33.163	-2,2	521.024	511.878	-1,8
Persoa xurídica	48.965	49.122	0,3	825.605	828.537	0,4

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social.

3.2.3.

ata o 73,8% no sector servizos, o 9,4% na construción e o restante 8,1% no conxunto das ramas industriais.

En Galicia, os catro grandes sectores de actividade presentan en 2019 unha caída do número de empresas inscritas, a diferenza do que acontece no conxunto do Estado. Dunha banda, o sector primario e a industria rexistran unha caída interanual do 1% (59 e 73 empresas menos), sendo esta redución do 0,7% no sector servizos (446 empresas). Doutra banda, é a construción quen presenta unha evolución diferente á que se pro-

duce no conxunto do Estado xa que fronte á caída do 0,2% en Galicia (15 empresas) España experimenta unha medra do 1,4%.

A perda de contas de cotización no sector industrial esténdese tanto ás industrias extractivas como as manufactureiras. No sector servizos salienta o importante descenso das contas na sección de comercio por xunto e ao retallo así como da hostelería e transporte, caída compensada polo aumento na gran maioría das restantes seccións que integran o sector.

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2019: principais características ⁽¹⁾

	2019			19/18		
	Galicia	(%)	España	(%)	Galicia / España	(%)
Total	135.256	100	1.998.457	100	6,8	-2,3
sector de actividade						
agricultura	28.168	20,8	226.154	11,3	12,5	-5,6
industria	5.988	4,4	86.024	4,3	7,0	-2,8
construción	15.795	11,7	220.236	11,0	7,2	-2,0
servizos	85.305	63,1	1.466.043	73,4	5,8	-1,1
situación profesional						
sen asalariados	106.830	79,0	1.569.991	78,6	6,8	-2,4
con asalariados	28.426	21,0	428.465	21,4	6,6	-1,7
sen pluriactividade	127.428	94,2	1.867.934	93,5	6,8	-2,8
con pluriactividade	7.828	5,8	130.522	6,5	6,0	7,8
sexo						
homes	78.061	57,7	1.285.583	64,3	6,1	-2,5
mulleres	57.195	42,3	712.873	35,7	8,0	-2,0
idade						
< 25 anos	1.526	1,1	37.865	1,9	4,0	-10,0
25-39 anos	28.937	21,4	495.391	24,8	5,8	-6,4
40-54 anos	62.188	46,0	912.589	45,7	6,8	-1,9
55 ou máis anos	42.605	31,5	552.611	27,7	7,7	0,5
nacionalidade						
españóis	130.779	96,7	1.768.700	88,5	7,4	-2,6
estranxeiros	4.477	3,3	229.756	11,5	1,9	8,6
antigüidade no negocio						
< 6 meses	7.698	5,7	164.284	8,2	4,7	-14,8
6-11 meses	8.120	6,0	147.215	7,4	5,5	-8,6
1-3 anos	20.529	15,2	357.759	17,9	5,7	5,1
3-5 anos	14.361	10,6	227.122	11,4	6,3	-10,7
5 ou máis anos	84.548	62,5	1.102.076	55,1	7,7	-0,4
base de cotización						
mínima	103.043	76,2	1.714.005	85,8	6,0	-2,8
entre mínima e 1,5 veces mínima	10.804	8,0	122.109	6,1	8,8	-32,4
1,5-2 veces mínima	14.257	10,5	66.832	3,3	21,3	47,2
2-3 veces mínima	6.442	4,8	80.737	4,0	8,0	7,6
máis de 3 veces mínima	710	0,5	14.773	0,7	4,8	1,4

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.4.

As catro provincias galegas rexistran en 2019 unha caída do número de empresas inscritas tanto no sector primario como na industria e os servizos. Por contra, no conxunto de actividades do sector da construción, tanto Ourense como Pontevedra presentan un lixeiro incremento do número de empresas (nove e dúas empresas máis, respectivamente).

No que respecta á titularidade das empresas, a 31 de decembro de 2019 case 60 de cada 100 empresas corresponden a persoas xurídicas e 40 son persoas físicas, situándose esta relación en España no 62% no caso das persoas xurídicas e no 38% no das persoas físicas.


• Perfil do traballador autónomo

O número de traballadores afiliados por conta propia

na Seguridade Social en Galicia volve a descender para situarse nas 218.017 persoas (209.114 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 135.256 persoas son “autónomos propiamente ditos”, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

Ao igual que en anos anteriores, Galicia presenta en 2019 un descenso do número de autónomos propiamente ditos (2,3% menos), que contrasta novamente co incremento no conxunto do Estado (0,2%). Esta evolución incide no descenso do peso relativo que se sitúa no 6,8%, unha décima menos que no pasado exercicio.

Traballadores autónomos afiliados 2009-19: taxa variación interanual



Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.5.

A caída no número de traballadores autónomos rexístrase tanto en homes como en mulleres (2,5% e 2%, respectivamente), afectando a todos os sectores produtivos, especialmente ao sector primario (-5,6%), e tanto á categoría “sen asalariados” (2,4% menos), como á de “autónomos con asalariados” (1,7% menos). No que á idade do traballador se refire, o **cadro 3.2.4.** reflicte que en 2019 tan só aumenta o número de traballadores autónomos cunha idade igual ou superior a 55 anos (0,5%), rexistrándose o descenso máis acusado no caso dos traballadores entre 25 e 39 anos (6,4%; 1.969 persoas). O devandito incremento prodúcese no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (8,6%), entre os autónomos que levan no seu negocio de un a tres anos (5,1%) e con bases de cotización superior a 1,5 veces a mínima.

Aínda que as fontes non se poden equiparar completamente, a Enquisa de Poboación Activa reflicte que en 2019, ao contrario do acontecido no ano anterior, redúcese un 3,8% o número de empresarios con asalariados (2.600 persoas menos). Por contra, estímase unha medra do 3,1% dos traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (4.300 máis).

Un ano máis, tal e como sinala o Ministerio de Trabajo y Economía Social, o perfil maioritario dos empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que

traballa no sector servizos; sen asalariados ao seu cargo; cunha soa actividade; varón; cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos; de nacionalidade española; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre resaltar tanto a elevada presenza relativa dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 12,5% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (8% do total estatal) e a presenza de maiores de 55 anos (7,7%). No que respecta ás bases de cotización, os autónomos que en Galicia teñen unha base de cotización entre a mínima e dúas veces a mínima supoñen o 13,3% do total estatal, fronte aos autónomos cunha base de cotización de máis de dúas veces a base mínima, que representan o 7,5%.

Dinámica empresarial

A análise da evolución do tecido produtivo realízase a partir da información proporcionada polo Rexistro Mercantil Central, baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e reducións de capital, situación concursais e sistemas de administración societaria.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2019

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituídas	3.825	1.632	352	368	1.473	94.944
Anónimas	12	5	-	3	4	408
Limitadas	3.706	1.585	346	353	1.422	92.010
Outras	107	42	6	12	47	2.526
Amplían capital	1.320	533	153	150	484	29.789
Anónimas	39	15	2	4	18	1.574
Limitadas	1.252	501	148	146	457	27.528
Outras	29	17	3	-	9	687
Extinción	1.507	670	170	151	516	31.141
Anónimas	45	19	3	4	19	1.903
Limitadas	1.360	587	162	134	477	27.559
Outras	102	64	5	13	20	1.679
Capital subscrito						
<i>(en miles de euros)</i>						
Sociedades	373.901,3	167.253,2	19.646,6	67.626,7	119.374,9	5.550.512,5
Anónimas	57.385,0	540,0	-	55.345,0	1.500,0	245.689,4
Limitadas	313.650,4	164.626,8	19.554,7	12.207,0	117.261,9	5.207.901,1
Outras	2.865,9	2.086,4	91,8	74,7	613,0	96.922,0
Capital desembolsado						
<i>(en miles de euros)</i>						
Sociedades	373.822,0	167.253,2	19.646,6	67.582,4	119.339,9	5.507.566,7
Anónimas	57.305,7	540,0	-	55.300,7	1.465,0	202.792,0
Limitadas	313.650,4	164.626,8	19.554,7	12.207,0	117.261,9	5.207.901,1
Outras	2.865,9	2.086,4	91,8	74,7	613,0	96.873,6
Capital desembolsado das que amplían capital						
<i>(en miles de euros)</i>						
Sociedades	698.983,7	457.825,9	40.449,8	50.275,4	150.432,5	24.476.818,4
Anónimas	268.544,3	253.944,0	389,9	2.223,9	11.986,4	6.286.024,0
Limitadas	428.511,6	203.113,3	39.882,9	48.051,5	137.464,0	17.950.773,2
Outras	1.927,7	768,6	177,0	-	982,2	240.021,1

Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.6.

En relación ás actas de constitución de sociedades, o ano 2019 caracterízase por un novo descenso do número de sociedades constituídas en Galicia. Este descenso foi do 6,2% na Comunidade Autónoma, porcentaxe moi superior á rexistrada no conxunto do Estado, onde a caída foi do 1,6% respecto ao ano precedente. O número de sociedades mercantís creadas en Galicia foi de 3.825, o que representa o 4% do total de sociedades constituídas en España nese ano. Máis de sete de cada dez sociedades mercantís constituídas ao longo do ano 2019 en Galicia pertencen ao sector servizos, das que o 31,9% son actividades de comercio.


No que respecta á evolución nos últimos anos, como se aprecia no **cadro 3.2.7.**, o número de sociedades mercantís constituídas en Galicia descende todos os anos dende a recuperación económica agás en 2016,

mentres que no conxunto do Estado alterna taxas positivas e negativas.

Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que entre os anos 2018 e 2019 o devandito descenso prodúcese nas catro provincias galegas, salientando as caídas na Coruña, con 106 sociedades menos (6,1% menos), e Lugo, con 80 sociedades menos (18,5%). A continuación situaríase Pontevedra, con 41 sociedades menos (2,7%) e Ourense, con 25 menos (6,4%). Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.632 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.473 sociedades, o que supón o 81,2% das sociedades constituídas na Comunidade Autónoma.

Considerando a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indica-

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-19



Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.7.

dor da taxa de creación de sociedades mercantís, Galicia mantén en 2019 unha tendencia descendente ao crear un total de 14,2 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 15,1 do ano anterior (17,2 no ano 2017). Como se aprecia no **cadro 3.2.8.** a taxa acadada no último ano en Galicia non só é a máis reducida dende o ano 2009, senón que o diferencial con respecto á media española é o máis elevado ao longo de toda a serie analizada (20,2 sociedades en España fronte ás devanditas 14,2 en Galicia).


Este indicador de creación de sociedades mercantís descende nas catro provincias galegas, se ben o fai a un ritmo dispar. Dunha banda, Pontevedra mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 15,6 sociedades creadas en 2019 por

cada 10.000 habitantes (16,1 no ano anterior). No extremo oposto, Lugo, que presenta a caída máis acusada respecto ao ano anterior, pasa a situarse como a que presenta o índice máis reducido, con 10,7 empresas por cada 10.000 habitantes (13,1 no ano precedente). Na provincia da Coruña esta taxa sitúase en 14,6 sociedades por cada 10.000 habitantes (15,5 no ano 2018) e en Ourense, nas 12 sociedades (12,8 no ano anterior).


A pesar da devandita caída do número de sociedades mercantís constituídas en 2019, o capital subscrito por estas sociedades presenta un crecemento do 36,1% respecto ao ano anterior, acadando os 373,9 millóns de euros. Deste xeito, o capital medio subscrito medra un 45,1%, pasando de 67.384,01 euros no ano 2018 a

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-19 ⁽¹⁾

Taxa de creación de empresas ⁽¹⁾



Índice de rotación empresarial ⁽²⁾



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións

Fonte: Registro Mercantil Central

3.2.8.

97.751,96 euros en 2019 (58.460,91 euros no conxunto do Estado). O incremento no volume de capital subscrito é consecuencia da maior subscrición de capital das empresas constituídas nas provincias da Coruña, con 80,4 millóns de euros máis que no ano anterior (92,5%); e Ourense, con 49,5 millóns máis (273,1% máis que no ano anterior). Pola contra, a subscrición de capital redúcese en Pontevedra en 23,3 millóns (16,4%) e en Lugo en 7,3 millóns (27,2%).

No que respecta ás sociedades mercantís que ampliaron o seu capital, tanto Galicia como o conxunto de España rexistran en 2019 un descenso no seu número, sendo máis acusado no Estado. Tras unha redución do 1,5% na Comunidade Autónoma (3% no conxunto do Estado), no último ano rexistráronse en Galicia 1.320 ampliacións, o que supón o 4,4% do total estatal. Tras

a devandita caída do número de sociedades que ampliaron o seu capital, o capital subscrito nestas ampliacións rexistrou en Galicia unha redución do 36,6%, fronte ao descenso do 4,3% en España. Tras esta evolución, o capital subscrito nas diferentes ampliacións das sociedades galegas descende ata os 699 millóns de euros, o 2,9% do total estatal.

A nivel provincial, o devandito descenso ven motivado polo comportamento en Pontevedra e A Coruña, cunha caída do 5,5% (28 menos que no ano anterior) e 2% (11 menos), respectivamente. Por contra, o número de empresas que amplían capital aumenta un 12,5% en Lugo (17 empresas máis) e un 1,4% (2 sociedades máis) en Ourense. No concernente ao capital subscrito por estas sociedades, tan só a provincia da Coruña presenta unha medra do mesmo, cun incremento do 4,4% (2 millóns

de euros máis). Pola outra banda, o descenso máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, rexístrase en Pontevedra, cunha caída do 70,5% respecto ao subscrito nas ampliacións do ano anterior (360,2 millóns de euros menos); en tanto que supera o 30% a caída en Ourense (27,3 millóns menos) e Lugo (17,6 millóns de euros menos que no ano anterior).

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia medra un 3,5% en 2019, para situarse nas 1.507 empresas, 51 máis que no ano anterior. Este incremento é medio punto inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, polo que o peso relativo das extincións de sociedades en Galicia se reduce ata o 4,8% do total estatal, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2009. O número de sociedades extinguidas descende nas provincias de Pontevedra (15 menos que en 2018; 2,8%) e Lugo (14 sociedades menos; 7,6%), aumentando na provincia da Coruña un 8,4% (52 sociedades máis) e un 22,8% en Ourense (28 máis).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas (índice de rotación) volve a incrementarse en Galicia no último ano para situarse nas 39,4 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, manténdose este indicador por riba da media española ao longo dos últimos once anos, tal e como se reflicte no **cadro 3.2.8.** No conxunto do Estado o índice de rotación empresarial ascende ata as 32,8 sociedades.

Ao igual que no ano anterior, os índices de rotación aumentan nas catro provincias agás na provincia de Pontevedra, e as catro presentan un índice de rotación superior á media española. Lugo volve a rexistrar o valor máis elevado, cun total de 48,3 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido da Coruña con 41,1; Ourense con 41,0; e Pontevedra con 35,0.

No que respecta ás **empresas en concurso de acredores (cadro 3.2.9.)**, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial, no último ano ráchase a tendencia descendente iniciada en 2014. Galicia presenta en 2019 unha medra do 13,7% das empresas

concuradas en relación ao ano anterior, sendo este incremento moito máis acusado que no conxunto do Estado, cunha taxa de variación interanual positiva do 3%.

O número de empresas concursadas ascendeu en Galicia ata as 232, o que supón o 5,2% do total estatal, medio punto por riba do rexistrado no ano anterior. Atendendo aos datos publicados polo INE, o perfil maioritario das empresas concursadas en Galicia é o dunha empresa que desenvolve a súa actividade no ámbito do sector comercio, tanto comercio por xunto como polo miúdo e vehículos; de un a dous asalariados e cunha antigüidade superior aos vinte anos. Igualmente, no conxunto do Estado o predominio corresponde a unha empresa do subsector do comercio por xunto, de entre un e dous asalariados e cunha antigüidade de entre cero e catro anos. Segundo a súa forma xurídica, o 83,6% das empresas concursadas en Galicia no ano 2019 eran sociedades de responsabilidade limitada (194 empresas); seguidas a moita distancia polas persoas físicas, cun 8,2% (19 empresas) e polas sociedades anónimas cun peso relativo do 5,6% (13 empresas).

Case o 38% das empresas concursadas en Galicia no último ano (88 empresas) localízanse no tramo máis baixo de volume de negocio (ata 250.000 euros), rexistrándose só 13 empresas concursadas no último ano cun volume de negocio superior a 5 millóns de euros, o 5,6% do total. No conxunto do Estado estas porcentaxes sitúanse no 34,4% e 4,9%, respectivamente.

Tanto en Galicia como en España, o número de empresas concursadas descende no caso daquelas empresas cun volume de negocio inferior a medio millón de euros, sendo esta caída do 8,8% en Galicia (11 empresas) fronte ao 6,1% en España. Por contra, cómpre resaltar o incremento experimentado no caso das empresas cun volume de negocio comprendido entre un e dous millóns, que pasa de 10 a 28 empresas; e naquelas entre medio e un millón de euros, que acadan en 2019 un total de 27 empresas, once máis que no ano anterior.

No que ás empresas concursadas segundo sector e ac-


**Empresas concursadas en Galicia e España 2018-19: distribución
segundo actividade económica principal ⁽¹⁾**

	Galicia		España	
	2018	2019	2018	2019
Total	204	232	4.332	4.464
Agricultura e pesca	2	4	65	68
Industria e enerxía	34	44	551	598
Bens intermedios	12	21	178	204
Bens de capital	9	4	120	123
Bens de consumo	1	4	43	35
Bens de consumo non duradeiro	12	14	190	216
Enerxía	-	1	20	20
Construción	44	33	661	557
Edificios e promoción inmobiliaria	29	17	443	349
Resto	15	16	218	208
Servizos	112	137	2.638	2.811
Comercio maiorista	22	30	514	610
Comercio polo miúdo e vehículos	22	28	462	488
Transporte e almacenamento	12	12	208	223
Hostelería	14	14	268	317
Información e comunicacións	7	6	153	167
Inmobiliarias, financeiras e seguros	6	5	133	146
Actividades profesionais e técnicas	12	18	315	334
Actividades administrativas e servizos auxiliares	9	8	238	233
Resto de servizos	8	16	347	293
Sen clasificar	12	14	417	430

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2019 son provisionais
 Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.2.9.

Empresas concursadas 2008-19



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.2.10.

tividade económica se refire, o devandito incremento das empresas concursadas en Galicia, ven motivado fundamentalmente polo incremento experimentado no sector servizos, con 25 empresas máis que no ano anterior, e a industria, con 10 empresas máis. Por contra, ao igual que no ano anterior, redúcese o número de empresas concursadas no sector da construción (11 empresas menos). Tras esta evolución, un total de 137 empresas concursadas pertence ao sector servizos, o 59,1% do total galego, por diante da industria, con 44 empresas (o 19%) e a construción, con 33 empresas (14,2%). As restantes catro empresas concursadas pertencen ao sector primario (1,7%).

Descendendo a nivel de rama de actividade económica, o **cadro 3.2.9**. amosa que o maior número de empresas concursadas rexístrase entre as empresas englobadas dentro do comercio, tanto comercio por xunto como polo miúdo (30 e 28 empresas concursadas, respectivamente); seguido pola industria de bens intermedios, con 21 empresas; e as actividades profesionais e técnicas, con 18 empresas concursadas en 2019.

O 55,2% das empresas concursadas en Galicia teñen cinco ou menos traballadores asalariados (56,2% en España) e, entre elas, salientan as de un ou dous asalariados, que acollen o 26,3% das empresas concursadas (22,4% en España). Asemade, cómpre mencionar que o número de empresas en concurso de 50 ou máis traballadores foi de doce, catro máis que no ano anterior, o que representa o 5,2% do total en Galicia (3,8% no conxunto do Estado).

Xunto á información sobre a demografía empresarial proporcionada polo Rexistro Mercantil Central, a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída Seguridade Social), as actividades

das comunidades de propietarios e do servizo doméstico.

No último ano o INE fixo un cambio metodolóxico para ofrecer unha visión máis adecuada do tecido produtivo e que se adapte mellor ao contexto da economía globalizada, polo que os datos non son comparables cos dos anos precedentes.

A un de xaneiro de 2019 (último dato dispoñible) Galicia conta con 200.972 empresas, o que representa o 6% do total estatal (**cadro 3.2.11.**). O 79% das empresas galegas incluídas no Dirce pertencen ao sector servizos (158.716 empresas), onde salientan as actividades de “Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, con 47.484 empresas (23,6%); seguidas das “Actividades profesionais, científicas e técnicas”, con 21.100 (10,5%); e das actividades de “Hostalería”, con 19.052 empresas (9,5%). O sector da construción acolle ao 14,8% das empresas (29.686 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 6,3% (12.570 empresas).

Unha das principais características do tecido empresarial é o seu reducido tamaño. O **cadro 3.2.12.** reflicte que o 54,5% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 56% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 41,8% das empresas galegas teñen entre un e nove asalariados, fronte ao 39,6% do total rexistrado en España. O restante 3,7% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,4% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 49,2% ao devandito 54,5%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a nove asalariados e nos de dez ou máis (45,5% e 5,2% en 2008, respectivamente).

Finalmente, o estudo da especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no

Empresas en Galicia e España 2019 ⁽¹⁾: distribución segundo grandes ramas de actividade

	2019		Galicia / España (%)	19/ 08		19 / 18		Índice de especialización (3)
	Galicia	España		Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	200.972	3.363.197	6,0	-2.402	-59.042	171	25.551	1,00
Industria e enerxía	12.570	199.076	6,3	-2.783	-47.375	-400	-7.635	1,06
Industria extractiva	234	2.060	11,4	-173	-914	-33	-274	1,90
Industria manufacturera	11.726	178.280	6,6	-2.582	-50.942	-165	-1.987	1,10
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	387	11.847	3,3	13	3.159	-190	-5.056	0,55
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	223	6.889	3,2	-41	1.322	-12	-318	0,54
Construción	29.686	422.350	7,0	-8.021	-199.746	0	9.827	1,18
Servizos	158.716	2.741.771	5,8	8.402	188.079	571	23.359	0,97
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	47.484	741.357	6,4	-6.506	-79.718	-597	-6.517	1,07
Transporte e almacenamento	11.439	194.244	5,9	-2.688	-45.082	-390	-3.200	0,99
Hostalería	19.052	280.079	6,8	-2.385	-9.139	-330	-3.253	1,14
Información e comunicacións	2.640	68.158	3,9	910	19.340	131	910	0,65
Actividades financeiras e de seguros	4.998	77.396	6,5	492	10.283	-120	-1.197	1,08
Actividades inmobiliarias	7.285	179.484	4,1	3.780	61.857	-33	2.534	0,68
Actividades profesionais, científicas e técnicas	21.100	413.141	5,1	790	7.900	589	13.381	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.811	208.874	5,2	4.933	71.807	318	4.382	0,87
Educación	6.791	106.434	6,4	2.708	37.864	-83	-788	1,07
Actividades sanitarias e de servizos sociais	8.084	165.690	4,9	1.748	41.248	158	2.677	0,82
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6.329	101.346	6,2	2.431	30.795	746	9.025	1,05
Outros servizos	12.703	205.568	6,2	2.189	40.924	182	5.405	1,03

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, DIRCE

3.2.11.

Empresas en Galicia e España 2019 ⁽¹⁾: distribución segundo número de asalariados

	Galicia							España
	2008	2018	Total	A Coruña	2019 Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total empresas	203.374	200.801	200.972	83.316	24.792	23.166	69.698	3.363.197
Sen asalariados	100.126	108.380	109.506	46.387	13.219	12.543	37.357	1.882.745
de 1 a 9 asalariados	92.629	84.789	84.021	33.822	10.786	9.915	29.498	1.330.812
de 10 a 49 asalariados	9.203	6.470	6.290	2.586	702	618	2.384	124.475
de 50 a 199 asalariados	1.161	947	939	410	71	74	384	19.283
de 200 a 449 asalariados	183	143	138	69	11	6	52	3.789
de 500 a 5.000 ou máis asalariados	72	72	78	42	3	10	23	2.093

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, DIRCE

3.2.12.

Empresas en Galicia e España 2019 ⁽¹⁾: principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

	Galicia	España	Galicia / España	Índice especialización
			(%)	Galicia
Total	200.972	3.363.197	6,0	1,00
1 Fabricación doutro material de transporte	142	861	16,5	2,76
2 Extracción de crú de petróleo e gas natural	1	7	14,3	2,39
3 Extracción de minerais metálicos	9	68	13,2	2,21
4 Outras industrias extractivas	220	1.843	11,9	2,00
5 Fabricación de bebidas	527	5.356	9,8	1,65
6 Industria da madeira e cortiza, agás mobles, cestería e espartería	1.011	10.321	9,8	1,64
7 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	727	8.248	8,8	1,48
8 Actividades veterinarias	922	10.664	8,6	1,45
9 Confeción de prendas de vestir	770	9.206	8,4	1,40
10 Industria da alimentación	1.999	25.374	7,9	1,32
11 Actividades de construción especializada	12.887	180.657	7,1	1,19
12 Actividades de xogos de azar e apostas	803	11.394	7,0	1,18
13 Construción de edificios	16.064	229.699	7,0	1,17
14 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.983	28.357	7,0	1,17
15 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.261	75.315	7,0	1,17
16 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.244	17.989	6,9	1,16
17 Servizos de comidas e bebidas	17.393	252.011	6,9	1,15
18 Fabricación de mobles	799	11.947	6,7	1,12
19 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4.871	73.579	6,6	1,11
20 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	383	5.825	6,6	1,10
21 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	23	351	6,6	1,10
22 Industria téxtil	431	6.643	6,5	1,09
23 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	912	14.073	6,5	1,08
24 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	2.838	43.963	6,5	1,08
25 Servizos a edificios e actividades de xardinería	3.208	50.074	6,4	1,07

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Directorio central de empresas*

3.2.13.

Dirce, a rama de actividade co índice de especialización relativa máis elevado segue sendo, **cadro 3.2.13.**, a de fabricación doutro material de transporte (2,76); presentando un índice de especialización superior a 2 a extracción de cru, extracción de minerais metálicos e “outras industrias extractivas”.

Empresas de economía social

Por economía social enténdese o conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios orientadores recollidos no artigo 5 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Engloba, entre outras, ás sociedades cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que levan a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas

de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais de man común, e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei.

En 2019 rexístrase, igual que nos anos anteriores, un descenso tanto no número de sociedades cooperativas como no dos seus traballadores. A 31 de decembro de 2019, o número de sociedades cooperativas situouse nas 744, con 7.986 traballadores nos centros de cotización. Isto supón que Galicia acolle o 4% das sociedades cooperativas e o 2,5% dos traballadores no conxunto do Estado. Neste último ano, 177 cooperativas en Galicia teñen unha plantilla integrada totalmente por traballadores autónomos (1.020 persoas), e as 567 cooperativas galegas restantes inclúen réximes da Seguridade Social diferentes ao de autónomos (6.966 traballadores).

Sociedades cooperativas e laborais existentes en Galicia e España 2018-19 ⁽¹⁾

	2018			2019		
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia / España (%)
Sociedades cooperativas						
Sociedades	749	19.954	3,8	744	18.635	4,0
Traballadores	8.026	322.880	2,5	7.986	314.119	2,5
Sociedades laborais						
Sociedades	473	8.725	5,4	442	8.160	5,4
Traballadores	2.597	62.175	4,2	2.285	60.279	3,8

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, Datos estadísticos de Economía Social

3.2.14.**Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2018-19⁽¹⁾: distribución sectorial**

	Galicia				España			
	2018 sociedades	2018 socios	2019 sociedades	2019 socios	2018 sociedades	2018 socios	2019 sociedades	2019 socios
Total	45	138	29	83	347	1.144	195	597
Agrario	2	6	-	-	6	19	1	3
Non agrario	43	132	29	83	341	1.125	194	594
Industria	4	12	3	9	49	229	29	114
Construción	4	16	1	3	36	117	16	41
Servizos	35	104	25	71	256	779	149	439

Data da consulta: 10-06-2020

(1) De xaneiro a setembro de 2019

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, Datos estadísticos de Economía Social

3.2.15.

Ao longo do ano 2019 aumenta de maneira considerable o número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia. Nos tres primeiros trimestres do ano constituíronse 85 sociedades cooperativas en Galicia, o que supón unha medra do 51,9% (29 sociedades máis) respecto ao ano anterior, situándose esta porcentaxe no 8,8% en España. Paralelamente aumenta o número de socios en Galicia, pasando dos 192 ata os 477 socios no devandito período de tempo, o que contrasta coa caída rexistrada no conxunto do Estado. En relación ao total estatal, aumenta o peso relativo do número de sociedades constituídas, que se sitúa en 2019 no 6,5% do total de cooperativas constituídas en España (4,6% no ano anterior) ao igual que acontece no caso dos socios iniciais, que aumenta dende o 3,2% ata o 10,9% de 2019.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á

categoría de traballo asociado, con 63 sociedades e 278 socios iniciais, por diante das nove cooperativas de vivenda, que rexistran 150 socios iniciais, e das seis cooperativas agrarias, que rexistran 27 socios iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia nos tres primeiros trimestres do ano, 52 pertencen ao sector servizos (251 socios iniciais), sete á industria (dezaioito socios) e as catro restantes ao sector da construción (nove socios).

No que respecta ás sociedades laborais, no ano 2019 descende novamente o seu número tanto en Galicia como en España. Tras unha redución do 6,6% en relación ao ano anterior (31 sociedades menos), o número de sociedades laborais (SA e SL) sitúase a 31 de decembro en Galicia en 442, o que supón o 5,4% das 8.160 sociedades do conxunto do Estado. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.285 tra-

Traballadores da economía social en Galicia e España 2019⁽¹⁾: principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
sexo						
varóns	58,9	57,1	59,4	58,7	60,6	52,5
mulleres	41,1	42,9	40,6	41,3	39,4	47,5
idade						
menores de 25 anos	3,5	3,3	4,1	4,2	3,0	6,0
de 25 a 39 anos	33,3	32,4	35,8	33,6	32,8	34,5
de 40 a 54 anos	45,7	46,7	43,2	43,6	47,4	44,6
de 55 anos ou máis	17,5	17,6	16,9	18,6	16,8	14,9
nacionalidade						
española	97,1	98,6	97,4	96,0	96,4	89,3
estranxeira	2,9	1,4	2,6	4,0	3,6	10,7
tipo de relación						
indefinida	78,5	77,3	83,4	78,8	77,2	73,4
temporal	21,5	22,7	16,6	21,2	22,8	26,6
tipo de xornada						
tempo completo	83,1	78,4	85,8	89,8	81,4	79,0
tempo parcial	16,9	21,6	14,2	10,2	18,6	21,0
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	14,2	15,7	11,6	10,0	17,2	30,1
de 6 meses a 1 ano	9,9	12,9	7,7	8,2	9,2	13,7
de 1 a 3 anos	22,7	23,9	36,8	17,8	19,4	16,4
de 3 a 5 anos	9,6	9,3	7,7	10,6	10,0	7,9
máis de 5 anos	43,6	38,2	36,2	53,4	44,2	31,9
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	17,5	19,7	21,3	8,9	20,7	
6-10 traballadores	11,9	16,7	12,0	5,1	12,7	
11-25 traballadores	13,8	19,7	4,5	11,3	13,9	
26-50 traballadores	12,5	15,5	9,2	8,2	14,5	
51-100 traballadores	11,9	11,9	9,1	2,2	20,7	
101-250 traballadores	10,6	1,2	26,9	6,1	16,6	
máis de 250 traballadores	21,8	15,3	17,0	58,2	0,9	
sector de actividade						
agricultura	10,1	6,7	22,6	18,2	1,3	
industria	30,5	24,1	20,2	43,8	30,8	
construción	8,3	7,0	6,2	6,8	11,7	
servizos	51,1	62,2	51,0	31,2	56,2	

Data da consulta: 10-06-2020

(1) Datos a 31/03/2019

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, Datos estadísticos de Economía Social

3.2.16.

balladores, o que representa o 3,8% do total estatal (60.279) (cadro 3.2.14.).

Nos tres primeiros trimestres de 2019 redúcense tanto o número de sociedades laborais rexistradas como o número de socios iniciais. Dunha banda, no devandito período de tempo rexistráronse en Galicia un total de 29 sociedades laborais, sete menos que no ano anterior, o que equivale ao 14,9% do total estatal, 2,4 puntos porcentuais máis que en 2018. Doutra banda, as devanditas

29 sociedades agruparon a 83 socios (28 menos que o ano anterior), o que representa o 13,9% do total de sociedades rexistradas en España (11,5% en 2018).

No último ano o sector servizos concentra máis do 85% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (25 sociedades) e dos socios iniciais (71 persoas). Asemade, rexístranse tres sociedades laborais no sector industrial e unha na construción (nove e tres socios, respectivamente).

No que respecta ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.2.16.**, case 6 de cada 10 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 45,7% do total de traballadores teñen unha idade comprendida entre 40 e 54 anos, e 33,3%, entre 25 e 39 anos; e o 83,1% traballadores realiza a súa actividade a tempo completo. Por outra banda, o 43,6% dos traballadores da economía social en Galicia –excluídos os autónomos– mantén unha antigüidade no negocio superior a cinco anos (31,9% de media no conxunto do Estado) e que un 14,2% dos traballadores mantén unha antigüidade inferior a seis meses (30,1% de media estatal).

No concernente ao tamaño das sociedades de economía social galegas, o 29,4% dos traballadores están ocupados en sociedades de menos de dez persoas (o 36,3% na provincia da Coruña), e un 32,4% das persoas da economía social traballan en sociedades de máis de cen traballadores (64,2% en Ourense).

O 51,2% do emprego total da economía social corresponde ao sector servizos, seguido da industria, cun 30,5% dos traballadores. A agricultura e a construción acollen o 10,1% e o 8,3%, respectivamente. 

3.3. Sector exterior

O cadro macroeconómico de Galicia publicado polo IGE mostra o mal comportamento do sector exterior galego atendendo á súa achega negativa ao crecemento agregado do PIB. Por terceiro ano consecutivo a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB, feito que non acontecía dende o período 2002-2006, situándose en 2019 en 1,2 puntos, o que supón a taxa máis elevada dende 2006. Por contra, no conxunto do Estado o sector exterior presenta unha achega positiva de catro décimas ao crecemento do PIB.

En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 33.328,9 millóns de euros e as importacións acadaron os 35.821,4 millóns. Deste xeito, o saldo negativo da balanza comercial da economía galega aumenta máis dun sesenta por cento para situarse en 2.492,5 millóns de euros (1.547,1 millóns no ano anterior). A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e importacións descendeu ata o 93%, dous puntos e medio inferior á do ano anterior, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais

de bens e servizos e o PIB galego) sitúase no 109,3%, medio punto inferior á do ano anterior.

Este capítulo céntrase na análise das relacións comerciais de Galicia con terceiros países a partir dos datos que ofrece o ICEX na súa base de datos Estacom. Dunha banda, o importe total das vendas galegas ao exterior permanece practicamente constante no último ano, acadando os 22.196,7 millóns de euros; doutra banda, o importe das importacións ascenden a 19.814,1 millóns de euros, o que supón unha medra do 3,2% respecto ao ano anterior. Deste xeito, Galicia mantén un saldo comercial positivo de 2.382,5 millóns de euros, se ben é sensiblemente inferior ao rexistrado en 2018. En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 7,7% das exportacións e o 6,2% das compras exteriores.

Esta evolución reflíctese no feito de que A Coruña e Pontevedra sitúanse no último ano como a quinta e novena provincias españolas con maior volume de exportacións. A diferenza do acontecido no ano anterior, diminúe a base exportadora da economía galega no último ano, de xeito que o número de empresas expor-

tadoras se sitúa en 7.132 empresas (117 menos que en 2018).

O investimento bruto estranxeiro en Galicia presentou en 2019 un excelente comportamento atendendo á evolución do importe investido, acadando os 717,7 millóns de euros, once veces máis que no ano anterior, representando o 2,9% do total estatal. Tanto en termos absolutos como relativos, é o mellor dato dende o comezo da serie estatística en 1993. No que ao investimento galego no exterior se refire, este descendeu no último ano un 8,4%, acadando os 1.769,2 millóns de euros, o que supón o 10,5% do total estatal, sendo o subsector da construción de edificios, as actividades inmobiliarias e a fabricación de vehículos de motor as ramas de actividade máis importantes en termos cuantitativos (o 90,9% do total galego).

Comercio exterior con terceiros países

As relacións comerciais de Galicia con terceiros países aumentan no ano 2019 un 1,5%, consecuencia do incremento das importacións nun 3,2% xa que o valor total das exportacións permanece constante nese ano. No conxunto do Estado o incremento da actividade comercial segue a ser inferior (1,2%) tras un crecemento do valor das exportacións do 1,7% e da medra das importacións nun 0,8%.

O valor total das compras e vendas galegas no exterior acadou no último ano os 42.010,8 millóns de euros, 613,3 millóns máis que no ano anterior, incrementando o seu peso relativo no total estatal ata o 6,9%, unha décima máis que o rexistrado en 2018. O grado de apertura da economía galega a terceiros países situouse no 66,4%, o segundo valor máis elevado dende 1995 tras o 67,4% do ano anterior.

Os sectores máis importantes en canto ao valor das súas actividades comerciais con terceiros países en Galicia seguen sendo, un ano máis, o sector de manufacturas de consumo e o do automóbil, con 9.127,5 e 9.113,7 millóns de euros respectivamente, representando conxuntamente o 43,4% da actividade comercial galega con terceiros países (24,9% en España). Atendendo ao seu peso relativo no conxunto do Estado, sa-

lienta o sector das manufacturas de consumo, que representan o 13,5% da actividade comercial exterior deste sector en España, superando á automoción, co 10,8%; ao comercio de materias primas, cun 8%; e ao sector de alimentos, que representa o 7,7% do total estatal.

En relación ao ano anterior, o conxunto de manufacturas de consumo é o sector de económico que presenta o mellor comportamento tanto en termos absolutos como relativos, ao medrar a actividade económica en 671,1 millóns de euros, un 7,9%; a continuación, os bens de equipamento, cun 7,4% (370,6 millóns de euros); e o automóbil, cun 4,9% (427,7 millóns). No extremo oposto hai que destacar que o descenso máis acusado rexístrase na actividade enerxética, cunha caída do 11,3% (592,4 millóns de euros), superando ás semimanufacturas, cun 2,3% (125,2 millóns) e os alimentos, cun 2,2% (145,7 millóns de euros máis que no ano anterior).

Do **cadro 3.3.1.** despréndese que tan só as provincias de Pontevedra, e en moita menor medida Ourense, presentan unha mellora da súa actividade comercial en relación ao ano anterior ao aumentar o seu valor en 1.011,7 e 37,3 millóns de euros, respectivamente. Tras un incremento do 5,2%, a provincia de Pontevedra pasa a situarse como a de maior actividade comercial con 20.296 millóns de euros, superando no último ano á Coruña cuxa actividade comercial reduciuse un 2,2% e acada os 18.860 millóns de euros. Tras esta evolución, as provincias de Pontevedra e A Coruña concentran o 48,3% e o 44,9% do comercio exterior galego, respectivamente; manténdose o peso relativo das outras dúas provincias en torno ao 3,5% en Ourense e o 3,3% de Lugo.

A evolución do valor das exportacións e importacións deriva na existencia dun saldo da balanza comercial en Galicia que reduce o seu superávit. En 2019 o saldo positivo ascende a 2.382,5 millóns de euros, 611,3 millóns menos que no ano anterior. Este saldo comercial representa o 3,7% do PIB, máis dun punto inferior ao rexistrado no ano anterior (4,8%), o que significa o peso máis reducido dende o ano 2012 (3%).

Importacións e exportacións de Galicia e España 2018-19

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18	2018	2019	19/18
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	19.201,8	19.814,1	3,2	22.195,6	22.196,7	0,0	2.993,8	2.382,5	-611,3
A Coruña	7.906,7	7.894,5	-0,2	11.383,4	10.965,5	-3,7	3.476,7	3.071,0	-405,7
Lugo	733,3	739,5	0,8	662,6	650,4	-1,8	-70,7	-89,1	-18,4
Ourense	562,3	591,3	5,1	864,8	873,6	1,0	302,5	282,3	-20,2
Pontevedra	9.999,5	10.588,9	5,9	9.284,8	9.707,2	4,5	-714,7	-881,7	-167,0
España	319.647,3	322.068,7	0,8	285.260,5	290.089,1	1,7	-34.386,8	-31.979,6	2.407,2
Galicia/España (%)	6,0	6,2		7,8	7,7				

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.1.

Non obstante, mantense o saldo comercial negativo en Pontevedra e, en moita menor medida, en Lugo, a diferenza do acontecido na Coruña e Ourense. Asemade, como reflicte o devandito **cadro 3.3.1.**, salienta o feito de que aumenta o déficit nas provincias de Pontevedra e Lugo, empeorando o superávit comercial nas outras dúas provincias. Dunha banda, o déficit na provincia de Pontevedra ascende ata os 881,7 millóns de euros (167 millóns máis que no ano anterior; 23,4%) e na provincia de Lugo a 89,1 millóns de euros (18,4 millóns máis; 26%). Doutra banda, o superávit na Coruña redúcese en 405,7 millóns de euros (11,7%) para situarse nos 3.071 millóns de euros; en tanto que en Ourense esta redución foi de 20,2 millóns (6,7%), acadando o superávit os 282,3 millóns de euros.

O saldo comercial na provincia da Coruña, aínda que positivo, redúcese en relación ao ano anterior como consecuencia dun maior descenso das exportacións (3,7% respecto ao ano anterior) que das importacións (0,2%). Esta evolución do saldo comercial na provincia da Coruña explícase fundamentalmente polo incremento do 14,4% no valor da importacións das manufacturas de consumo, que concentra o 23% das importacións da provincia, así como do 20% no caso dos bens de equipamento (7,4% das importacións totais); ao tempo que se reducen un 20,5% as exportacións de produtos enerxéticos (representan o 12,5% das exportacións da Coruña) e un 20,4% no caso dos bens de equipamento (6,1% do importe total das exportacións das empresas coruñesas).

Finalmente, cómpre destacar que entre as provincias españolas con maior volume de exportacións, A Coruña e Pontevedra están situadas no quinto e noveno posto, respectivamente (cuarto e oitavo posto en 2018). No eido das importacións, Pontevedra sería a oitava provincia española por volume de importacións (novena no ano anterior), mantendo A Coruña a décima primeira posición.

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano acadou os 19.814,1 millóns de euros (612,3 millóns superior ao rexistrado en 2018), o que representa o 6,2% do valor total das importacións españolas. O incremento do valor das importacións en 2019 prodúcese nas provincias de Pontevedra e Ourense, permanecendo practicamente estable en Lugo e A Coruña. A provincia de Pontevedra presenta o incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos, cunha medra de 589,4 millóns de euros respecto ao ano anterior (5,9%), sendo este incremento de 28,9 millóns en Ourense (5,1%). A continuación situaríase Lugo, cun crecemento de 6,2 millóns de euros no valor total das compras ao exterior (0,8%) mentres que na Coruña as importacións redúcense en 12,2 millóns (0,2%). Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, aollendo o 53,4% do importe total das importacións galegas (10.588,9 millóns de euros), seguida da Coruña, co 39,8% (7.894,5 millóns).

Importacións e exportacións 2019: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe (en millóns de euros)	19/18	peso relativo (%)	Galicia/España	Importe (en millóns de euros)	19/18	peso relativo (%)	Galicia/España
Total	19.814,1	3,2	100	6,2	22.196,7	0,0	100	7,7
Alimentos	3.529,0	-3,8	17,8	9,9	2.929,4	-0,2	13,2	6,0
Enerxéticos	3.052,5	-8,3	15,4	6,9	1.580,3	-16,7	7,1	7,5
Materias primas	595,0	8,2	3,0	5,8	789,8	-7,5	3,6	11,2
Semimanufacturas	2.454,7	-0,8	12,4	3,3	2.803,3	-3,6	12,6	3,9
Bens de equipamento	2.020,8	14,6	10,2	2,9	3.348,5	3,5	15,1	5,7
Sector Automóbil	5.496,9	7,0	27,7	13,6	3.616,8	1,9	16,3	8,2
Bens de consumo duradeiro	219,0	4,9	1,1	2,6	243,9	-0,5	1,1	5,3
Manufacturas de consumo	2.426,8	17,8	12,2	6,3	6.700,7	4,8	30,2	22,8
Outras mercadorías	19,5	52,7	0,1	1,3	184,1	5,9	0,8	4,3

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.2.

O sector da automoción, tras unha medra do 7% en relación ao ano precedente, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 5.496,9 millóns de euros, aumentando por tanto o seu peso relativo no total galego (o 27,7% do valor total das importacións galegas) como no total das compras españolas a terceiros países por parte das empresas englobadas neste sector (13,6% das importacións españolas deste sector). O devandito incremento do 7% no automóbil reflectido no **cadro 3.3.2.**, explícase tanto pola medra do 10,9% no caso da fabricación de compoñentes, con importacións que ascenden a 3.455 millóns, como pola evolución das compras exteriores de automóviles e motos, que tras un aumento do 1,1% acadan os 2.042 millóns de euros.

A pesar da caída experimentada no último ano, o sector da alimentación situouse como o segundo sector de actividade en importancia en canto a valor das importacións. Tras unha redución do 3,8% respecto ao ano anterior, as compras exteriores ascenderon a 3.529 millóns de euros, o que representa o 17,8% do valor total das importacións galegas e o 9,9% das importacións españolas deste sector. A continuación estaría o sector enerxético, que tras unha importante contracción no valor total das importacións, acada os 3.052,5 millóns de euros (un 8,3% máis que no ano anterior), o que representa o 15,4% do total de importacións galegas e o 6,9% das importacións españolas deste sector de actividade.

Descendendo a nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o correspondente a “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87) é o máis importante en termos de valor. Tras unha medra do 6,5% en relación ao ano anterior, as compras a terceiros países ascenden a 5.725,8 millóns de euros, o 28,9% das importacións galegas. No último ano o 97,3% das importacións galegas do capítulo 87 teñen a súa orixe na UE-28, representado o 51,4% das importacións galegas da UE-28.

A continuación sitúase o capítulo de “Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais” (27), con 3.052,5 millóns, un 8,3% menos que no ano anterior; e en terceiro lugar, os “Peixes e crustáceos, moluscos” (03), que tras un descenso do 6,2% acada os 2.135,9 millóns de euros, o 10,8% do total galego. A devandita concentración sectorial obsérvase en que estes tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 55,1% do valor total das importacións galegas, dous puntos menos que no ano anterior.

Segundo o país de orixe, as importacións galegas concéntranse principalmente nos países da Unión Europea. Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 54,7% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (10.832,6 millóns de euros), sendo esta porcentaxe 1,1 puntos porcentuais inferior á rexistrada no

Importacións 2018-19: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

										2019		
Nº	Cap.	Denominación	2008	2018		2019		19/18	19/08	Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores	16,7	5.376,0	28,0	5.725,8	28,9	6,5	121,7	5.572,5	4.567,4	339,7
2	27	Combustibles minerais, aceites minerais	21,4	3.328,1	17,3	3.052,5	15,4	-8,3	-7,8	380,5	25,9	14,9
3	03	Peixes e crustáceos, moluscos	8,4	2.277,4	11,9	2.135,9	10,8	-6,2	63,5	466,7	118,6	200,7
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	5,5	850,9	4,4	893,7	4,5	5,0	4,7	112,6	2,8	81,0
5	84	Máquinas e aparatos mecánicos	3,6	686,6	3,6	821,2	4,1	19,6	47,8	569,5	43,1	22,5
6	72	Fundición, ferro e aceiro	8,0	787,8	4,1	740,9	3,7	-5,9	-40,0	674,8	237,3	229,6
7	16	Preparación carne, peixe ou crustáceos	1,7	617,2	3,2	611,0	3,1	-1,0	134,0	29,3	2,0	17,2
8	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	3,3	475,7	2,5	602,6	3,0	26,7	18,9	154,3	5,3	115,0
9	85	Aparellos e material eléctricos	4,1	465,5	2,4	572,7	2,9	23,0	-9,0	237,0	19,5	12,7
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	1,9	447,9	2,3	477,8	2,4	6,7	64,1	216,6	50,2	44,3
Total dos principais capítulos			74,4	15.313,1	79,7	15.634,2	78,9	2,1	35,6	8.413,8	5.072,1	1.077,7
Resto			25,6	3.888,7	20,3	4.180,0	21,1	7,5	5,4	2.418,8	237,5	737,7
Total			100	19.201,8	100	19.814,1	100	3,2	27,9	10.832,6	5.309,6	1.815,4

(consulta: 28-02-2020)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.3.

Importacións e exportacións 2018-19: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019	2018	2019
(en millóns de euros)								
Total								
Total	19.201,8	19.814,1	22.195,6	22.196,7	2.993,8	2.382,5	115,6	112,0
Europa	11.349,6	11.953,5	18.105,5	18.023,7	6.755,9	6.070,2	159,5	150,8
Unión Europea	10.331,5	10.832,6	17.208,8	17.190,9	6.877	6.358	166,6	158,7
EFTA	126,6	144,3	193,4	200,8	67	56	152,7	139,1
Europa oriental	365,2	359,2	179,6	209,1	-186	-150	49,2	58,2
Resto Europa	526,3	617,4	523,8	422,9	-2	-194	99,5	68,5
África	2.653,9	2.717,9	1.084,5	1.179,1	-1.569,4	-1.538,8	40,9	43,4
África do norte	1.697,0	1.764,0	894,8	978,8	-802	-785	52,7	55,5
África central	44,8	35,2	19,8	18,3	-25	-17	44,3	52,1
África occidental	457,9	477,5	60,0	75,0	-398	-403	13,1	15,7
África oriental	5,4	8,3	4,6	4,8	-1	-3	84,4	57,7
África austral	448,8	433,0	105,4	102,2	-343	-331	23,5	23,6
América	2.712,7	2.658,2	1.827,8	1.754,0	-884,9	-904,3	67,4	66,0
América do norte	589,8	435,2	644,5	794,9	55	360	109,3	182,7
América central	910,4	886,9	312,3	328,0	-598	-559	34,3	37,0
América do sur	1.154,4	1.267,0	774,8	550,8	-380	-716	67,1	43,5
Asia	2.369,5	2.379,7	1.045,8	1.117,6	-1.323,8	-1.262,0	44,1	47,0
Próximo Oriente	163,3	53,2	203,7	141,5	40	88	124,7	266,0
Península Arábiga	66,0	43,4	201,4	257,7	135	214	305,3	594,1
Asia central	0,5	0,1	9,1	10,0	9	10	1.671,5	13.558,2
Asia do sur	365,6	439,2	43,3	40,6	-322	-399	11,8	9,3
Lonxano oriente	1.099,4	1.315,7	463,0	508,1	-636	-808	42,1	38,6
Sudeste asiático	674,7	528,1	125,2	159,6	-550	-368	18,6	30,2
Oceanía	115,4	104,7	39,1	30,9	-76,4	-73,8	33,8	29,5
BRICs	1.323,8	1.471,1	514,5	529,9	-809,2	-941,2	38,9	36,0

(consulta: 28-02-2020)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.4.

ano anterior. Francia, consecuencia fundamentalmente do papel da industria do automóbil en Vigo e a súa área de influencia, segue a ser o principal subministrador de Galicia, con 5.309,6 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.815 millóns. Estes dous países concentran o 36% das importacións galegas, medio punto porcentual por baixo do rexistrado no ano anterior. Fóra da Unión Europea, China, tras un crecemento do 24,6% respecto ao ano anterior, sitúase como o terceiro país onde máis compras se realizan (979,9 millóns; 4,9% do total galego), descendendo Libia ata o cuarto lugar, con 789,7 millóns de euros (15,6% menos que no ano anterior), o que representa o 4,1% das importacións galegas en 2019.

Finalmente, destacar que as compras procedentes de Francia manteñen a elevada concentración no sector da automoción, que supoñen o 86% das compras nese país, situándose a continuación as actividades de “Fundición, ferro e aceiro” (72) co 4,5%. En Portugal, a automoción continúa como principal capítulo importador, que concentra o 18,7% das compras exteriores de Galicia nese país, por diante da fundición, ferro e aceiro, co 12,6% do total.

• Exportacións ao exterior

O valor das exportacións de produtos galegos a terceiros países mantense constante en relación ao ano precedente, acadando os 22.196,7 millóns de euros. Tras o incremento das exportacións españolas nun 1,7%, o seu peso relativo no conxunto do Estado redúcese ata o 7,7%, unha décima inferior á rexistrada no ano anterior.

Ao igual que no caso das importacións de bens e servizos, a provincia de Pontevedra presenta o mellor comportamento tanto en termos absolutos como relativos, rexistrando unha medra anual do 4,5% (422,4 millóns de euros máis). Pola contra, A Coruña presenta unha caída do valor monetario das exportacións de 417,9 millóns de euros, o que supón unha redución do 3,7%. A pesar desta evolución, A Coruña mantense como a provincia máis exportadora en termos monetarios, ao acadar un total de 10.965,5 millóns de euros, o 49,4% das exportacións galegas; ascendendo este importe ata os 9.707,2 millóns en Pontevedra, o 43,7% do total. Ase-



made, cómpre mencionar o incremento nun 1% das vendas das empresas ourensáns, que concentran o 3,9% das vendas exteriores, e a caída do 1,8% no caso de Lugo (representan o 2,9% das exportacións galegas).

Tendo en conta os grandes sectores de actividade, **cadro 3.3.2.**, o grupo de manufacturas de consumo, por mor do peso do subsector téxtil-confección, é o máis importante tanto en termos de valor (6.700,7 millóns de euros) como polo seu peso no total de exportacións galegas (o 30,2%) ou en relación á súa importancia relativa no conxunto do Estado (22,8%). O importe das vendas ao exterior das empresas do sector téxtil-confección ascendeu a 5.933 millóns de euros, un 4,6% máis que no ano anterior. Séguelle en importancia o sector do automóbil, cunhas vendas de 3.616,8 millóns de euros, un 1,9% máis que no ano precedente, o que supón o 16,3% das exportacións galegas e o 8,2% das exportacións españolas do sector. No **gráfico 3.3.5.** obsérvase como a industria do automóbil e o subsector téxtil-confección seguen unha evolución dispar, situándose este último como principal sector exportador a partir do ano 2014.

O incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos corresponde ao sector de manufacturas de consumo, con 304 millóns de euros máis (4,8%), situándose a continuación o sector de bens de equipamento, cunha medra de 113,2 millóns de euros (3,5%), e o automóbil, cuxas vendas superan en 66,4 millóns de euros ás realizadas no ano anterior (1,9%). Fronte a estes incrementos, sobresaen o descenso no valor das vendas rexistradas no caso dos produtos enerxéticos e no das semimanufacturas, cunha contracción do 16,7% e 3,6%, respectivamente (316,7 e 104,2 millóns de euros).

Desagregando a análise a nivel de capítulo arancelario (**cadro 3.3.6.**), o capítulo máis importante en canto ao seu importe continúa a ser o de “Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87), que concentra o 22,8% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de “Prendas de vestir, non de punto” (62), que acolle o 14,6% das vendas, e o da “Prendas de vestir, de punto” (61), que repre-

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2019.



(consulta: 28-02-2020)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.5.

Exportacións 2018-19: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2008	2018		2019		19/18	19/08	2019		
				(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)			Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)					(%)	(%)	(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores	37,1	4.934,1	22,2	5.051,8	22,8	2,4	-13,5	4.206,8	2.015,6	393,1
2	62	Prendas de vestir, non de punto	8,7	3.205,6	14,4	3.250,6	14,6	1,4	138,3	2.861,4	476,6	284,5
3	61	Prendas de vestir, de punto	5,6	1.858,3	8,4	2.008,2	9,0	8,1	128,1	1.702,5	266,8	180,2
4	27	Combustibles, aceites minerais	3,6	1.815,5	8,2	1.504,4	6,8	-17,1	168,9	1.160,3	277,6	248,3
5	03	Peixes, crustáceos, moluscos	5,6	1.472,2	6,6	1.438,7	6,5	-2,3	63,0	1.111,3	109,6	340,6
6	85	Aparellos e materiais eléctricos	4,4	854,4	3,8	709,8	3,2	-16,9	1,6	398,9	107,6	120,3
7	16	Conservas de carne ou peixe	2,7	739,4	3,3	727,4	3,3	-1,6	72,1	658,3	174,9	97,3
8	84	Máquinas e aparellos mecánicos	2,1	589,4	2,7	648,0	2,9	9,9	96,9	387,9	37,0	81,7
9	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	2,0	614,6	2,8	563,5	2,5	-8,3	77,5	505,6	143,7	153,3
10	72	Fundición, ferro e aceiro	3,3	544,4	2,5	444,0	2,0	-18,4	-14,2	381,9	47,8	166,0
Total dos principais capítulos			75,0	16.628,0	74,9	16.346,3	73,6	-1,7	38,4	13.375,0	3.657,3	2.065,3
Resto			25,0	5.567,6	25,1	5.850,4	26,4	5,1	48,9	3.815,9	584,5	1.127,1
Total			100	22.195,6	100	22.196,7	100	0,0	41,0	17.190,9	4.241,8	3.192,4

(consulta: 28-03-2020)

Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.6.

Exportacións galegas 2018-19: rankings segundo países de destino

	2008	2018		2019		19/18	19/08
	(%)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(%)	(%)
1 Francia	34,9	4.225.714	19,0	4.241.821	19,1	0,4	-22,8
2 Portugal	15,8	3.133.993	14,1	3.192.390	14,4	1,9	28,0
3 Italia	6,0	2.122.967	9,6	1.965.154	8,9	-7,4	108,1
4 Reino Unido	3,3	1.490.494	6,7	1.504.617	6,8	0,9	185,7
5 Alemaña	3,3	1.226.951	5,5	1.219.189	5,5	-0,6	136,6
6 Países Baixos	3,0	1.084.732	4,9	1.131.893	5,1	4,3	137,7
7 Polonia	1,2	728.166	3,3	796.608	3,6	9,4	305,2
8 Bélxica	1,9	985.020	4,4	743.836	3,4	-24,5	155,4
9 Marrocos	3,4	691.932	3,1	743.806	3,4	7,5	39,0
10 Estados Unidos	4,1	549.379	2,5	600.158	2,7	9,2	-7,4
11 Grecia	1,7	348.241	1,6	372.477	1,7	7,0	36,4
12 Turquía	1,2	396.022	1,8	329.522	1,5	-16,8	72,8
13 Romanía	0,5	249.976	1,1	284.964	1,3	14,0	284,2
14 China	0,4	197.047	0,9	251.068	1,1	27,4	269,1
15 México	1,0	248.708	1,1	235.625	1,1	-5,3	46,6
16 Suecia	0,7	172.701	0,8	211.092	1,0	22,2	101,9
17 Irlanda	0,7	200.344	0,9	205.423	0,9	2,5	88,4
18 Chile	0,3	197.145	0,9	167.959	0,8	-14,8	244,8
19 Eslovaquia	0,1	138.892	0,6	146.715	0,7	5,6	1045,4
20 República Checa	0,2	122.851	0,6	135.000	0,6	9,9	293,3
5 primeiros países	63,4	12.200.120	55,0	12.123.172	54,6	-0,6	21,5
10 primeiros países	77,0	16.239.350	73,2	16.139.472	72,7	-0,6	33,1
20 primeiros países	83,9	18.511.278	83,4	18.479.316	83,3	-0,2	40,0
Total	100,0	22.195.626	100,0	22.196.664	100,0	0,0	41,0

(consulta: 6-03-2019)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. ICEX Estacom

3.3.7.

senta o 9%. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron en conxunto unha medra de 194,8 millóns de euros, mentres as exportacións de vehículos o fixeron en 117,7 millóns.

O 77,4% do total de vendas galegas ao exterior en 2019 tiveron como destino a UE-28 (17.190,9 millóns de euros), dirixíndose un 7,9% ao continente americano (1.754 millóns), un 5,3% a África (1.179,1 millóns) ou un 5% a Asia (1.117,6 millóns de euros). Por países, Francia, por mor da importancia da automoción, é o principal destino das vendas de Galicia, con 4.241,8 millóns de euros (19,1% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 3.192,4 millóns de euros (14,4%); e Italia, con 1.965,2 millóns (8,9%). En relación ao ano anterior cómpre resaltar o incremento do 9,4% das vendas a Polonia (68,4 millóns de euros máis); do 1,9% a Portugal (58,4 millóns); do 27,4% a China (54 millóns máis) ou o 7,5% a Marrocos (51,9 millóns de euros máis).

As vendas de produtos do capítulo 87 á UE-28 (**cadro 3.3.6.**) aumentan ata os 4.206,8 millóns de euros, o que representa o 24,5% das exportacións a esta área económica. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas, non de punto"), cun importe de 2.861,4 millóns de euros, que representa o 16,6% do total das vendas aos países comunitarios.

O valor das exportacións a Francia dos produtos de automoción racha a súa tendencia descendente iniciada en 2015 ao rexistrar unha medra do 3,5% respecto ao ano anterior. Tras este incremento, o capítulo 87 concentra o 47,5% das vendas totais a este país, punto e medio por riba do rexistrado no ano anterior, e que representan o 39,9% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo (39,5% no ano 2018). Séguelle en importancia o capítulo 62, que acolle o 11,2% das exportacións galegas a Francia. No caso portugués, o capítulo exportador máis importante pasa a ser o capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios")

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2008 e 2019: distribución segundo grandes sectores

	2008		2019 (1)		19/18		19/08	
		(%)				(%)		(%)
Sectores económicos (2)	4.907	100	7.132	100	-117	-1,6	2.225	45,3
Alimentos (3)	1.022	20,8	1.447	20,3	70	5,1	425	41,6
Bebidas	271	5,5	482	6,8	34	7,6	211	77,9
Pesca	455	9,3	409	5,7	10	2,5	-46	-10,1
Carne	166	3,4	365	5,1	8	2,2	199	119,9
Preparados alimenticios	141	2,9	140	2,0	1	0,7	-1	-0,7
Froitas, hortalizas e legumes	110	2,2	115	1,6	-7	-5,7	5	4,5
Lácteos e ovos	65	1,3	95	1,3	7	8,0	30	46,2
Outros	167	3,4	217	3,0	20	10,2	50	29,9
Produtos enerxéticos	100	2,0	126	1,8	-29	-18,7	26	26,0
Materias primas	342	7,0	339	4,8	-18	-5,0	-3	-0,9
Semimanufacturas	1.130	23,0	1.426	20,0	-50	-3,4	296	26,2
Produtos químicos	633	12,9	889	12,5	26	3,0	256	40,4
Outras semimanufacturas	625	12,7	750	10,5	-34	-4,3	125	20,0
Ferro e aceiro	160	3,3	219	3,1	-2	-0,9	59	36,9
Metais non ferrosos	116	2,4	149	2,1	-9	-5,7	33	28,4
Bens de equipamento	1.748	35,6	2.189	30,7	115	5,5	441	25,2
Maq. Especifica certas industrias	822	16,8	1.092	15,3	71	7,0	270	32,8
Equipamento oficina e telecomunicacións	195	4,0	331	4,6	-7	-2,1	136	69,7
Material transporte	404	8,2	358	5,0	46	14,7	-46	-11,4
Outros bens de equipamento	825	16,8	1.246	17,5	21	1,7	421	51,0
Sector do automóbil	535	10,9	572	8,0	-63	-9,9	37	6,9
Automóviles e motos	109	2,2	195	2,7	-50	-20,4	86	78,9
Componentes do automóbil	444	9,0	405	5,7	-20	-4,7	-39	-8,8
Bens de consumo duradeiro	320	6,5	447	6,3	-26	-5,5	127	39,7
Manufacturas de consumo	859	17,5	1.188	16,7	-61	-4,9	329	38,3
Téxtil e confección	393	8,0	573	8,0	-43	-7,0	180	45,8
Calzado	90	1,8	131	1,8	8	6,5	41	45,6
Xoguetes	97	2,0	161	2,3	10	6,6	64	66,0
Alfarería	33	0,7	45	0,6	1	2,3	12	36,4
Xoiaría e reloxo	62	1,3	116	1,6	4	3,6	54	87,1
Coiro e manufacturas do coiro	31	0,6	35	0,5	0	0,0	4	12,9
Outras manufacturas	493	10,0	607	8,5	-4	-0,7	114	23,1
Outras mercadorías	1.105	22,5	3.328	46,7	-50	-1,5	2.223	201,2

(1) datos 2019 son provisionais

(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores

(3) Sectores con maior número de empresas, o resto está sumado en outros.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Datacomex

3.3.8.

que concentra o 12,3% das exportacións a ese país, seguido do capítulo 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos"), co 10,7% das vendas galegas a Portugal.

• Base exportadora

A base exportadora dun territorio está formada polo número de empresas que venden os seus produtos no exterior. Ao longo do ano 2019 Galicia conta cun total 7.132 empresas que venderon parte dos seus produtos fóra de España, o que significa un descenso de 117 respecto ao ano anterior (1,6% menos). Atendendo aos grandes sectores económicos, **cadro 3.3.8.**, tan só os sectores de bens de equipamento e alimentación rexistran unha medra do número de empresas (115 e 70 empresas máis respecto ao ano anterior, respectivamente). Por contra, os descensos máis significativos re-

xístranse no sector do automóbil, con 63 empresas menos (9,9%), e no de manufacturas de consumo, con 61 empresas exportadoras menos (4,9%).

O sector que segue concentrando o maior número de empresas exportadoras segue a ser o de bens de equipamento, con 2.189 empresas (30,7% do total galego), seguido pola de industria de alimentación, con 1.447 (20,3%); e semimanufacturas e manufacturas de consumo, con 1.426 (20%) e 1.188 empresas (16,7%), respectivamente.

Fronte ao descenso do 1,6% no número de empresas exportadoras en Galicia no último ano, o incremento a nivel estatal foi do 2,6%, polo que a cota exportadora galega no total estatal redúcese ata o 3,4%, dúas décimas menos que no ano anterior.

Actuacións do Plan FOEXGA 2018-19

	Área xeográfica			
	2018		2019	
		(% /total)		(% /total)
Europa	16	30,19	25	36,23
Asia	10	18,87	14	20,29
África	9	16,98	12	17,39
América do Sur	7	13,21	7	10,14
América do Norte	3	5,66	3	4,35
Centroamérica	6	11,32	6	8,70
Illas do Caribe	2	3,77	2	2,90
Oceanía (Pacífico)	-	-	-	-
Total países	53	100	69	100

Actividades por cámara de comercio				
	2018		2019	
	Accións	Participantes	Accións	Participantes
A Coruña	25	228	32	188
Vigo	26	155	46	281
Santiago de Compostela	11	45	22	105
Total	62	428	100	574

Accións por tipo				
	2018		2019	
	Misións comerciais	Particip. en feiras	Misións comerciais	Particip. en feiras
A Coruña	21	4	24	8
Vigo	24	2	40	6
Santiago de Compostela	9	2	20	2
Total	54	8	84	16

Subvencións da Xunta de Galicia				
	2018		2019	
	Misións comerciais	Particip. en feiras	Misións comerciais	Particip. en feiras
(€)				
A Coruña	357.652,9	161.035,3	453.962,2	341.901,2
Vigo	298.212,8	93.164,5	519.106,0	181.040,9
Santiago de Compostela	89.465,2	47.064,3	247.986,0	38.659,5
Total	745.330,9	301.264,0	1.221.054,2	561.601,6

Fonte: IGAPE

3.3.9.

En relación ao peso relativo por sectores das empresas exportadoras galegas no total estatal, cómpre destacar a importancia relativa do sector de alimentación, que acolle o 8,6% das empresas exportadoras do sector en España, e de maneira especial, a pesca, que concentra o 29,9% do total estatal. Asemade, no ámbito do sector da alimentación salienta o peso relativo das empresas exportadoras cárnicas, que supoñen o 11,8%, e o sector de bebidas, co 10,8%.

Finalmente, no que respecta á promoción das exportacións, o Igape e as Cámaras de Comercio galegas colaboran na posta en marcha das accións Foexga, que

teñen entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.9.**).

No conxunto do ano 2019 volve a rexístrase non só unha medra do número de accións senón tamén das empresas participantes nas mesmas e os países obxecto das actuacións levadas a cabo no marco do Plan Foexga. As distintas cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo neste último ano un total de 100 accións, 38 máis que no ano anterior, das que 84 corresponden

a misións comerciais (54 misións en 2018) e as restantes 16 a participacións en feiras, o dobre das realizadas en 2018.

Segundo os datos facilitados polo Igape, as accións dirixíronse a 69 países, ascendendo o número de participantes a 574, cifras significativamente superiores ás do ano anterior, que se situaban en 53 e 428, respectivamente. A contribución da Xunta será dun máximo de 1.782.655,86 euros (liña subvencionada ó 90%), o que supón un incremento do 70,3% respecto ao ano anterior (736.060,92 euros máis).

Cómpre sinalar que o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con 28 países (21 percententes á UE-27), seguida de África, Asia, América do Sur, Centro América, América do Norte e as Illas do Caribe.

Por último, no concernente á desagregación segundo cámaras, a Cámara de comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía foi a que organizou maior número de accións (40 misións comerciais e 6 participacións en feiras) e a que tivo o maior número de participantes, con 281. Das seis participacións en feiras internacionais, catro corresponderon ao complexo mar-industria, unha ao ámbito da enxeñería e outra de carácter plurisectorial. Doutra banda, a Cámara de A Coruña organizou 32 accións comerciais nas que houbo 188 participantes, destacando que das 8 participacións en feiras, tres pertenceron ao sector da alimentación e outras tres á construción. Por último, organizáronse 22 accións na Cámara de Santiago (105 participantes), das que 20 foron misións comerciais asistindo a dúas feiras, ambas pertencentes ao sector da construción.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores desagregados territorialmente son exclusivamente os que fan referencia ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participación en sociedades galegas non cotizadas.

- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia ascendeu en 2019 ata os 717,7 millóns de euros, o que supón o nivel de investimento máis elevado de toda a serie estatística (1993-2019). Tendo en conta que este investimento en Galicia é case once veces superior ao rexistrado no ano anterior e que no conxunto do Estado descende un 55,9%, o seu peso relativo no total estatal ascende ata o 2,9% cando en 2018 era de tan só o 0,1%. A Comunidade de Madrid concentra o 62,7% do investimento, fronte ao 13,1% de Cataluña e o 7,4% de Castela e León (**cadro 3.3.10.**).

O principal país investidor en Galicia no último ano foi o Reino Unido, con 5,2 millóns de euros (20,9%), seguido por Estados Unidos, con 4,4 millóns de euros (17,9%); Francia, con 4,1 millóns (16,6%) e Italia, Alemaña e México, que superan lixeiramente os 950.000 euros (3,9%).

Dende un punto de vista sectorial, cómpre salientar a importancia do sector de fabricación doutros produtos minerais non metálicos (CNAE 23), que concentra o 69,7% do investimento estranxeiro en Galicia, 500 millóns de euros; seguido pola fabricación de vehículos a motor, remolques e semiremolques (CNAE 29), cun 13,9% do investimento en Galicia (99,9 millóns de euros). Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, o **cadro 3.3.11.** amosa a importancia das actividades de fabricación doutros produtos minerais non metálicos, que representa o 87,2% do investimento estranxeiro no conxunto do Estado nesta actividade; así como a fabricación de produtos metálicos (CNAE 25) e fabricación de vehículos a motor, remolques e semiremolques, que acollen o 47,6% e 40,5%, respectivamente.

Investimento estranxeiro bruto. 2019 ⁽¹⁾⁽²⁾

	Investimento estranxeiro nas CC.AA.			Investimento das CC.AA. no estranxeiro		
	Total	19/18		Total	19/18	
	(en millóns de euros)	(% / España)	(%)	(en millóns de euros)	(% / España)	(%)
Andalucía	970,4	3,9	110,0	520,4	3,1	0,7
Aragón	102,8	0,4	-93,3	22,4	0,1	-98,7
Asturias	117,4	0,5	887,8	875,6	5,2	101,1
Baleares	612,8	2,5	350,2	593,8	3,5	-12,8
Canarias	184,0	0,7	-21,4	0,1	0,0	-99,9
Cantabria	5,9	0,0	-96,8	149,5	0,9	-96,9
Castela e León	1.839,7	7,4	3.765,4	880,4	5,2	1.035,7
Castela-A Mancha	96,6	0,4	-69,2	0,5	0,0	-65,7
Cataluña	3.250,2	13,1	-2,3	1.050,7	6,2	-80,6
C. Valenciana	818,5	3,3	-16,5	177,1	1,0	-86,1
Extremadura	23,0	0,1	93,8	-	-	-
Galia	717,7	2,9	996,4	1.769,2	10,5	-8,4
Madrid	15.543,4	62,7	-67,1	10.583,7	62,6	-48,4
Murcia	47,5	0,2	115,3	19,9	0,1	-39,5
Navarra	125,1	0,5	-36,6	62,6	0,4	-33,3
País Vasco	227,8	0,9	-79,1	200,9	1,2	-82,4
A Rioxa	26,8	0,1	-85,7	-	-	-100,0
Ceuta-Melilla	2,6	0,0	3.841,3	-	-	-
Sen asignar	76,2	0,3	-42,2	-	-	-
Total	24.788,5	100	-55,9	16.906,8	100	-56,4

(consulta: 20-04-2020)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

(2) Invetimentos novos resultado de operacións de non residentes que supoñan: (i) Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. DatainveX

3.3.10.

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2019: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	717.693,5	100	24.788.456,4	100	2,9
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	500.000,0	69,7	573.708,4	2,3	87,2
Fabricación de vehículos de motor, remolques	99.932,8	13,9	246.990,4	1,0	40,5
Fabricación de produtos petálicos, excepto maquinaria	50.951,3	7,1	107.046,6	0,4	47,6
Seguros, reaseguro. Fondos pensión, agás S. Social	42.505,3	5,9	1.049.387,0	4,2	4,1
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	4.359,0	0,6	960.506,4	3,9	0,5
Actividades inmobiliarias	2.847,2	0,4	2.118.174,7	8,5	0,1
Comercio ao por maior e interm. comercio, excepto vehículos a motor	2.811,4	0,4	988.267,1	4,0	0,3
Servizos de aloxamento	2.777,5	0,4	463.370,5	1,9	0,6
Transporte terrestre e por tubería	2.400,0	0,3	40.867,7	0,2	5,9
Investigación e desenvolvemento	1.917,5	0,3	306.502,5	1,2	0,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1.593,1	0,2	192.132,3	0,8	0,8
Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	1.239,1	0,2	542.220,2	2,2	0,2
Construción de edificios	852,4	0,1	544.724,5	2,2	0,2
Industria da alimentación	776,8	0,1	464.860,2	1,9	0,2
Pesca e acuicultura	705,3	0,1	176.103,6	0,7	0,4
Industria química	500,0	0,1	1.243.253,0	5,0	0,0
Comercio polo miúdo, agás de vehículos a motor	451,6	0,1	914.180,8	3,7	0,0
Actividades administrativas de oficina	283,4	0,0	116.143,9	0,5	0,2
Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	247,0	0,0	54.498,1	0,2	0,5
Servizos de comidas e bebidas	228,0	0,0	74.170,9	0,3	0,3
Actividades de construción especializada	101,1	0,0	128.726,8	0,5	0,1
Outros	213,9	0,0	13.482.620,8	54,4	0,0

(consulta: 20-04-2020)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. DatainveX

3.3.11.

Investimento bruto ⁽¹⁾ de Galicia e España no exterior 2019: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	1.769.154,4	100	16.906.758,2	100	10,5
Construcción de edificios	695.924,1	39,3	791.012,3	4,7	88,0
Actividades inmobiliarias	456.239,7	25,8	650.555,2	3,8	70,1
Fabricación de vehículos a motor, remolques	455.980,6	25,8	562.711,2	3,3	81,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	90.630,4	5,1	383.067,2	2,3	23,7
Pesca e acuicultura	16.567,8	0,9	36.280,9	0,2	45,7
Industria da alimentación	10.139,0	0,6	342.069,6	2,0	3,0
Comercio polo miúdo e interm. comercio, agás vehículos motor	9.849,8	0,6	199.659,3	1,2	4,9
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	9.154,4	0,5	1.511.338,5	8,9	0,6
Actividades sedes centrais; Activ. consultoría de xestión	7.409,0	0,4	39.785,7	0,2	18,6
Metalurxia; fabricación produtos ferro, aceiro	6.000,0	0,3	429.664,6	2,5	1,4
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	4.297,9	0,2	758.139,3	4,5	0,6
Industria da madeira, cortiza, agás mobles, cestería	2.451,0	0,1	2.451,0	0,0	100,0
Programación, consultoría, outras activ. relacionadas	2.000,0	0,1	101.605,2	0,6	2,0
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.782,0	0,1	542.969,8	3,2	0,3
Servizos de comidas e bebidas	607,2	0,0	234.533,8	1,4	0,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	100,0	0,0	115.186,9		0,1
Outros	21,6	0,0	10.205.727,7	60,4	0,0

(consulta: 20-04-2020)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte:Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *DatainVex*

3.3.12.

No que respecta ao investimento de Galicia no estranxeiro, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso do 8,4% no último ano, acadando un importe total de 1.769,2 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid. Tendo en conta que esta caída é significativamente inferior á rexistrada no conxunto do Estado (56,4%), o **cadro 3.3.10.** recolle que o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 10,5% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 5,5%.

Estados Unidos é o país que acolle un maior volume de investimento galego no estranxeiro en 2019 con 684,3 millóns de euros, 38,7% do investimento total, seguido de Arxentina, que concentra o 25,8% (456 millóns), e Reino Unido e Portugal, co 13,5% (239,5 millóns) e 12% (211,8 millóns), respectivamente.

O sector máis importante en termos de investimento no exterior é o da construción de edificios (CNAE 41), con 695,9 millóns de euros, o que representa o 39,3% do investimento bruto de Galicia ao exterior, seguido

polas actividades inmobiliarias (CNAE 68) e a rama de actividade de fabricación de vehículos de motor, remolques (CNAE 29), con 456 millóns de euros cada un, o que supón o 25,8% do total galego. Atendendo á súa importancia relativa no conxunto do Estado (**cadro 3.3.12.**), as actividades máis importantes son as de fabricación de vehículos de motor e construción de edificios, que concentran o 81% e 88% da totalidade do investimento nesta actividade no exterior, e a pesca, que concentra o 45,7% do total de investimento exterior estatal nesta actividade. □

